

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 25

SESION ORDINARIA DO 26 DE DECEMBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e seis de decembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velooso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que

asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello convocado para o día de hoxe ás 9:00 horas neste salón de plenos, coa orde do día do 22 de decembro que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quórum e ábrese sesión pública.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (295) ACTAS ANTERIORES (SESIÓNS ORD. 31.10.11 E EXT. URX. 23.11.11).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinaria do 31 de outubro e extraordinaria do 23 de novembro de 2011.

- (296) TOMA DE POSESIÓN DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, D^a ALEXIA MARÍA ALONSO ALONSO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 13 de decembro de 2011, Rexistro Xeral de saída do día 14 do mesmo mes, o Presidente da Xunta Electoral Central, expide credencial expresiva de que se designou concelleira do Concello de Vigo a D^a Alexia María Alonso Alonso, por estar incluído na lista de candidatos presentada polo Partido Popular ás eleccións locais do 22 de maio de 2011, en substitución por renuncia de dona M^a Elvira Larriba Leira.

Ante o Alcalde-presidente e en presenza do Pleno da Corporación, a Sra. Alonso Alonso procede na forma ritual a xurar o seu cargo coa seguinte fórmula:

SRA. ALONSO ALONSO: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

A PRESIDENCIA: Gracias D^a Alexia, ocupe o seu escano. Desexámoslle a mellor das sortes no seu traballo neste Pleno e neste Concello.

- (297) INTERVENCIÓN ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE LAVADORES EN RELACIÓN CON CAMPAÑA DE DISTORSIÓN DE GRUPO DE EX-SOCIOS. EXPTE. 347/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de novembro de 2011, número 347/1101, D. Eduardo Fernández Pérez, en representación da Xunta directiva da AVCD Lavadores, presenta o seguinte escrito:

“A Xunta directiva da AVCD Lavadores solicita a intervención no Pleno Municipal do seu presidente, Eduardo Fernández Pérez. A petición que facemos consideramos que é necesaria para expoñer á Corporación Municipal de Vigo a realidade da situación desta entidade veciñal que é unha das máis antigas e notables do municipio vigués.

A petición ten como obxectivo clarificar a campaña de distorsión que un grupo de ex socios/as, ex presidentes e persoas alleas a esta entidade están a levar a cabo.

Nese mesmo sentido nos diriximos aos grupo políticos que conforman a Corporación Municipal, Partido Socialista, Partido Popular e Bloque Nacionalista, coa mesma finalidade.”

A PRESIDENCIA: De acordo coa súa solicitude, ten a palabra D. Eduardo Fernández Pérez cun tempo de intervención de cinco minutos.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: A Asociación veciñal de Lavadores é unha entidade que

se constituíu o 17 de maio de 1976, unha entidade senlleira que conta con 4.200 socios, familiares incluídos, e 1.950 socios de dereito, é dicir, que teñen dereito a voz e voto. É esta unha entidade que forma parte da Federación veciñal de Vigo pero que non está de acordo coas actitudes, cos comportamentos que está a ter a actual dirección da Federación veciñal.

É unha entidade coñecida en todos os ámbitos políticos da cidade de Vigo e os grupos políticos que a conforman, BNG, Partido Popular e Partido Socialista, son coñecedores de toda a traxectoria desta entidade veciñal. Á parte diso tamén son conscientes e teñen coñecemento de cal é a situación en Lavadores que non é máis ca unha situación de tranquilidade, de avance e futuro, conseguindo cousas para a nosa parroquia que non se conseguiran durante moitos anos. Todo iso produto dunha excelente xestión do anterior goberno municipal que continua presente neste goberno elixido o día 22 de maio. Quero salientar polo tanto que todas as melloras que se produciron neste período en Lavadores, dende que eu son presidente en abril de 2009, débense fundamentalmente ás políticas do goberno bipartito e tamén á xestión que está a facer o actual goberno municipal. Con respecto ao Grupo Popular sinxelamente non vou dicir nada, son coñecedores de toda a situación e só dicir que dende o día seguinte ao que tomei posesión da Presidencia da entidade veciñal de Lavadores, solicitei persoalmente e por escrito de forma reiterada ata hai poucos días unha entrevista co que hoxe é presidente do Partido Popular de Vigo e a día de hoxe non obtiven resposta. Pola contra reciben aos que din que a actual Xunta Directiva é anti-democrática, etc. Esa é unha situación que a entidade veciñal en absoluto tolera.

A asociación veciñal réxese por uns estatutos que a última vez que se reformaron coido que foi no ano 2005 (eu entrei no ano 2009), son estas as normas que regulan o funcionamento da entidade e polo tanto a Xunta Directiva, como máximo órgano entre asembleas, automaticamente toma as decisións que son corroboradas pola asemblea.

A Asemblea de Lavadores decidiu no seu momento a expulsión de tres persoas que estaban relacionas coa entidade "Maiores VilaGalicia", unha entidade que ten estatutos e financiamento propios, que non daba contas á asociación veciñal da súa xestión nin das súas actividades e pola contra durante máis dun ano levábase dedicando a insultar e vilipendiar ao presidente, a toda a Xunta

Directiva e por extensión á entidade veciñal.

A entidade “Maiores de VilaGalicia” non ten espazo en Lavadores. Presentaron unha reclamación perante o xuíz e pedían medidas cautelares para levantar a expulsión e poder volver utilizar os nosos locais. O resultado foi que o xuíz llo denegou. O proceso segue en curso e xa miraremos o que pasa pero en todo caso a Directiva cumprirá co que os xuíces digan no seu momento. De momento o resultado foi ese.

En canto á Plataforma de Lavadores que xorde como opositores, a Xunta Directiva non recoñece a esa plataforma cuxos dirixentes son aqueles que nun acto de covardía non foron quen de asumir a Presidencia da asociación veciñal cando estaba a piques de pechar e así o dicía o boletín, así se dicía por megafonía porque non había ninguén que se fixera cargo da entidade. Sen embargo e curiosamente agora se agrupan e son os mesmos que se unen no reduto da Comunidade de Montes de Lavadores, Comunidade que no seu momento, coido que no ano 2000, chegou a un acordo totalmente fraudulento con outra entidade veciñal para modificar os límites da parroquia de Lavadores, practicamente no corazón de Lavadores no lugar que delimita con Cabral.

A PRESIDENCIA: Rematou o seu tempo, Sr. Fernández.

A intervención do representante da Asociación de Veciños de Lavadores e máis a da Asociación de Xubilados e Pensionistas VilaGalicia débátese conxuntamente, figurando o texto do devandito debate ao final da seguinte intervención.

- (298) INTERVENCIÓN ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA ASOCIACIÓN DE XUBILADOS E PENSIONISTAS VILAGALICIA EN RELACIÓN COA SÚA EXPULSIÓN DA SEDE SOCIAL DA ASOCIACIÓN. EXPTE. 349/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de novembro de 2011, número 349/1101, a Asociación de xubilados e pensionistas VilaGalicia, presenta o seguinte escrito:

“En representación da Asociación de xubilados e pensionistas VilaGalicia solicito poder intervir no próximo Pleno do Concello de Vigo para expoñer a situación anómala que está sucedendo na nosa parroquia e en concreto na Asociación de Veciños de Lavadores.

O motivo principal é a nosa expulsión da sede social da Asociación Veciñal de Lavadores que nos impide facer uso das súas instalacións, pero tamén a expulsión de outros colectivos e socios particulares, ademais de outras irregularidades e comportamentos antidemocráticos que desexamos denunciar.”

A PRESIDENCIA: Rogamos a D. Carlos Mariño Louzán, representante da Asociación de xubilados e pensionistas “VilaGalicia”, que ocupe o estrado.

SR. MARIÑO LOUZÁN: Teño máis de 80 anos, levo máis de trinta e tantos anos nesa asociación, cumprín cos deberes na asociación coas distintas directivas que houbo e teño unha experiencia que podería contar, pero como teño moi pouco tempo vou dar lectura ao escrito que me encomendou a asociación. Nunca pasou isto na asociación durante eses trinta anos, esta división entre os que están ou non de acordo co presidente.

O escrito di o seguinte: “Son Carme García, actual presidenta da Asociación de xubilados e pensionistas “VilaGalicia” de Lavadores. Quérolles agradecer á Alcaldía e aos grupos que compoñen o Pleno municipal esta oportunidade para lles explicar a nosa situación.

A Asociación de maiores creouse pola Asociación veciñal de Lavadores hai vinte anos e foi crescendo, chegando depender da asociación veciñal só por cuestións administrativas.

A Asociación de maiores sempre colaborou no que puido coas diferentes directivas da asociación veciñal ao longo de vinte anos. Para se facer socio da asociación de maiores era indispensable seren socios da Asociación de Lavadores. Sen embargo a partir dos primeiros días deste ano 2011, a inxerencia da directiva veciñal nas nosas actividades fíxose desmesurada e as súas esixencias tamén. Debido ás discrepancias neste sentido a directiva veciñal expulsou á presidenta e ao tesoureiro dos maiores e desaloxou a todo o colectivo dos maiores das dependencias que viñamos utilizando.

Daquela nós dispoñíamos das instalacións dúas horas polas tardes, os martes e venres, o lugar tiña o nome de “Salón para os maiores” ao que hoxe non sei por

que circunstancias se lle chama “Salón azul”, créndose que pintando de azul se nos borra a nós de todo o pasado.

Os estatutos da asociación din que as expulsións non teñen validez mentres que non sexan ratificadas pola Asemblea Xeral, onde teñen que ser lidos os recursos e se ten que probar o dano causado á asociación.

Eu entendo que o dano da asociación foi o que causou a mesma Directiva botando fóra aos seus maiores con toda a súa organización porque se nos está negando poder decidiren e faceren por nós mesmos as nosas actividades. Isto é privar de liberdade a actuación dos asociados.

Non quero deixar de denunciar aquí á Asemblea Xeral do día 10 que foi moi irrespectuosa, na que non se permitiu utilizar os micrófonos que tiña a Directiva e houbo que falar a viva voz con algúns berros dos exaltados e partidarios da actual Directiva. Unha verdadeira vergoña. A Asemblea desenvolveuse moi mal. Os votos non se contaron ben, en troques de contalos en urna fíxose a man alzada. Outra inxustiza.

Nos trinta e cinco anos da asociación esta Asemblea foi a primeira que non se convocou en forma mediante unha circular e polo tanto moitos dos asociados non puideron asistir por non estaren notificados. Isto é unha burla á democracia participativa.

Ao día de hoxe, logo de cinco meses, a Xunta Directiva da asociación veciñal segue a expulsar aos asociados e asociadas e todos aos que nos amparan os estatutos e as leis estamos a promover unha Asemblea Xeral extraordinaria para presentar unha moción de censura a través dunha recollida de sinaturas que deberá ser polo menos do 30%, pero non se nos permite acceder ao censo e non sabemos o número de asociados aínda que, polas contas que fixeron na Asemblea Xeral e polas cotas que se pagan, non deberían de pasar de 2.100 asociados.

Algunhas das irregularidades estatutarias pola que solicitamos Asemblea Xeral extraordinaria son: incumprimento do art. 3, letra 2 “Os estatutos da asociación promoverán a defensa permanente dos dereitos da terceira idade”, sen embargo a directiva veciñal expulsa aos maiores. Incumprimento do artigo 13 “Corresponde a plena soberanía da asociación á Asemblea Xeral”. Na derradeira asemblea xeral déronse graves discriminacións e ademais as votacións non

tiveron as mínimas garantías democráticas porque non se votou en urna e si a man alzada. Incumprimento do artigo 3, parágrafo final: “En todo caso os fins da asociación carecerán de intencionalidade partidista”, cousa que non ocorre nas distintas revistas que se publicaron, sobre todo na revista nº 24 na que por parte da Xunta Directiva se chega ofender a persoas dun xeito non usual e pouco formal vindo de directivos.

O esencial dunha asociación veciñal é a democracia, o respecto á pluralidade política e o trato de igualdade e todos e todas os cidadáns. Sen embargo esta directiva ten un tema impropio: unha soa política, un só presidente e unha soa asociación.

A PRESIDENCIA: Vaia rematando, D. Carlos, por favor.

SR. MARIÑO LOUZÁN: Aproveitando este feito e xa que fixo e está facendo unha cidade tan bonita sobre todo nestas datas, que eu viaxo moito polo Calvario, coas fontes luminosas, aquel paseo da rúa do Príncipe tan alumeado nestas festas..., doulle os parabéns, pero me gustaría que esa mesma luz alumee a todos os que deixan parte parte da súa vida na mellora da sociedade. Paréceme que vostede ten esa mesma finalidade e como a idea de todos é a mesma, non me parece que sexa moito chegaren a un acordo.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Esta intervención vai ter dúas partes. Nun principio quero falar do feito destas comparecencias e logo do tema que nos acaban de expoñer, tanto o presidente da asociación veciñal como o representante da asociación de xubilados VilaGalicia.

En primeiro lugar quero facer unha pregunta aínda que sei que é unha pregunta retórica. Sr. Secretario, estase cometendo hoxe neste Pleno algunha irregularidade? Está o alcalde dalgún xeito vulnerando a legalidade por permitiren, esta vez si, que os colectivos veciñais poidan intervenir neste salón de Plenos? Realmente non, non se está cometendo ilegalidade.

Digo isto porque quero que quede claro diante de todos e todas que a decisión de hai un mes de non permitir que estes colectivos participasen nun Pleno foi unha decisión unilateral e política. Digo isto porque se intentou no Pleno anterior, en

base a un non sei que regulamento ou ilegalidade, impedir que interviñeran estes colectivos.

Sr. alcalde, cando rectifica vostede acerta, cando lle fai caso ao Bloque Nacionalista Galego vostede acerta. Non pasa nada, o público está absolutamente tranquilo. Dous colectivos desta cidade acaban de expoñer o seu problema diante da cidadanía e das formacións políticas que a representamos e non pasa absolutamente nada. Felicítamolo por esa rectificación, igual que insistimos na Xunta de Voceiros que se debería ter convocado aos colectivos o xoves pasado e así se fixo. Cando se fan ben as cousas nós felicitamos ao goberno municipal.

Quero felicitar ao goberno municipal e ao alcalde por tomaren esta decisión. Lamentamos que non o fixera hai un mes porque nos evitaríamos o desenvolvemento daquel Pleno tal como foron as cousas. Acabamos de escoitar a dous colectivos que teñen todo o dereito de expoñer diante dos seus representantes, diante das forzas políticas o que opinan. Felicítámonos porque isto fora así.

En canto ao tema que nos ocupa, o BNG sempre vai apostar pola independencia absoluta e total do movemento veciñal. As forzas políticas, a representación política, a administración local non se pode nin se debe inmiscir xamais en temas que son propios dunha asociación veciñal e do movemento veciñal. Pero Sr. Alcalde e Sr. Concelleiro, cando hai un conflito, cando hai unha asociación como VilaGalicia que leva rexistrada moitos anos nesta cidade, que fixo grandes actuacións en favor dos menos favorecidos e dos maiores da parroquia, cando hai unha asociación veciñal que tal e como di o seu presidente, non só esta directiva senón todas as directivas anteriores levan traballado e moito por un barrio tan populoso e importante como é o de Lavadores, cando hai un conflito deste tipo o alcalde e o concelleiro de Participación Cidadá non poden ver cara outro sitio.

Hai que tentar mediar porque estamos falando dunha asociación que hoxe se ten que reunir de bar en bar (vergoñento) cando hai locais na propia asociación veciñal que poden ser utilizados por esta asociación e sobre todo cando estamos falando de locais sostidos con fondos públicos.

Nós non lle imos dar a razón nin a un nin ao outro colectivo porque repito que a

independencia do movemento veciñal ten que ser absoluta, pero si queremos pedir ao concelleiro de Participación Cidadá e ao alcalde que medien neste conflito, que senten ás dúas partes e que se tente chegar a un acordo para que esta asociación de xubilados poida desenvolver o seu labor como veu facendo ata o momento, nunhas condicións dignas, porque teñen o mesmo dereito que calquera outro colectivo e asociación que vostedes, Sr. Concelleiro e Sr. Alcalde, si que traballan para que teñan locais. VilaGalicia ten exactamente o mesmo dereito. Cando hai un conflito non se pode mirar cara outro lado e hai que tentar solucionalo e mediar, cando menos recibindo a estes colectivos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Polo que coñecíamos, a intervención que fixo o presidente da Asociación veciñal de Lavadores, D. Eduardo Fernández, e tamén polo representante da Asociación de maiores de VilaGalicia, D. Carlos Mariño, non queda xa ningunha dubida de que realmente hai un conflito entre a directiva e esta asociación, pero o que temos de fondo é o dereito á reunión neses locais da asociación veciñal de Lavadores.

Dende o goberno local temos que dicir en primeiro lugar que non é un conflito deste goberno municipal, éo entre asociacións. En segundo lugar que o local no que desenvolve as súas actividades a Asociación veciñal de Lavadores é propio da asociación, hai socios que son accionistas e isto deixou moi claro o presidente na súa intervención, é da propia asociación que non do Concello nin se sostén con fondos públicos. Reciben axudas como calquera outra asociación que teña ou non cedidos locais. Por certo, temos algunhas asociacións que son propietarias dos locais e permitíronlle ao Concello que cinco asociacións poidan estar en cinco locais de seu, pero os locais seguen a ser delas e deciden elas quen están dentro dos seus locais porque son locais desas asociacións, non son nin cedidos.

Dende o goberno municipal reiteramos que este é un conflito interno, non é un conflito deste goberno municipal, non temos nada que ver con ese conflito. Non sei se outros poden dicir o mesmo pero nós non temos nada que ver con ese conflito e non debemos, nin podemos interferir nos seus regulamentos internos, teñen normas para se rexer e o propio representante, Sr. Mariño, dixo que están recabando firmas para realizar unha asemblea e cambiar á actual directiva. Ben,

ese é un procedemento democrático que está perfectamente recollido nos estatutos e esa é a vía.

Agora ben, que pode facer o goberno municipal? Nós estamos en disposición de recibir tanto á asociación de maiores VilaGalicia, como á asociación veciñal de Lavadores; recibilas e tratalas como o facemos con todas as asociacións, con respecto e atendendo sempre as súas demandas en todo aquilo que nos sexa posible. Reiteramos que o primeiro que ten que facer un goberno municipal é respectar as normas de réxime interno que ten cada un dos colectivos e como non pode ser doutro xeito as normas dunha asociación. O outro é inxerencia, é pretender que o goberno municipal insira nun problema que é deles.

O que para nós é desexable é que cheguen á solución do seu conflito a través a mediación ou do que prevén os estatutos: quen teña máis votos é quen dirixe a asociación, como se fai en calquera outro lugar.

O goberno municipal reitera o seu desexo de que haxa un acordo que resolva este conflito e que non se sega agrandando porque hai mecanismos para o solucionar.

Remato insistindo en que non é un conflito deste goberno municipal, nin que este goberno municipal orixinara.

SR. FIGUEROA VILA: O Grupo municipal do Partido Popular tamén quere facer referencia ao que aconteceu na Xunta de Voceiros, non nesta senón na anterior, na que nós lle pedimos ao goberno que todas as solicitudes de comparecencia neste Pleno fosen atendidas dentro do marco do regulamento deste Concello e por suposto igual que se viña facendo ata o de agora.

Parécenos que o goberno non pode tomar unha decisión a favor cando entende que é así ou en contra sen criterio. Parécenos que hai que ter criterios claros e así llo trasladamos ao voceiro do Grupo Socialista. Entendemos que o regulamento deste Concello está para se cumprir, para aplicar as normas que nel se establecen. Fixémoslle ver ao voceiro do Grupo Socialista que, mentres non se diga o contrario, entendemos que deberíamos ter unha xuntanza para fixar criterios sobre o cumprimento do regulamento porque non só está este tema, senón que tamén poderíamos falar das mocións de urxencia que hoxe tamén imos tratar.

Pero mentres non se diga o contrario e non se cambien os criterios coidamos que neste Pleno deben comparecer todos aqueles grupos que soliciten a súa intervención. Mentres non se diga o contrario é no Pleno onde se deben tratar estas cuestións. Coido que aínda queda algún grupo máis que solicitou a comparecencia e que non se atendeu pero agardamos que se cumpra con todos os grupos. Estamos dispostos a sentármonos para falar dos criterios de intervencións no Pleno da Corporación.

Hoxe nos traen aquí unha situación de conflictividade nunha asociación que xa ven de atrás e que parécenos que se debería solucionar. Dende o Concello debemos alentar para que as asociacións poidan utilizar instalacións amparadas e nalgúns casos sustentadas por diñeiro público. Non é de recibo que haxa unha conflictividade deste teor cando hai espazos suficientes para que estes colectivos que reclamaron a intervención poidan levar a cabo as súas actividades. Non é de recibo, como é o caso, que se nunha asociación ou parroquia de Vigo hai asociacións que queren facer as súas actividades que non as poidan facer dentro da propia asociación veciñal. Parécenos un grave erro e dende logo hai que buscar solución.

Nós propoñemos que o goberno medie para que este conflito non vaia máis aló porque debería ter unha solución a curto prazo. Sería o razoable para que todos puideran levar a cabo a súa programación.

Non vou contestar á intervención do presidente da asociación de Lavadores porque xa sei perfectamente onde ten a súa posición, quen é e como actúa. Polo tanto, como a maioría da cidadanía xa o coñece, eu non vou afondar nesas cuestións. Só dicirle que se lle esqueceu que tamén hai un grupo que gobernou esta cidade e que fixo cousas por Lavadores, dende cen vivendas protexidas ata o centro de lecer que está alí, a piscina... Iso levouno a cabo o Grupo municipal do Partido Popular. Só lle quero lembrar iso porque ao mellor a súa memoria non vai máis aló, só vai polo lado partidista que a el lle interesa que é a defensa do Partido Socialista. Supoño que todos temos claro que iso é así.

Pedímoslle ao goberno que medie para que nesta conflictividade entre a Asociación veciñal de Lavadores e a Asociación de xubilados e pensionistas VilaGalicia se poida chegar a un acordo. Iso sería o importante e o que temos que tentar promover os grupos políticos e é o que o noso grupo intentará de aquí en

diante.

A PRESIDENCIA: En relación coas alusións ao alcalde e ao seu comportamento, debo aclarar que as comparecencias neste Pleno se rexen polo artigo 38 do Regulamento de Participación Cidadá que di literalmente: “Calquera entidade inscrita no Rexistro municipal de asociacións poderá manifestar a súa opinión sobre temas de especial transcendencia nas sesións do Pleno da Corporación”. Non estou moi seguro de que este conflito sexa de “especial transcendencia” para este Pleno, pero en todo caso a Xunta de Voceiros na última sesión fixou un criterio que eu acepto de que comparezan todas aquelas asociacións que o soliciten con independencia do que expoñan. Fixouse un criterio que o alcalde acepta, que pode ou non compartir e de feito non o comparte porque coido que as comparecencias no Pleno deben ter un punto de interese global para a cidade, pero a Xunta de Voceiros comparte esa interpretación e eu vouna aceptar.

Polo tanto a partir de agora na orde do día e por rigorosa quenda e orde de entrada no rexistro, procederase a un número de comparecencias que fixará o alcalde en función da duración do Pleno e aparecerán na orde do día.

Débolle aclarar ao Sr. Figueroa que nestes momentos non hai ningunha petición pendente. A que había retirouse porque tiña que ver cunha cuestión que se arranxou razoablemente e polo tanto coa seguinte comparecencia péchase a lista das que estaban pendentes.

A partir de agora o criterio asumible, criterio como outro calquera que este alcalde asume, é que comparecerá como di o regulamento: “calquera entidade inscrita no Rexistro municipal de asociacións”.

- (299) INTERVENCIÓN ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DA FEDERACIÓN DE AAVV EDUARDO CHAO PARA EXPOÑER A SITUACIÓN DA FEDERACIÓN. EXPTE. 379/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 1 de decembro de 2011, número 379/1101, D. Xabier Pérez Igrexas, secretario da Federación de AAVV Eduardo Chao e actuando no nome da Comisión Permanente da devandita

asociación, presenta o seguinte escrito:

“Que a FAVEC leva meses reclamando ao Goberno municipal a subscripción dun convenio de colaboración no que se consigne unha achega económica anual, se a que non é posible o mantemento da actividade e servizos que desenvolve a Federación Veciñal, entidade declarada de utilidade municipal e que aglutina a 36 asociacións veciñais da cidade.

Que desde o 18 de xullo pasado solicitamos a realización dunha xuntanza co alcalde para abordar este asunto e que aínda non obtivemos resposta. Así mesmo o pasado 17 de novembro entregouse por Rexistro municipal unha proposta de convenio á que o Goberno municipal aínda non deu resposta.

Que o Pleno do Concello ten acordado recentemente por maioría instar ao Goberno municipal, tanto a sinatura do convenio solicitado, como a recibir á maior brevidade á representación directiva da FAVEC. Os referidos acordos plenarios á día de hoxe non se executaron e tampouco se deu por parte do Goberno municipal ningún paso orientado á súa execución.

É por iso que solicita:

Que, ao abeiro do Regulamento de participación cidadá o Concello de Vigo e da restante normativa municipal que lle sexa de aplicación, que unha persoa representante designada pola Comisión Permanente da Federación veciñal interveña na vindeira sesión plenaria do Concello para poñer en coñecemento do Pleno Municipal a situación da que se dá conta no apartado expositivo do presente escrito.”

A PRESIDENCIA: No nome da Federación veciñal de Vigo “Eduardo Chao” ten a palabra D. Carlos Formigo Oliveira cun tempo de intervención de cinco minutos.

SR. FORMIGO OLIVEIRA: Estou aquí representando á Federación “Eduardo Chao” que aglutina trinta e seis asociacións veciñais, o que supón a representación de máis de trinta mil familias viguesas e configura unha das principais organizacións sociais da nosa cidade.

O obxecto desta intervención é dar conta diante do máximo órgano político e institucional de Vigo da grave situación que está a atravesar o movemento veciñal e en especial a Federación veciñal.

Dende o 19 de xuño do pasado ano cando a actual dirección da FAVEC mantivemos a primeira xuntanza co Sr. Alcalde, transmitímoslle o noso firme compromiso para manter unha interlocución fluída entre o goberno que preside e

a Federación. Saudamos de xeito satisfactorio que aquela reunión supuxera o inicio dunha nova etapa tras moitos meses de profundos desencontros. Advertímoslle de xeito ben claro, con total franqueza, que entendíamos esa interlocución como un espazo de diálogo, dende a Federación se lle transmitiría ao goberno municipal as súas demandas, inquedas, propostas e tamén críticas. Nesa xuntanza explicámoslle de xeito bastante detallado a grave situación económica que estaba a atravesar a Federación. A súa resposta daquela foi, tal e como consta nas hemerotecas, trasladarnos o seu compromiso para prover á federación unha achega económica estable, pero ese compromiso aínda non se materializou a día de hoxe.

Dado que durante as últimas semanas houbo un cruzamento de declaracións arredor dos cartos recibidos pola FAVEC, preciso aclarar dunha vez por todas este extremo dende o meu coñecemento directo como tesoureiro da mesma.

Durante o ano 2011 as únicas axudas económicas recibidas do Concello pola FAVEC foron 17.990 euros da Concellería de Participación Cidadá e 20.000 euros da Concellería de Igualdade do ano 2010. Así mesmo, hai poucos días o Concello xirou á Federación a cantidade de 6.000 euros como aprovisionamento para a realización das xornadas veciñais de Muller deste ano, realizadas en novembro, e para a posta en marcha dun programa formativo en materia de Igualdade. Temos os xustificantes desas cantidades. A suma destas cantidades é de 43.990 euros, menos da metade dos falsos 90.000 euros aos que fixo referencia tanto o concelleiro de Participación Cidadá, como o propio alcalde. É máis, o concelleiro falou de 96.000 euros como poden ver na nota de prensa dese día.

Todas estas achegas teñen por obxecto a execución de actividades ou proxectos concretos e polo tanto non poden ser destinadas, como saben, a financiar gastos de estrutura, persoal, técnicos, servizos profesionais e gastos correntes que a federación ten.

Sr. alcalde, señoras e señores concelleiros, traballamos para a veciñanza e facémolo dunha maneira altruísta. Desenvolvemos proxectos e programas para as asociacións veciñais que sen nós serían imposibles. Dado que existe unha acreditada e indiscutible traxectoria de actividade ao servizo da cidade e dado que estamos a falar dunha entidade social sen ánimo de lucro, entendemos que é xusto e razoable que o Concello de Vigo axude a financiar esta actividade. Tan

xusto e razoable como o son os convenios que vostede, Sr. Alcalde, asinou con outros colectivos da cidade ao longo destes meses, como Fundación Érguete, Agrupación de Centros Culturais, Rede de Mulleres contra os malos tratos ou as tres centrais sindicais, acordos que non cuestionamos pero que nos suscitan a seguinte pregunta: Por que o goberno municipal se nega a asinar un convenio de colaboración coa FAVEC cando si o fai con outras entidades?

Mais retomando o fío deste lamentable relato, xorde outra cuestión aínda máis concreta: Que cambiou dende o 19 de xuño de 2010 cando vostede, Sr. Caballero, se comprometeu positivamente co financiamento da FAVEC? Nós pensamos que disto só cambiou a nosa postura con respecto ás taxas ou con respecto ao transvase do río Verdugo.

Rachou unilateralmente a interlocución e suspendeu todo compromiso adquirido para o sostemento económico da entidade, iniciando en paralelo unha dura campaña de agresión a través de descualificacións e falsidades das que xa falamos. Tal feito supón unha vulneración da democracia e é un tanto intolerable á participación cidadá.

A nosa resposta fronte isto é ben sinxela. O movemento veciñal non se vai dobrar e vai seguir sen se someter á ningunha forza política, xa sexa de goberno ou de oposición. Seguiremos a defender aquilo que coidamos o mellor para a veciñanza e para os nosos barrios malia quen lle pese. Mais ese exercicio de insubornable independencia non é óbice para lle esixir ao goberno municipal que rectifique e proceda á sinatura dun convenio.

A PRESIDENCIA: O seu tempo rematou folgadamente.

SR. FORMIGO OLIVEIRA: A FAVEC no mes de marzo pechará as portas por falta de financiamento.

Agradecemos esta oportunidade que se nos dá e dicir que estamos dispostos a reunírmonos con vostede, Sr. Alcalde, cando vostede queira. Mañá, poña vostede a hora, hoxe mesmo ao remataren este Pleno... Cando vostedes queiran.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de entrar no tema quero matizar, Sr. Alcalde, que non houbo ningún cambio de criterio na Xunta de Voceiros, iso é

falso. O que houbo na Xunta de Voceiros foi a mesma petición feita por min ca petición que a miña compañeira, Sra. Veloso, fixo na anterior Xunta de Voceiros. Non é certo que aquí se establecera un criterio de que agora podería intervir todo o mundo porque ao longo de todo este mandato e do anterior interveu nesta sala calquera colectivo independentemente de cal fose o tema.

Por poñer un exemplo quero lembrar que neste salón de Plenos interveu a ANPA do colexio de Santa Rita por un tema concreto e específico do seu colexio, que non era un tema de interese xeral para a cidade e nin sequera había nesa intervención ningunha referencia a un punto da orde do día.

Digamos as cousas como as hai que dicir porque non houbo cambio de criterio. Houbo unha decisión unilateral de seu de que estes colectivos non interviñeran no anterior Pleno e hai unha decisión unilateral de seu, por petición da Xunta de Voceiros que nós agradecemos, de que estes colectivos hoxe si poidan estar diante do Pleno. Hai que dicir as cousas exactamente como suceden.

Aquí temos un tema que ten moito que ver coa participación democrática e coa democracia participativa. Señores do goberno municipal, a democracia non só se exerce emitindo un voto cada catro anos cando se realizan unhas eleccións. Os que cremos na democracia real, cremos que a democracia tamén se exerce todos os días dende os colectivos veciñais e sociais, dicíndolles e indicándolles aos distintos gobernos e formacións políticas co que se está e co que non se está de acordo. Un goberno democrático o que ten que facer é escoitar mesmo as críticas dos distintos colectivos, ten que atender a esas demandas e a esas críticas, gusten máis ou menos. Iso é un goberno democrático. Un goberno democrático ten que aceptar e respectar a todos os colectivos por igual independentemente das súas ideas e tamén do que defendan en cada momento.

Non fagamos eufemismos porque toda a cidadanía sabe o que aconteceu, está moi claro. Vostedes, Sr. Alcalde e o Sr. Concelleiro, cando esta Federación veciñal tomou posesión dixeron publicamente que ían colaborar con ela, que agora ía haber unha federación veciñal que traballaría para esta cidade.

Nos primeiros días todo eran parabéns para esta nova directiva por parte do goberno e por parte do concelleiro de Participación Cidadá. Non cambiemos as cousas porque o que aconteceu foi que a Federación Veciñal, que está lexitimada para presentar publicamente calquera tipo de proposta, cando se aprobaron as

taxas fixo unha proposta distinta da de seu, como tamén da nosa. A vostedes, Sr. Alcalde e Sr. Concelleiro, iso molestoulles.

Molestoulles que o fixera a Federación Veciñal que ao mellor coidaban que a ían poder controlar e a Federación veciñal con toda lexitimidade presentou unha proposta de subida de taxas distinta á do goberno municipal e tamén distinta á que defendeu o BNG.

Pero o BNG aínda que non estea de acordo con esa proposta non deixa de recibir á Federación veciñal. Tampouco estabamos de acordo coa anterior Federación nalgunhas propostas e seguimos subvencionándoa porque iso é a democracia real e participativa. Hai que subvencionar e facilitar que estes colectivos teñan medios para traballar sempre que o seu traballo sexa beneficioso para os veciños e veciñas.

Un goberno democrático e un presidente dunha Corporación democrática ten tamén que cumprir os acordos desta Corporación. Esta Corporación acaba de aprobar hai un mes que vostede, Sr. Alcalde, se reunira no prazo máis breve posible coa Federación, que a atendera e que asinara un novo convenio. Iso tamén é presidir democraticamente unha corporación, cumprir os acordos.

A PRESIDENCIA: Con respecto á cuestión metodolóxica das intervencións débolle dicir que este criterio de temas de especial transcendencia das sesións do Pleno da Corporación aplicouse en algunha ocasión e se quere lle podo citar algunha de memoria: Alecrín, Casa de mulleres maltratadas, solicitou unha comparecencia que ao goberno do mandato anterior lle pareceu que non obedecía a cuestións de interese xeral, que o tema xa se tratara aquí e non compareceu. A partir de agora e por criterio de Xunta de Voceiros si que se aplicará o criterio de que comparecerán todos os colectivos que o soliciten.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Dende o goberno municipal queremos deixar claro, tras das declaracións na prensa e agora tamén logo da intervención do tesoureiro da FAVEC, D. Carlos Formigo, que a Federación de asociacións veciñais “Eduardo Chao” está perfectamente atendida por este goberno municipal. Insisto en que a Federación veciñal leva cobrado ata o de agora 50.000 euros deste goberno municipal e ten aprobada en Xunta de Goberno outra cantidade de 45.000 euros,

en total 95.000 euros. Se iso non é atender a unha asociación que alguén o demostre, ademais o podo detallar partida a partida: xornadas veciñais 20.000 euros, enquisas para actividades 17.990 euros, 18.000 euros de Move Vigo, 11.998 euros como subvención de Fomento ao asociacionismo aprobada o venres pasado e que cobrarán, en exposicións 7.074 euros que o Sr. Tesoureiro esqueceu mencionar e 2.780 de Moxenas. Polo tanto a Federación veciñal “Eduardo Chao” está perfectamente atendida. O que o alcalde lle dixo no seu momento foi que estaba disposto a financiar programas concretos.

Aquí se fala dun financiamento da FAVEC que eu coido que cando menos sería ilegal ou irregular porque o que se terán que financiar son actividades, cousas concretas para precisamente fomentar o asociacionismo.

Recentemente concedéuselles a todas as asociacións 600.000 euros de axudas neste ano. O alcalde deste goberno municipal, Abel Caballero, si cumpre co movemento veciñal.

Esta Federación veciñal tiña que ser primeiro un pouco coherente, non vir aquí propoñer unha rebaixa de impostos cando ela propón un incremento do convenio do ano 2008 dun 32%, un convenio que era de 54.000 euros e agora solicitan 72.000 euros. Este é un goberno da austeridade, que só ten seis liberados, que ten que velar polos euros, polos cartos públicos de todos os vigueses e viguesas. Hai que ter un mínimo de coherencia porque nun momento de crise non se pode pedir que se rebaixen os impostos e ao mesmo tempo que se incremente un convenio de financiamento nun 30%.

Estes son os tempos da austeridade, tempos nos que realmente hai que ver que se fai co diñeiro público e a atención e o bo uso dese diñeiro público, como fai este goberno municipal. Esa austeridade tampouco pode poñer en risco o funcionamento das asociacións veciñais. É máis, cada euro para a Federación veciñal “Eduardo Chao” vai restado ao resto das asociacións, menos queda para as asociacións.

Nós facemos a proposta de que as demais asociacións veciñais lle pasen ese diñeiro á Federación veciñal “Eduardo Chao”, que llo cedan para a súa xestión porque a nós ningunha asociación veciñal, nin as federadas en “Eduardo Chao”, nin as non federadas, nin unha soa nos veu pedir polo convenio da Federación “Eduardo Chao”, falla a primeira que nos dixera ao goberno municipal que

asináramos ese convenio de 72.000 euros e restar eses cartos das achegas que nos fan para actividades propias. Nin unha soa. Se a Federación veciñal “Eduardo Chao” lle parece pouco recibir durante o ano 2011 unha achega deste goberno municipal de 95.732 euros, non sei como imos facer. Todos estes datos están na contabilidade do Concello.

Non me quero referir agora ás achegas do ano 2010 porque igual os veciños se escandalizan.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, con respecto ao tema da Xunta de Voceiros, nós seguimos a manter o mesmo criterio de sempre. Saben vostedes que nos últimos meses do mandato anterior este grupo non participou na Xunta de Voceiros porque esta tomaba decisións que logo vostede non ratificaba. Xa lle dixemos ao Sr. López Font na última Xunta de Voceiro que o que queríamos era un criterio, o que fose. Nós estamos dispostos a aceptar o que a maioría decida como non pode ser doutro xeito.

Pero o que pasa é que vostedes teñen un grave problema de fondo, que cando teñen maioría aceptan o que di a Xunta de Voceiros e cando non din que esa maioría non está establecida no Regulamento e que as normas non a sustentan. É unha cuestión de fondo, vostede ten que entender que ten un goberno sen maioría e polo tanto que para sacar temas importantes na defensa desta cidade dependen doutros grupos, neste caso dun máis ca do outro, pero é así. Iso é o que lles cambia a vostedes as súas intencións, é única e exclusivamente o que está pasando neste Pleno. Estou convencido que de teren vostedes unha maioría de goberno estable seguramente estas intervencións no Pleno non se farían.

Con respecto á intervención do representante da Federación Veciñal vostedes dixeron publicamente unhas cousas, faláron duns apoios, pero o único que se está mostrando aquí é que hai un malestar pola parte de moitos colectivos veciñais. Témonos que remontar a hai máis de trinta anos cando nesta cidade se constitúe de xeito formal o movemento veciñal que é unha das características fundamentais da cidade. A súa pluralidade, participación e presenza é o que seguramente nos leva facer outra política distinta doutras cidades, non só de Galicia senón de España.

Se aquí hai algo fundamental que mesmo nos leva aos gobernos ás veces a

cambiar de opinión, é esa presenza dese movemento veciñal que é forte, está consolidado, que ten voz, opina e que toma parte en moitos temas decisivos da cidade e ademais toma parte activa e de xeito coherente. Polo menos o noso grupo do Partido Popular sempre tivo iso en conta e seguirao a ter. Cremos na presenza do movemento veciñal e a súa voz gústenos ou non.

A vostedes cando lles gusta, cando tocan a mesma sintonía ca vostedes están en liña favorable e cando non, cando hai o máis mínimo comentario en contra, parece que vostedes fan acoso e derruba do movemento veciñal, é dicir, parece que os que están con vostedes moi ben e aos que non os hai que castigar. Iso é o que non podemos permitir baixo ningún concepto e é o que está pasando o estase a mostrar hoxe neste Pleno, que están en acoso e derruba de todas aquelas asociacións ou colectivos que non están na súa liña de actuación ou que non están coa voz do alcalde. É grave porque se demostra claramente que se está coaccionando, tentando incidir entre os colectivos para levar acabo ese acoso e derruba. Non o imos permitir baixo ningún concepto.

En moitas ocasións non estamos de acordo cos colectivos ou coas cousas que din pero o noso estilo, o noso talante é tentar escoitar por veren se teñen razón e mellorar ou senón tamén dar a nosa opinión en contra, que non pasa absolutamente nada. Non temos que estar sempre de acordo, penso que mesmo é bo que non esteamos de acordo porque ao final nos poden facer ver cousas que moitas veces o noso grupo ao mellor non ten claro.

Pedimos que dunha vez por todas deixen falar e opinar aos colectivos e non acosen nin derruben aos que non teñen a súa mesma opinión. Vigo caracterízase pola pluralidade, pola participación e o movemento veciñal xoga un papel decisivo dentro da toma de decisións desta cidade.

Penso que todos os grupos políticos debemos manter este criterio e por suposto tamén a Corporación do Concello de Vigo e dun xeito especial o seu alcalde.

Alcalde, non lle ten que molestar que un colectivo non opine igual ca vostede.

A PRESIDENCIA: En todo caso a este respecto quérolle aclarar que o informe do secretario do Pleno que os grupos coñecen di con respecto ao Pleno anterior: “Ningún dos asuntos que constaba na orde do día do Pleno do día 28 de novembro afectaba directa ou indirectamente nin á Asociación de xubilados

“VilaGalicia”, nin á Asociación veciñal de Lavadores, nin á CIG-Servizos. Dende este punto de vista as peticións de intervención non se amparaban nese requisito, motivación suficiente para a súa denegación”.

Quere isto dicir que con respecto ao regulamento do Concello aquelas peticións non encaixaban, pero é certo que acabamos de asumir unha decisión da Xunta de Voceiros.

En todo caso eu si lle quero dicir a este Pleno e á cidade que gobernos anteriores, diante a constancia de posicións distintas nalgún Pleno, levaron a algunha persoa aos tribunais ata conseguir a súa condena. Este goberno ata o de agora xamais levou a ninguén aos tribunais por disentir nun Pleno. Antes de falar é bo ter boa memoria e saber que diante dalgún Pleno difícil neste Concello houbo un goberno que levou a persoas concretas diante dos tribunais para conseguir a súa condena.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se realizaron.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (300) ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO PRESUPOSTO, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2011. EXPTE. 101843/140 (359/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 6 de outubro de 2011, o interventor xeral municipal emite o seguinte informe relativo ao estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao terceiro trimestre de 2011, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, regra 105 da orde EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de

execución orzamentaria para o ano 2011, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o organo que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro semestre do ano, recollendo nos citados estados o rexistro dos feitos contables ata o 30 de setembro de 2011, aínda que pode haber algún ingreso que se producise efectivamente nos últimos días do mes de setembro que non foi obxecto de rexistro contable na Tesourería por razóns de operatividade ou por descoñecerse a súa procedencia, estando polo tanto pendente a súa aplicación e que se reflectirá nos estados correspondentes o terceiro trimestre.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflexa a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

Axúntase o estado de recadación do exercicio corrente e pechados.

En canto aos estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

As institucións consolidadas son: A entidade local, o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Axúntase igualmente un estado consolidado relativo a recadación e pagos tanto do orzamento corrente como de pechados.

Sen prexuízo do informado con ocasión da liquidación orzamentaria do 2010 e ó orzamento do ano en curso ó cal me remito, cumpre subliñar agora que a situación financeira correspondente aos organismos autónomos Xerencia Municipal de Urbanismo e Instituto Municipal dos Deportes, xa se ven advertindo que se poden presentar problemas de liquidez no último trimestre do ano. A liquidación orzamentaria dos mesmos correspondente ao exercicio 2010, arroxou

un remanente de Tesourería para gastos xerais negativo no caso da Xerencia de Urbanismo e un resultado orzamentario tamén negativo no Instituto Municipal dos Deportes, sendo necesario adoptar medidas orzamentarias para facer fronte a ambas situacións, non sendo posible a redución do orzamento do estado de gastos para dar cobertura ao déficit xerado polo remanente de Tesourería negativo ou, de xerar unha maior liquidez ca prevista nos estados de ingresos orzamentarios, máis ben, é posible co resultado tanto en termos de dereitos recoñecidos como de recadación estea por debaixo das previsións de ingresos anuais nos dous organismos.

Estes desaxustes nos ingresos en ambos organismos, poden xerar unha situación extraordinaria de falla de liquidez na derradeira parte do ano, que non se manifestou ata agora por se ter suprido coa achega ordinaria municipal, transferíndose xa a totalidade dos recursos previstos para todo o ano.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e educación, na súa sesión do 19 de decembro, tomou coñecemento de todo o anterior.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos aquí para falar de números, de contas, para dicir o que fixo este goberno na cidade de Vigo nos últimos meses, ata outubro deste ano. Unha vez máis os datos volven ser claros e contundentes.

Estamos diante dun dos mellores orzamentos da cidade e unha das mellores execucións do orzamento nesta cidade. Os datos contables amosan que o orzamento situouse a 30/09 en 266 millóns de euros, que nesa data xa estaban executados máis de 160 millóns de euros, dos que 26 correspondían a investimentos. Unha das notas que destaca é que a porcentaxe de pagamentos destas obrigas executadas é dun 98%, o que demostra o bo estado de liquidez deste Concello que é quen de facer fronte a todas as súas facturas, que non deixa a ninguén no camiño e que non se deixa a ninguén sen pagar. Todas as execucións están pagadas. Ademais todos os expedientes que se tramitaron ata esta data sumaban os 200 millóns de euros, un 70% do orzamento, e os investimentos tamén se situaban nun 32% do orzamento.

Os datos tamén volven seren claros cando falamos de ingresos, demostrando que as previsións que fai este Concello non son á lixeira, senón que son realistas porque a 30 de setembro a porcentaxe de execución de ingresos situábase xa nun 80%, cumprindo polo tanto as expectativas.

Pero cando falamos destes números do que falamos é de realidades, non son estes números abstractos, non son sinxelamente contas, non son sumas e restas senón que o que hai detrás son realidades, actuacións, humanizacións, parques, xardíns... Falamos polo tanto de investimentos como os do Proxecto Urban de Teis, pero falamos de humanizacións de case un cento de rúas: Travesía de Vigo primeira fase, Sanjurjo Badía, Manuel de Cominges, Vázquez Varela, rúa Oporto, rúa Cangas, rúa Salvaterra, rúa Asturias, rúa Mestre Montes, Monderán, Aragón, Couto de San Honorato, San Roque, Frago, Martínez Garrido, Ramón Nieto, Ramón Pino, Severino Cobas, Manuel Álvarez, ou a rehabilitación da conserveira Garabilla, entre outras. Pero tampouco queremos deixar de lado as melloras do abastecemento no Areal ou tamén a reforma das rúas López Mora, Pi y Margall ou en Santa Cristina.

Estas son só algunhas das actuacións que se fixeron este ano xa rematadas, pero tamén o estado de execución amosa todas esas adxudicacións que están agora en proceso e polo tanto en Mesa de Contratación, falamos da rúa Panamá, avenida Castelao, rúa Brasil, Aragón, Pintor Colmeiro, Martínez Garrido, Ramón Nieto, Maraño, Pelayo, Teis, rúa Pino, Esperanto, Severino Cobas e Manuel Álvarez. Actuacións estas que suman máis de 30 millóns de euros en só nove meses.

Pero esa é só a parte relativa a humanizacións. No orzamento recóllense moitas máis cousas ata eses 200 millóns. Recóllense todas as melloras nas zonas verdes, recoñécese a recuperación de tremedais como o da Bouza, recoñécese os pagamentos que xa fixemos para os alleamentos en Severino Cobas, as subvencións que demos para as melloras nos fogares; a modo de exemplo recóllense os máis de trinta parques bio-saudables que se colocaron nesta cidade e lembremos que no ano 2007 había cero; parques bio-saudables que están en Balaídos, Beade, Bembrive, Bouzas, Calvario... e podería seguir relatando.

Tamén no estado de execución se recollen todos eses parques infantís que lembro que hai catro anos ningún deles cumpría a normativa, hoxe están totalmente actualizados, remodelados e se había corenta e sete, este ano temos o dobre, temos oitenta. Tamén todas as melloras en pistas deportivas en Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, O Calvario, Castrelos. Non quero esquecer os máis de mil bancos que se puxeron este ano para lles ofrecer o descanso aos nosos

maiores.

Pero falamos de moito máis, das 450 bolsas para que os estudantes vigueses poidan facer inmersión lingüística, das axudas a emprendedores por 100.000 euros, dos 501 traballadores que recibiron cursos de formación e que están inseridos; falamos do servizo de asistencia domiciliaria, dos campamentos infantís gratuítos que lles ofrecemos á nosa mocidade demostrando unha vez máis que este é un Concello que ofrece servizos, que é o menos endebedado, o que máis inviste e o que ten menos presión fiscal.

SRA. BRAVO BOSCH: Vexo que o Sr. Alcalde fai moito caso dos informes do secretario municipal, co que agardo que preste a mesma atención aos informes do resto dos funcionarios municipais.

Logo do dito pola Sra. Concelleira de Economía e Facenda si lle quero facer algunha puntualización con respecto ao informe que teño diante do interventor xeral municipal sobre o expediente do que estamos a falar.

Con ocasión da liquidación orzamentaria do ano 2010 e do orzamento do ano en curso, o interventor xeral falaba da situación financeira dos organismos autónomos Xerencia Municipal de Urbanismo e IMD-Instituto Municipal dos Deportes, aos que me vou referir en profundidade. Son estes organismos os que teñen maiores problemas de liquidez no último trimestre do ano e a Tesourería xa arroxou un remanente negativo no caso da Xerencia de Urbanismo e un resultado orzamentario tamén negativo no Instituto Municipal dos Deportes.

Hai que lembrar que o Sr. Interventor di no seu informe que non é posible a redución do orzamento do estado de gastos para dar cobertura ao déficit xerado polo remanente de tesourería negativo. Estou vendo a liquidación do orzamento do exercicio de 2010 do IMD e tamén da Xerencia Municipal de Urbanismo e gustaríame lembrar que non creo que ter case tres millóns de euros en negativo sexa algo como para botar foguetes e dicir que en realidade iso sexa positivo. O estado de remanente de Tesourería son dous millóns menos, 2.714.000€ na Xerencia Municipal de Urbanismo, o que non fala moi positivamente de como se está a levar esta xestión.

A concelleira de Facenda falou de todo o positivo, do que están a facer, pero a cuestión é que teñen que xestionar o orzamento, teñen que facer caso destes

informes técnicos que non falan deste estado de execución do ano 2011. Xa o facían no informe de liquidación de orzamento de 2010 e teñen que solucionar os problemas para reducir de forma significativa os déficits de orzamento neses dous organismos. Están a falar sempre de que hai que atender aos informes que fan os funcionarios e eu teño que dicir que lin catro informes dende o ano 2010 que falan precisamente destes problemas de xestión que teñen estes dous organismos dentro do que é a institución consolidada.

Se me permiten, dentro deste estado de execución do exercizo que estamos a ver agora mesmo e dentro da recadación de exercicios pechados, é dicir, dos ingresos de exercicios anteriores, vía dentro dos tributarios que só se cobrou un 3,04%. Isto significa que vostedes están a manter acotío ingresos difíciles de cobrar, cunha execución que meses despois de pechar o exercicio só se cobrou un 6,64%. Están a inflar as contas?

Xa sabían perfectamente que estes créditos non son doados de cobrar, sabían perfectamente que non teñen ningunha posibilidade, pero os manteñen e estamos a falar de moito diñeiro pendente de cobramento, de noventa e sete millóns de euros que se os manteñen no orzamento claro que mesmo lle poderían facer un favor a algunhas das asociacións que están aquí presentes e darlles moitos máis cartos. Por que non, se teñen na Xerencia de Urbanismo un déficit de moita máis cantidade da que están a falar aquí? Pero si falamos dentro da liquidación do orzamento de ingresos consolidados, sumando a recadación líquida do exercicio corrente coas dos exercicios pechados, temos máis de noventa e cinco millóns de euros.

Vostedes están pagando con financiamento bancario e saben perfectamente que iso non se mantén no tempo. Non se pode facer, non o fan co diñeiro que teñen recadado, senón co financiamento dos bancos. Aquí traemos un cadro de todo o financiamento, de todos os créditos que levan pedido nestes anos. É moi fácil, cantos máis créditos pides máis oportunidades hai precisamente de levar a cabo todo este tipo de negociacións. Xa consumiron máis dun 80% da liquidez do Concello, non creo que sexan capaces de manter este ritmo cara o novo orzamento.

Agora, con ironía e sen ela, sería moi doado que xa que falan desa democracia participativa, lle permitiran ao Grupo municipal do Partido Popular intervir nesa

negociación dos orzamentos do ano 2012. Coñecemos o que vai vir polos xornais, non temos ningún tipo de invitación para coñecer da súa man que vai haber nes proximos orzamentos co que o único que podemos facer é estar á espera. Insistimos en que negocien, en que atendan aos informes dos técnicos e procuren que non sexa tanto o crédito que pidan, senón que sexan austeros co que teñen nas arcas municipais.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dóeme dicir que lamento que teña tan poucos coñecementos de contabilidade. Dicía unha amiga, enténdase ben, que a ignorancia é moi atrevida, é dicir, o non saberen che atreve a dicir cousas que son falsas.

Con respecto aos préstamos saben perfectamente que é a Lei de estabilidade orzamentaria a que permite concertar un crédito na medida en que se amortizan préstamos, non se pode ir máis aló. Polo tanto cumprimos a Lei de estabilidade orzamentaria e iso que estamos pagando e amortizando tamén son préstamos da Sra. Porro. Vexa ben todos os anos e decatarse que tamén son préstamos de anos anteriores nos que tamén estivo Manuel Pérez porque absolutamente todos concertaron créditos e na Deputación mesmo por riba das amortizacións, incumprindo a Lei de estabilidade orzamentaria.

Vostede di que a ver se damos conta de todos os informes. Sempre demos conta de todos os informes. Digan algún caso no que non o fixeramos. Eu si podo dicir que vostedes non daban conta dos estados de execución.

No tocante aos problemas de liquidez, a súa é unha opinión tan válida como calquera outra. Advertíase que podía haber problemas de liquidez, que non ía haber tesourería. Eu acábolle de confirmar que o 98% dos pagamentos están realizados, mesmo nalgún sitio chegaron falar de problemas de nóminas e todas as nóminas pagáronse. Polo tanto igual a alguén lle interesaba dicir que podía haber problemas de liquidez cando este goberno amosa que non existen.

Con respecto aos créditos de dubidoso cobramento, aprovisiónanse e é unha norma contable cando hai que poñer créditos de dubidoso cobramento, está establecido cando son de dubidoso cobramento e cando se aprovisionan, é dicir, ponse unha nota positiva e ponse tamén en negativo aos que son de dubidoso cobramento; súmase e réstase e polo tanto cero. Todo o que acaba de dicir é

unha falacia. Coido que vostede nin sabe realmente o que dixo.

Os orzamentos de 2012 non veñen a conto, pero xa que vostedes falan de todo o que non ven a conto, infórmolles que seguen exactamente o procedemento normal e regulamentado, o mesmo procedemento que seguiron todos os anos e que seguiu o propio Partido Popular cando gobernaba. Eu quero saber se a Deputación puxo nalgún momento os orzamentos ao dispor da oposición antes de que os aprobara o propio goberno. O primeiro paso é o de aprobalos o goberno e o segundo paso comunicarllos á oposición, ao resto dos grupos políticos, ao resto dos cidadáns, etc. O primeiro paso é a aprobación dos orzamentos polo propio goberno como xa saben vostedes.

Pero eu tamén sei que non creo que vostedes estean a favor deles porque o ano pasado ou hai catro, tres ou dous anos tampouco o estiveron. Si lles digo que as dúas palabras claves que van ir neste próximo orzamento serán: austeridade e emprego, algo que vostedes xamais fixeron na Deputación.

A Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación do presente expediente.

3.2.- (301)RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, PROPIEDAD MUNICIPAL NÚMERO 668, PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 19380/240 (371/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 9 de decembro, o xefe do servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada, emite o seguinte informe-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das administracións públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento

de bens das entidades locais (RBEL).

- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei Hipotecaria do 8 de febreiro de 1946 (LH).

ANTECEDENTES

Primeiro.- No Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo do Pleno do 4 de maio de 1993, consta no seu epígrafe I- Bens inmobles co C. Propiedade 000668 a seguinte parcela: Denominación: Praza Pública PERI Praza Elíptica; sita na Trav. Marqués de Alcedo nº 1 de Vigo; clasificada coa natureza de uso público; Lindeiros: norte, Finca 5D, c/de acceso, finca nº 6 e vía subterránea; sur, beirarrúas e zona verde entre fincas 1,2 e 3; leste, vía rápida subterránea e subsolo Fernando Conde; oeste, finca 5D e subsolo rúas Nicaragua e Fernando Conde; descrición :finca para praza pública de 3.750 m2; inscrita no Rexistro da Propiedade no tomo 915, folio 75, Ffnca 66565 Inscrición 1ª.

Segundo.- De acordo cos informes emitidos polos servizos técnicos municipais en data 11.11.2011 e 27.11.2011, na actualidade dita parcela dispón de maior cabida e levouse a cabo a súa edificación construíndose o edificio chamado Praza Elíptica, para fins comerciais e aparcadoiro, respondendo coa seguinte descrición:

“A parcela de propiedade municipal destinada na súa superficie a Praza Pública e con subsolo destinado a fins comerciais, usos terciarios e aparcadoiro, situada no polígono delimitado polo PERI Praza Elíptica, dunha superficie de 7.400 m2, baixo rasante, adxudicouse ao Concello no expediente de reparcelación do ámbito do PERI I-5 Praza Elíptica, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión realizada o 15 de abril de 1991, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, e ten os seguintes lindeiros:

- *NORTE: Unidade de financiamento nº 3, subsolo da rúa Bolivia, bloque nº 6, acceso a soto aparcadoiro e bloque nº 5.*
- *SUR: Subsolo entre os bloques núms. 1, 2 e 3.*
- *LESTE: Subsolo da rúa que une ás rúas de Fernando Conde e Pai Don Rúa, unidade de financiamento núm. 3 e bloque núm. 6.*
- *OESTE: Con bloque núm. 6, bloque núm. 5 e subsolo da rúa que enlaza a rúa Nicaragua coa Travesía de Marqués de Alcedo.*

– *Sobre a devandita parcela construíuse o edificio coñecido como Praza Elíptica, que está situado baixo a cota da hoxe denominada Praza Francisco Fernández del Riego e rúas adxacentes. Está composto de 6 plantas, plantas 1 e 0, destinadas a fins comerciais, planta -1, destinada a garaxe-aparcadoiro, planta -2 a comercial e garaxe-aparcadoiro e plantas -3 e -4 a garaxe-aparcadoiro. A edificación encóntrase en bo estado de conservación.*

– *De acordo coa documentación obrante no expediente de solicitude de licenza de obra, E-31358-421, solicitada por PRAZADOURO, S.L., e o proxecto redactado polos arquitectos D. Alberto Cameselle Lago, D. Alberto de Cominges*

Molíns e D. Pedro de la Puente Crespo, o presuposto de execución material da obra ascende a 790.390.749,00 pesetas. En datas 14 de febreiro e 3 de decembro de 2008, o adxunto ao director dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, valora as obras executadas no momento do outorgamento da concesión a PRAZADOURO, en 466.519.084 pesetas (sen IVE). Á vista do anteriormente exposto, o custe real da obra ascende a 1.256.909.833,00 pesetas (sen IVE), que equivale a 7.554.180,24 € (sete millóns cincocentas cincuenta MIL CENTO OITENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS). A data de finalización da construción, de acordo co certificado final da dirección de obra é do 19 de maio de 2000."

A Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 25.05.2000 acordou a recepción provisional da edificación, sendo asinada a correspondente acta de recepción en data 16. 06.2000.

No Rexistro da Propiedade nº 5 consta inscrita a parcela coa descrición anteriormente sinalada no tomo 915, folio 75, finca 66.565, inscrición 3ª.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación Local, co visto bo do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

Segundo.- Así mesmo, as administracións públicas deben inscribir nos correspondentes rexistros públicos os bens e dereitos do seu patrimonio, sexan de natureza demanial ou patrimonial, que sexan susceptibles de inscrición, así como todos os actos e contratos referentes aos mesmos que poidan ter acceso a ditos rexistros (artigo 36.1 LPAP).

A inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ao dominio e demais dereitos reais sobre bens inmobles practícarase no Rexistro da Propiedade (artigo 1 LH) e terá que practicarse de conformidade co previsto na lexislación hipotecaria e na LPAP. Neste sentido, as operacións de agrupación, división, agregación e segregación de fincas practícaranse mediante traslado da disposición administrativa en cuxa virtude se verifiquen ou mediante a certificación prevista no artigo 206 LH, sempre que non afecten a terceiros (artigo 37.1 e 2 LPAP).

Terceiro.- Consecuentemente, procede no presente caso a actualización dos datos cos que consta a parcela nº 668 no Inventario municipal, rectificando seu asento co fin de adecualos á realidade física e xurídica resultante do informado polos técnicos municipais, no que atinxe a súa cabida e a dar de alta a

construción existente.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do acordo de rectificación e alta inventarial dos dereitos obxecto do presente expediente o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Visto o anterior o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE

Primeiro.- Rectificar o Inventario municipal de bens e dereitos, no epígrafe 1 inmobles, a propiedade número de código 000668, praza pública PERI Praza Elíptica, de acordo coa seguinte descrición:

- Parcela destinada na súa superficie a praza pública e con subsolo destinado á fins comerciais, usos terciarios e aparcadoiro, situada no polígono delimitado polo PERI Praza Elíptica, dunha superficie de 7.400 m², baixo rasante, adxudicada ao Concello no expediente de reparcelación do ámbito do PERI I-5 Praza Elíptica, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello en sesión realizada o 15 de abril de 1991, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo, tomo 915, folio 75, finca 66565 inscrición 3ª, e os seguintes lindeiros:
- NORTE: Unidade de financiamento núm. 3, subsolo da rúa Bolivia, bloque nº 6, acceso a soto aparcadoiro e bloque nº 5.
- SUR: Subsolo entre os bloques nº 1, 2 e 3.
- LESTE: Subsolo da rúa que une as rúas de Fernando Conde e Padre Don Rúa, unidade de financiamento nº 3 e bloque nº 6.
- OESTE: Con bloque nº 6, bloque nº 5 e subsolo da rúa que enlaza a rúa Nicaragua coa Travesía de Marqués de Alcedo.

Segundo.- Dar de alta na propiedade municipal nº 000668 do IMBD, a seguinte edificación:

- Urbana: Edificio coñecido como “Praza Elíptica”, para fins comerciais e

garaxe-aparcadoiro, situado baixo a cota da denominada Praza Francisco Fernández del Riego e rúas anexas, cunha superficie de ocupación de 6.780 m² para unha superficie total edificada de 34.849 m², consta de 6 plantas destinadas a planta 1 e 0 a fins comerciais, a planta -1 a garaxe-aparcadoiro, a planta -2 a comercial e garaxe-aparcadoiro, e as plantas -3 e -4 a garaxe-aparcadoiro. Ano de construción: 2000 (acta de recepción 16.06.2000). Clasificación xurídica: Ben demanial-uso público. Estado conservación: bo. Valoración: 7.554.180,24 euros.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade interesando a inscrición rexistral da edificación denominada “Praza Elíptica” referida no punto segundo.

3.3.- (302) EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE OFICIO DA TITULARIDADE MUNICIPAL DE VARIOS VIAIS NO ÁMBITO APR 5-39 VÍA NORTE. EXPTE. 19160/240 (358/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 9 de novembro de 2011, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, emite o seguinte informe proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- I. L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- II. L 33/2003 do 3 novembro, do Patrimonio das administracións públicas (LPAP)
- III. L 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. (LRXAP e PAC).
- IV. RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de bens das entidades locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1º.- Pola Xerencia Municipal de Urbanismo en data 24 de marzo de 2011 interesouse o inicio dun expediente de investigación, de acordo co disposto no art. 45 da LPAP, referente aos seguintes viais situados no APR 5-39-Vía Norte, reflectidos nos planos de deslinde (E. 1:500) que achega: Travesía da Horta; Rúa Pino Interior; Rúa Navarra Interior; e Rúa Navarra continuación, ó considerar que

existen indicios do seu carácter público segundo as comprobacións levadas a cabo, aínda que non constan no Inventario municipal de bens e dereitos como vías públicas municipais, e coa finalidade de determinar a súa titularidade.

2º.- O Servizo de Cartografía emite informe en data 01.04.2011 describindo ditas vías do seguinte xeito:

1.- TRAVESÍA DE HORTA:

Superficie destinada a camiño público de 111, 50 m2 á que se accede dende a Rúa Pino, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña de 27,15 metros coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección no Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Travesía de Horta 2	4262503NG2746S0001 TQ	Ignacio Rivas Sánchez e irmán	Ignacio e Indalecio Rivas Sánchez
Travesía de Horta 4	4262504NG2746S0001 FQ	José Ramón Soto Alonso	o mesmo
Travesía de Horta 6	4262505NG2746S0001 MQ	Dolores Ureña González	Mª Celia Ureña Ri-vas e Dolores Ure-ña Gonzáles

Sur: en liña de 25,45 metros coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección no Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Pino 131	4262509NG2746S000 1DQ	Mª Rosa Cernadas Castro José Mnel. Cernadas Castro Nuria Cernadas Ponte Veloso	
Travesía Horta 1-3	4262508NG2746S000 1R	Beatriz Mariño Lamela	

Leste: coa Rúa Pino

Oeste: en liña de 4,57 metros coa seguinte parcela:

PARCELA: Dirección no Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Travesía Horta 5-7	4262506NG2746S000 1OQ	SLINK S.L.	

2.- PINO INTERIOR:

Superficie destinada a camiño público de 347,57 m2 á que se accede dende a

Rúa Pino, entre os números 113 e 121, cunha lonxitude quebrada total duns 75 metros, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña quebrada de 77,70 metros coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Pino 121	4262523NG2746S0008M I	Cmdade. Prop. de Pino 121	
Pino 117	4262524NG2746S0001 WQ	SLINK S.L.	
Pino 115	4262525NG2746S0001A Q	José Rodríguez Martín	o mesmo
Pino 113 (I)	4262526NG2746S0001B Q	Camilo Canda Gómez	o mesmo
Pino 111 (I)	4262527NG2746S0001Y Q	SLINK S.L.	o mesmo

Sur: en liña quebrada de 76,71 metros coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Pino 113	4262530NG2746S0001 YQ	Com. Prop. de Pino 113	
Pino 111	4262531NG2746S0001 GQ	Com. Prop. de Pino 111	
Pino 109	4262532NG2746S0001 QQ	Camilo Canda Gómez	
Pino 107	4262533NG2746S0001 PQ	SLINK S.L.	
Pino 105	4262534NG2746S0001 LQ	Alfonso Ares Moares	
Pino 103	4262535NG2746S0001 TQ	Margarita Pazo Blanco	
Pino 101(I)	4262529NG2746S0001 QQ	María Sánchez Cabo	Luis Sánchez Cabo M ^a Carmen Moreira Moreira
Pino 99(I)	4262528NG2746S0001 GQ	Francisco Torres Vázquez	o mesmo
Pino 97 (I)	4262539NG2746S0001 KQ	José Carlos de Miguel Martínez	
Pino 95	4262540NG2746S0001 MQ	SLINK S.L.	

Leste: coa Rúa Pino

Oeste: en liña de 5,49 metros coa seguinte parcela:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL

Pino 93	4262557NG2746S0001 AQ	José Carlos Martínez Reguera.	o mesmo
---------	--------------------------	----------------------------------	---------

3.- NAVARRA INTERIOR (A):

Superficie destinada a camiño público de 193,60 m² á que se accede dende o encontro entre a Rúa Navarra e Pino, entre os números 14 da Rúa Navarra e 87 da Rúa Pino, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña descontinua coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Navarra 2	4262544NG2746S0001 DQ	Manuel Vidal Pérez	
Navarra 6	4262546NG2746S0001I Q	SLINK S.L.	o mesmo
Navarra 8	4262548NG2746S0001 EQ	SLINK S.L:	o mesmo
Navarra 12	4262550NG2746S0001J Q	Manuel Vidal Pérez	

Sur: en liña descontinua coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Navarra 14	4262551NG2746S0001 EQ	Hermelinda, Dolores e Manuel Vidal Pérez Rosa María Vidal Otero	os mesmos máis Eulogio Pablos Vidal
Navarra 16	4262552NG2746S0001 SQ	Hermelinda Vidal Pérez	a mesma

e coas Rúas Navarra e Pino

Leste: coa Rúa Pino e coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Pino 87	4262543NG2746S0004 UR	Comunidade de Propietarios	
Navarra 2	4262544NG2746S0001 DQ	Manuel Vidal Pérez	
Navarra 4	4262545NG2746S0001 XQ	Manuel Vidal Pérez	o mesmo

Oeste: en liña de 5,49 metros coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
-----------------------	------------------	-----------------------	--------------------------

Rueiro			
Navarra 10	4262549NG2746S0001 SQ	Hermelinda Vidal Pérez	división de propietarios herdeiros
Navarra 12	4262550NG2746S0001J Q	Manuel Vidal Pérez	o mesmo
Navarra 14	4262551NG2746S0001 EQ	Hermelinda, Dolores e Ma-nuel Vidal Pérez Rosa María Vidal Otero	

4. NAVARRA CONTINUACIÓN (B):

Superficie destinada a camiño público de 74,70 m², cunha lonxitude duns 28 metros en continuación da Rúa Navarra, cos seguintes lindeiros:

Norte: coa Rúa Navarra entre os números 25 e 13.

Sur: nun fronte de 2,05 metros coa parcela seguinte:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Navarra 23	4161629NG2746S0001 IQ	SLINK S.L.	

Leste: en liña quebrada de 27,76 metros, coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Navarra 15	4161633NG2746S0001 JQ	SLINK S.L.	o mesmo
Navarra 17	4161632NG2746S0001 IQ	Antonio Vázquez Ramos	
Navarra 19	4161631NG2746S0001 XQ	Antonio Vázquez Ramos	
Navarra 21	4161630NG2746S0001 DQ	SLINK S.L.	

Oeste: en liña de 28,53 metros coas seguintes parcelas:

PARCELA: Dirección Rueiro	NUMERO CATASTRAL	PROPIETARIO CATASTRAL	PROPIETARIO REXISTRAL
Navarra 25A	4161624NG2746S0001 OQ	SLINK S.L.	
Navarra 23(E)	4161625NG2746S0001 KQ	SLINK S.L.	
Navarra 23(D)	4161626NG2746S0001 RQ	Antonio Vázquez Ramos	
Navarra 23 (C)	4161627NG2746S0001 DQ	SLINK S.L.	o mesmo
Navarra 23 (B)	4161628NG2746S0001	SLINK S.L.	o mesmo

	XQ		
--	----	--	--

3º.- O servizo de Fomento informou en data 01.04.2011 e 06.10.2011 sobre os servizos cos que contan ditos viais, achegando a información emitida ao efecto polas distintas entidades e dependencias municipais (Telefónica, Aqualia, Electromecánicos e taller de Vías e Obras).

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

1º.- As entidades locais, na súa condición de administracións públicas de carácter territorial e na esfera das súas competencias, teñen a potestade de investigación, deslinde e recuperación de oficio dos seus bens (art. 4.1.d da LRBRL).

Neste senso, a LPAP no marco das facultades e prerrogativas recoñecidas ás AAPPP para a defensa e protección do seu patrimonio, dispón a da investigación da situación dos bens e dereitos que presumiblemente poidan formar parte do seu patrimonio, coa finalidade de determinar a titularidade dos mesmos, cando non conste esta de xeito certo (art. 41.1.a) e art. 45 LPAP).

2º.- O procedemento administrativo para o exercicio da potestade investigatoria, ven regulado no RBEL nos art. 45 e seguintes, establecéndose no seu art. 46 a posibilidade do seu inicio por vía de denuncia ou de oficio pola propia Corporación a iniciativa, no seu caso, de calquera outra administración que en virtude dos deberes de información mutua e colaboración, poña en coñecementos dos feitos, actos ou circunstancias que sirvan de base ao exercicio da acción.

Así mesmo a LRXAP e PAC sinala que os procedementos poderán iniciarse a solicitude de persoa interesada ou de oficio por acordo do órgano competente, por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos ou por denuncia (arts. 68 e 69.1 LRXAP e PAC).

3º.- A competencia para a adopción do acordo de inicio do expediente de investigación das vías sitas no ámbito da actuación urbanística APR 5-39-Vía Norte: Travesía da Horta; Rúa Pino Interior; Rúa Navarra Interior; e Rúa Navarra continuación, como a resolución do mesmo, ven atribuída ao Pleno Municipal nas súas facultades para o exercicio das accións xudiciais e administrativas no seu ámbito (art. 123.1.m. da LRBRL).

O acordo do inicio do expediente deberá publicarse no BOP con expresión das características identificadoras da parcela obxecto de investigación, con exposición no taboleiro de anuncios do Concello durante un prazo de quince días, dando traslado ás administracións Autonómica e do Estado, e notificación a terceiros afectados.(art. 49 e 50 RBEL)."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

S.Ordinaria 26.12.11

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Iniciar expediente de investigación de oficio da titularidade municipal das seguintes vías no ámbito do APR 5-39-VIA NORTE :

TRAVESÍA DE HORTA: Superficie destinada a camiño público de 111, 50 m2 á que se accede dende a Rúa Pino, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña de 27,15 metros coas seguintes parcelas:

- Travesía de Horta núms: 2 (ref. catastral 4262503NG2746S0001TQ); 4 (ref. catastral 4262504NG2746S0001FQ) e 6 (ref. catastral 4262505NG2746S0001MQ).

Sur: en liña de 25,45 metros coas seguintes parcelas: Rúa Pino 131 (ref. catastral 4262509NG2746S0001DQ) e Travesía de Horta 1-3 (ref. catastral 4262508NG2746S0001R).

Leste: coa Rúa Pino.

Oeste: en liña de 4,57 metros coa seguinte parcela: Travesía de Horta 5-7 (ref. catastral 4262506NG2746S0001OQ).

RÚA PINO INTERIOR: Superficie destinada a camiño público de 347,57 m2 á que se accede dende a Rúa Pino, entre os números 113 e 121, cunha lonxitude quebrada total duns 75 metros, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña quebrada de 77,70 metros coas seguintes parcelas:

Rúa Pino núms: 121 (ref. catastral 4262523NG2746S0008MIDQ); 117 (ref. Catastral 4262524NG2746S0001WQ); 115 (ref. catastral 4262525NG-2746S0001AQ); 113(I) (ref. catastral 4262526NG2746S0001BQ); e 111(I) (ref. catastral 4262509NG2746S0001DQ) .

Sur: en liña quebrada de 76,71 metros coas seguintes parcelas:

Rúa Pino núms: 113 (ref. catastral 4262530NG2746S0001YQ); 111 (ref. catastral 4262531NG2746S0001GQ); 109 (ref. catastral 4262532NG2746S0001QQ); 107 (ref. catastral 4262533NG2746S0001PQ), 105 (ref. catastral 4262534NG-2746S0001LQ); 103 (ref. catastral 4262535NG2746S0001TQ); 101(I)(ref. catastral 4262529NG2746S0001QQ); 99(I) (ref. catastral 4262528NG2746S0001GQ); 97(I) (ref. catastral 4262539NG2746S0001KQ);e 95 (ref. catastral 4262540NG2746S0001MQ).

Leste: coa Rúa Pino.

Oeste: en liña de 5,49 metros coa seguinte parcela: Rúa Pino nº 93.

RÚA NAVARRA INTERIOR (A): Superficie destinada a camiño público de 193,60 m² á que se accede dende o encontro entre a Rúa Navarra e Pino, entre os números 14 da Rúa Navarra e 87 da Rúa Pino, cos seguintes lindeiros:

Norte: en liña descontinua coas seguintes parcelas:

Rúa Navarra núms: 2 (ref. catastral 4262544NG2746S0001DQ); 6 (ref. catastral 4262546NG2746S0001IQ); 8 (ref. catastral 4262548NG2746S0001EQ); e 12 (ref. catastral 4262550NG2746S0001JQ).

Sur: en liña descontinua coas seguintes parcelas: Rúa Navarra núms: 14 (ref. catastral 4262551NG2746S0001EQ) e 16 (ref. catastral 4262552NG2746S0001SQ), e coas rúas Navarra e Pino.

Leste: coa Rúa Pino e coas seguintes parcelas: rúa Pino 87 (ref. catastral 4262543NG2746S0004UR); Rúa Navarra 2 (ref. catastral 4262544NG2746S0001DQ) e 4 (ref. catastral 4262545NG2746S0001XQ).

Oeste: en liña de 5,49 metros coas seguintes parcelas: rúa Navarra núms: 10 (ref. catastral 4262549NG2746S0001SQ); 12 (ref. catastral 4262550NG2746S0001JQ) e 14 (ref. catastral 4262551NG2746S0001EQ).

RÚA NAVARRA (CONTINUACIÓN): Superficie destinada a camiño público de 74,70 m², cunha lonxitude duns 28 metros en continuación da Rúa Navarra, cos seguintes lindeiros:

Norte: coa Rúa Navarra entre os números 25 e 13.

Sur: nun fronte de 2,05 metros coa parcela seguinte: Rúa Navarra 23 (ref. catastral 161629NG2746S0001IQ).

Leste: en liña quebrada de 27,76 metros, coas seguintes parcelas:

Rúa Navarra núms: 15 (ref. catastral 4161633NG2746S0001JQ); 17 (ref. catastral 4161632NG2746S0001IQ); 19 (ref. catastral 4161631NG2746-S0001XQ) e 21 (ref. catastral 4161630NG2746S0001DQ).

Oeste: en liña de 28,53 metros coas seguintes parcelas: Rúa Navarra núms.: 25A (ref. catastral 4161624NG2746S0001OQ); 23(E) (ref. catastral 4161625NG2746S0001KQ); 23(D) (ref. catastral 4161626NG2746S0001RQ); 23(C) (ref. catastral 4161627NG2746S0001DQ) e 23(B) (ref. catastral 4161628NG2746S0001XQ).

Segundo.- Someter polo procedemento regulamentario a información pública o

presente acordo, dando traslado do mesmo á Xunta de Galicia e Administración do Estado, e notificación aos interesados.

3.4.- (303) DESAFECTACIÓN DO RAMAL DO CAMIÑO SUBIDA Á MADROA-CANDEÁN, FOLLA NÚMERO 23-22. DESESTIMACIÓN. EXPTE. 18423/240 (374/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 9 de decembro de 2011, o xefe do Servizo de Patrimonio, coa conformidade da concelleira delegada, formula o seguinte informe-proposta:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- V. L 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de téxime local (LRBRL).
- VI. L 5/1997 do 22 de xullo de Administración local de Galicia (LALG).
- VII. L 33/2003 do 3 de novembro de Patrimonio das administracións públicas (LPAAPP).
- VIII. L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. (LRXAP e PAC).
- IX. RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- X. L 4/1994 do 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- XI. RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de bens das entidades locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

1º.- D. José Iglesias Conde, D. Pablo Iglesias Conde, D. Angel Iglesias Conde e Da. Otilia Iglesias Conde, en escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 09.09.2011, solicitan (reiterando outra anterior do 2008) a desafectación, descatalogación e rectificación do Inventario municipal do camiño denominado “Subida á Madroa”, ó considerar que é de titularidade privada concorrendo os requisitos de oportunidade e legalidade que xustifican a súa desafectación, figurando erroneamente inventariado como público.

2º.- Remitido o expediente a informe do arquitecto da oficina técnica de Patrimonio, informou en data 23.09.2011 sinalando que se trata dun camiño conformado por peches e con firme de formigón, que remata en finca particular, e atópase afectado polas aliñacións do viario do Plan Xeral vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- Consonte ao disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio

público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local.

O camiño obxecto de reclamación trátase dun ramal do Camiño Subida á Madroa que serve de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, que figura grafiado como vía pública na folla nº 23-22 do Inventario municipal de viais públicos aprobado por acordo plenario de data 04.05.93, inventario que na súa aprobación seguiu o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación á inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario, e conseguintemente a condición demanial atribuída. En consecuencia, dito ramal do camiño subida á Madroa foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo Plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

2º.- Os interesados presentan unha desafectación de dito camiño baseada nunha reclamación sobre o carácter privado do mesmo. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do demanio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino a un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta derradeira característica da súa vinculación ou non a un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ao uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens, ao non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución está reservado á xurisdición ordinaria.

Neste senso, pódese sinalar que dito camiño non só ven sendo destinado ó uso

público como camiño municipal, senón que dita afectación a eses fins mantense no Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente que o reflicte como vía pública fixándolle aliñacións, circunstancia que en si mesma supón a non concorrencia de razóns de oportunidade que poidan xustificar a alteración da súa natureza xurídica polo seu vencellamento ó viario público que fai o planeamento vixente. Isto sen prexuízo de que no presente caso poida resultar de aplicación o previsto no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como administración pública, de protexer e defender aos seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

3º.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente de alteración da cualificación xurídica e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 269 e 278 LALG, e 34 RBEL).

Visto o anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 19 de decembro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a solicitude de D. José Iglesias Conde, D. Pablo Iglesias Conde, D. Angel Iglesias Conde e Da. Otilia Iglesias Conde de desafectación ao viario público e rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos do ramal do camiño Subida á Madroa (folla nº 23-22) na parroquia de Candeán, por se tratar

dunha vía pública de titularidade municipal e resultar afectada polas aliñacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente.

POLÍTICA SOCIAL, CULTURA E DEPORTES

3.5.- (304) PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DE DATA 14.12.11, DE NOMEAMENTO DE D. ROBERTO RELOVA QUINTEIRO COMO VOCAL DO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 367/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de decembro, número de Rexistro 367/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular comunica o cambio de representante do devandito grupo no padroado da Fundación Museo de Arte Contemporáneo de Vigo.

Con data 14 do mesmo mes, á vista do expresado no anterior escrito, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Nomear como representante do Concello de Vigo no Padroado da Fundación "Museo de Arte Contemporánea de Vigo" (MARCO), a don Roberto Relova Quintero do Grupo municipal do Partido Popular, en substitución de dona M^ª Elvira Larriba Leira.

Segundo.- Comunicar o correspondente acordo á Fundación MARCO, ao concelleiro nomeado e aos grupos municipais.

3.6.- (305) CONVENIO DE COLABORACIÓN CO IGVS AO OBXECTO DE PRÓRROGA DO PRAZO DE VIXENCIA DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 375/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 5 de decembro, documento núm. 110157112, o xerente do Consorcio Casco Vello de

Vigo, remite certificación do acordo adoptado polo Consello de Administración do devandito Consorcio en sesión do 1 do mesmo mes, polo que se aprobou o texto do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e o Solo e o Concello de Vigo, así como a súa remisión ás entidades consorciadas para a súa aprobación de ser o caso.

O secretario xeral do Pleno , co data 16 de decembro, emite o seguinte informe:

“Lexislación aplicable:

- LBRL. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- LALGA. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

Antecedentes:

O artigo 6 dos Estatutos do CCVV sinala que este ente público local terá unha vixencia de seis anos a contar dende o día seguinte á publicación dos seus Estatutos no Diario Oficial de Galicia.

Os Estatutos publicáronse en data do 16/03/2005, polo que, en principio, a súa disolución tíñase que ter producido en data de 16/03/2011.

En sesión de data 24/02/2011 o Consello de Administración acordou a prórroga do CCVV ata a data de 31/12/2011.

No expediente consta certificación do acordo do Consello de Administración do CCVV, adoptado en sesión ordinaria de data 01/12/2011 onde, por unanimidade dous seus membros, aprobouse o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en virtude do cal, novamente, se prorroga o prazo de vixencia do Consorcio ata a data de 30/06/2011. O convenio remitiuse aos dous entes consorciados ao obxecto de que os órganos competentes de cada un deles adoptaran os acordos correspondentes.

O artigo 122.5.e) 3º da LBRL sinala que será preceptivo o asesoramento legal do secretario do Pleno naqueles asuntos nos que se esixa unha maioría especial. A mesma norma no seu artigo 123.1.f) indica que corresponde ao Pleno os acordos relativos á *participación* en organizacións supramunicipais, este precepto, no apartado 2., advirte que tal acordo de participación debe adoptarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno. Cumprimentando este mandato legal emítese o seguinte,

INFORME

As denominadas “organizacións supramunicipais” non son de exclusivo carácter territorial (Áreas Metropolitanas ou Mancomunidades) tamén a transcendencia do

S.Ordinaria 26.12.11

mero ámbito municipal pode ter un carácter asociativo con outros entes públicos para acadar obxectivos e fins comúns, caso dos consorcios. É mais, o artigo 2 da LALGA concibe a os Consorcios, Áreas Metropolitanas e Mancomunidades, a todos eles, nun mesmo plano, como entes locais non territoriais.

O artigo 6 dos Estatutos do CCVV advirte que o prazo de vixencia do ente público será de seis anos e que este poderá prorrogarse previo acordo dos entes consorciados.

No caso do Concello de Vigo este acordo debe adoptarse polo Pleno pois do que se trata é de prolongar a participación, a cooperación, do Concello no CCVV, ente supramunicipal.

O convenio remitido adecúase ao ordenamento xurídico polo que non existe inconveniente legal para a súa aprobación que, como se ten dito, deberá acadarse co voto favorable do número legal de membros da Corporación (maioría absoluta), a tal efecto fórmase a seguinte,..."

A seguir e polo anteriormente exposto, o secretario xeral do Pleno formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a citada proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar o convenio de colaboración remitido polo Consorcio Casco Vello de Vigo a subscribir entre o Concello de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo que ten como fin prorrogar o prazo de vixencia do Consorcio Casco Vello ata a data do 30/06/2011, co seguinte texto:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO
E O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE O QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO
CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

En Santiago de Compostela a de de 2011

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en calidade de Presidente do Instituto Galego da Vivenda e Solo en virtude da atribución que lle confire o art. 4 do

Decreto 317/2009, de xuño, polo que establece a estrutura orgánica do IGVS. en concordancia co Decreto 81/2009, do 19 de abril, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia

Doutra parte, o Concello de Vigo, e na súa representación o Alcalde-Presidente, Sr. Abel Ramón Caballero Álvarez, con competencias para asinar este convenio segundo o disposto no art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 24 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento, e para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en adiante IGVS) é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, do 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

Segundo.- Con data 3/02/2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Consorcio Casco Vello de Vigo".

Con data 1/10/2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Con este convenio se modifica a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo polo que o IGVS pasa a ocupar o lugar que deixa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As aportacións das entidades consorciadas quedaron do seguinte xeito:

- IGVS	27.000.000,00
- Concello de Vigo	3.000.000,00
- Total	30.000.000,00

Deste modo o Consorcio está participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

Na sesión do 28/11/2006 do Consello de Administración do Consorcio do Casco

Vello de Vigo acordouse por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo feito que se acordou pola comisión liquidadora, nomeada para elo, na súa sesión do 17/07/2007.

Terceiro.- No art. 6 dos estatutos, sinalase que o Consorcio se constitúe por un período de 6 anos que comezan a contar dende o día seguinte á publicación dos estatutos no DOG (feito que se produciu o 16/03/2005) polo que a súa disolución se debería producir o 16/03/2011. Sen embargo, co convenio asinado o 1/10/2007 no que se modifican as participacións e se reaxustan as anualidades ata o 2011, non inclúe unha data de vixencia polo que o Consello de Administración na súa sesión do 24/02/2011 acordou por unanimidade que o convenio asinado o 1/10/2007 supoñía a prolongación do Consorcio ata o 31/12/2011.'

Nestes momentos estase a negociar a modificación dos estatutos do CCVV e mentres se tramita e aproban é preciso unha prórroga por outros 6 meses polo que se estende a súa vixencia ata 30/06/2012, mantendo durante este período as designacións vixentes na actualidade nos órganos representativos do Consorcio.

Ao abeiro do exposto, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Única.- O presente convenio ten por obxecto prolongar a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 30/06/2012.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que puidesen xurdir en aplicación do presente convenio.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data citados supra.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (306) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETER A AMPLIACIÓN DO COLEXIO A.R. CASTELAO E O PECHE EXTERIOR DO COLEXIO JAVIER SENSAT, ASÍ COMO A CUBRICIÓN DAS PISTAS DEPORTIVAS DOS DOUS COLEXIOS. EXPTE. 366/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 10 de decembro, número 366/1101, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formula a seguinte moción:

“Dende o BNG queremos reiterar a nosa preocupación pola falta de compromiso do goberno da Xunta de Galicia co ensino público e cos centros escolares da nosa cidade.

O CEIP Alfonso Rodríguez Castelao está situado nunha zona de Vigo que sufriu un incremento exponencial de poboación nos últimos anos. O barrio de Navia conta cunha forte poboación de xente moza e, polo mesmo, de nenos e nenas nas súas primeiras etapas de escolarización. Debido a este crecemento do barrio, o seu colexio, o CEIP Castelao, fica pequeno para as necesidades de poboación actual. Isto queda perfectamente explicado no texto debatido o 28 de xullo de 2008 nunha sesión plenaria do Concello de Vigo onde se afirma: “Este colexio foi aumentando progresivamente o seu número de alumnos nos últimos anos, debido ao crecemento da poboación da parroquia. Quedáronse pequenas as dependencias auxiliares: comedor, ximnasio, sala de usos múltiples e aula de informática...” Como é lóxico, tres anos despois esta situación só foi a peor e, neste momento, as aulas están completas e existe unha grande demanda que non pode acceder ao colexio.

Ademais, o colexio non conta cun patio cuberto, o cal imposibilita que nos días de choiva poidan desenvolverse actividades ao aire libre, como recreos e actividades deportivas. Por outra banda, o ximnasio necesita melloras urxentes pois é pequeno, está mal iluminado e a carpintería é dificilmente operable para a ventilación e o control lumínico. Finalmente o espazo de usos múltiples é tan pequeno que non permite actividades compartidas entre os diferentes niveis educativos que configuran a escola.

Por outra banda e unha vez que a propietaria do muro exterior do colexio Javier Sensat procedeu ao seu derrubo, cómpre que a Xunta de Galicia remate o peche exterior do centro escolar. Ademais é preciso que atenda a demanda da

comunidade educativa deste centro e cubra o polideportivo para que poida ser utilizado ao longo de todo o ano.

Por todo o anterior, o BNG propón o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que acometa a ampliación do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao e que a cobertura da pista polideportiva sexa unha realidade no inicio do curso 2012-2013.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que complete o peche exterior do colexio Javier Sensat e que cubra o polideportivo.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Agardo que esta moción se aprobe por unanimidade xa que o que imos debater son cuestións xa coñecidas pola Corporación e ademais a exposición do que se solicita está perfectamente clara. O CEIP “Alfonso R. Castelao” sito no barrio de Navia conta cunha forte poboación de xente moza e cada vez se incorporan máis nenos e nenas nas súas primeiras etapas de escolarización. Debido ao incremento de poboación no barrio o colexio CEIP “Alfonso R. Castelao” fica pequeno.

Esta cuestión xa se tratou na Corporación o 28 de xullo de 2008. Hoxe, tres anos despois, a situación é moito máis grave. Ademais o colexio non conta con patio cuberto o que imposibilita que nos días de choiva se poidan desenvolver actividades ao ar libre como son as de recreo, actividades deportivas, etc. Por outra banda o ximnasio non reúne as mellores condicións para o seu uso xa que é pequeno e non é axeitado.

No Pleno de setembro tratamos unha moción do Partido Popular pola que se solicitaba á Corporación que se tomaran medidas urxentes para solucionar problemas de estabilidade do muro pegado ás pistas deportivas no CEIP “Javier Sensat”. Xa naquel Pleno o BNG presentou unha emenda a dita proposta pola que se instaba ao goberno local e á Xunta que se puxeran de acordo para solucionar este problema.

A realidade é que a día de hoxe nin a problemática do CEIP “Daniel R. Castelao”, nin a do “Javier Sensat” resolvéronse e a única razón é a falla de compromiso do

gobierno da Xunta de Galicia cos colexios públicos. Esta é a realidade.

Nós cremos que a día de hoxe os tres grupos da Corporación estaremos de acordo en que as necesidades destes dous colexios públicos son urxentes e que hai que pasar á acción para as resolver e por iso solicitamos da Corporación a adopción do seguinte acordo: “Instar á Xunta de Galicia a que acometa a ampliación do CEIP “Alfonso R. Castelao” e a que a cobertura da pista polideportiva sexa unha realidade no inicio do curso 2012-2013”. Tamén instamos á Xunta de Galicia a que complete o peche exterior do CEIP “Javier Sensat” e a que cubra o polideportivo.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Estamos a falar aquí de dous colexios, o CEIP “Alfonso R. Castelao” de Navia e tamén do CEIP “Javier Sensat” en Alcabre. Cada un ten unha problemática que é en verdade importante.

Sobre o colexio de Navia fala xa o Sr. Alonso do ano 2008, pero tamén no ano 2010 o Grupo Socialista presentou unha moción instando á Xunta a axilizar as obras pendentes en Navia e polo tanto as reformas precisas no CEIP “Alfonso R. Castelao”. O Sr. Alonso describía moi ben os problemas que ten ese centro, problema de capacidade pero tamén de instalacións antigas que algunhas hai que renovar. Daquela a resposta do Partido Popular á dita moción xa foi negativa, votaron en contra aínda que a moción se aprobara polo Grupo Socialista e polo Bloque.

Pasou case un ano e o Partido Popular dende a Xunta de Galicia non fixo nada en Navia. Tivo que acudir hai uns meses o conselleiro ao colexio de Navia, os pais protestaron, reclamaron o patio e tamén os problemas de auga. O conselleiro dixo que si, que arranxarían a auga pero que el non sabía nada. Mentiu descaradamente porque dende a Concellería de Educación se lle remitiran escritos xa no ano 2009 alertando dos problemas de auga que existían no colexio. En calquera caso, aínda que arranxou o tema da auga queda moito que facer en Navia sendo a competencia da Xunta de Galicia.

O mesmo pasa co CEIP “Javier Sensat”. A historia do que aconteceu con respecto ao muro deste colexio aínda é máis esperpéntica porque foi precisamente o Partido Popular de Vigo quen presentou unha moción para que se arranxara. Na correspondente acta recóllese claramente, había dous problemas; un era o do

muro en moi malas condicións dunha propietaria lándante e outro que non había máis muro ca ese. O Concello tiña a responsabilidade de instar á propietaria á derruba do muro e unha vez que estivese o muro derrubado, había que construír un novo.

A Sra. Larriba dixo claramente: “Se os propietarios deciden tirar ese muro loxicamente a Xunta terá que facer muros novos”. Isto está recollido na acta plenaria. Máis adiante volve dicir a Sra. Larriba con respecto a min: “Resolva o seu problema no que ten responsabilidade (a tirada do muro que está en mal estado) e de quedaren sen muro, estarei con vostede en reclamarlle á Xunta a construción dun novo muro”. O Partido Popular dende a súa bancada comprometeuse a instar á Xunta a facer un muro novo.

Os meses pasaron, dende o Concello instouse á veciña a derrubar o muro, o muro derrubouse xa en outubro e non hai muro. Estamos agardando a que a Xunta constrúa o muro no CEIP “Javier Sensat”. O Partido Popular comprometeuse a falar e instarlle á Xunta a que fixera o muro e eu non sei se é porque a Sra. Larriba xa non está aquí e “onde dixeran digo, digo Diego”. Pasaron meses e o muro segue sen se construír. Nestes momentos hai un valado de protección feito precisamente polo Concello para garantir a seguridade dos nenos.

O certo é que nos atopamos unha vez máis con dous colexios nos que a Xunta ten que intervir pero non o está a facer. Falamos de dous colexios como podemos falar dos corenta que existen na cidade de Vigo onde hai moitos problemas nos patios, nas cubertas, nas instalacións, no saneamento, problemas de que cae algunha esquina da estrutura e temos que valar; existen numerosos problemas. O Concello só neste ano investiu dous millóns de euros en reformas nos distintos colexios que son competencia da Xunta de Galicia.

O problema é que a Xunta de Galicia ten fondos porque os recibe dende o Estado para atender aos colexios e á educación pública. O que nos ten que dicir a Xunta de Galicia é onde mete eses cartos porque recibe fondos do Estado para educación, mentres que o Concello non porque non ten esa competencia, a competencia é da Xunta.

Este Concello está facendo un esforzo importante investindo nos colexios, indo moito máis aló do que son as súas competencias porque o importante é a educación, os nosos cativos, os nosos fillos e se hai que arranxar un problema de

auga haberá que o facer aínda que a competencia sexa da Xunta; se caeu un muro como aconteceu o outro día en Valladares e xorden problemas, hai que o arranxar como xa está arranxado, pero as competencias son da Xunta de Galicia que é o que ten que facer e o Partido Popular de Vigo ten que deixar de mirar cara outro lado e que a Xunta de Galicia invista en Vigo.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Felicitar en primeiro lugar á miña compañeira, D^a Alexia Alonso, e desexarlle moita sorte. Tamén a D^a Carmen Silva polas súas novas responsabilidades deséxolle de corazón moita sorte no Parlamento de España.

A Sra. Díaz mencionou á Sra. Larriba e entón teño que contextualizar o que esta comentou neste Pleno.

O 28 de setembro deste ano D^a Elvira Larriba presentou precisamente unha moción comunicando e instando o arranxo do muro apegado ás pistas deportivas do CEIP “Javier Sensat” na que se dicía literalmente: “Os servizos técnicos de Concello informaron da necesidade de levar a cabo a reforma do muro por considerar que non están garantidas as condicións de equilibrio e estabilidade, co consecuente perigo tanto para os alumnos do centro, como para os veciños.

Neste mesmo sentido manifestáronse tanto a Dirección do centro, como a Xefatura Territorial de Educación e puxérono en coñecemento dos responsables do Concello.

O muro non é medianeiro senón propiedade da leira lindeira, polo que o Concello é o responsable de esixir a súa reparación ao titular. En calquera caso ten a responsabilidade subsidiaria ao ser o centro de titularidade municipal.

Xa que logo solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo: Que o máis axiña posible se tomen as medidas necesarias para solucionar os problemas de estabilidade do muro contiguo ás pistas deportivas do CEIP Javier Sensat”.

A Comisión informativa de Economía, Facenda e Educación en sesión do 19 de setembro, por maioría, ditaminou favorablemente esta moción.

Na parte de debate as argumentacións da Sra. Larriba eran as seguintes: “Co colexio “Javier Sensat” se está a producir sen dúbida un agravio. Por unha banda o Concello obriga a que os edificios pasen a preceptiva ITE e neste caso, que están a correr risco os máis de douscentos alumnos deste colexio, vostedes

semellan non ter ningunha présa”.

Continuaba dicindo a Sra. Larriba: “A LOUGA di claramente que o Concello ten a competencia de inspeccionar as obras e tamén de adoptar as medidas necesarias para restaurar a orde urbanística, neste caso un muro que está a caer na zona de xogo dun colexio. Que pasa co decreto de disciplina urbanística que desenvolve a Lei do solo de Galicia que tamén di que as entidades locais han velar polo cumprimento da legalidade e que estas medidas de protección da legalidade urbanística son de exercicio inescusable por parte do Concello? No artigo 5 dise: “En ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde urbanística vulnerada ou a repoñer os bens afectados (...) Vostedes o que queren é que a Xunta fagan un muro novo, pero non sabemos moi ben onde (...) Non sei exactamente que é o que pretenden que faga a Xunta. O certo é que ese muro corre o risco de se caer, pero a cuestión era botarlle as culpas á Xunta de Galicia”.

A situación actual é que se precisa levar a cabo o deslinde de propiedades, centro educativo e terreo contiguo de propiedade privada, por parte do Concello de Vigo e logo se solicitará por parte da Xefatura Territorial de Educación a principios de 2012. Posteriormente estudarase a construción do peche por parte do Concello ou da Consellería, xa que hai que ter en conta que os centros educativos de primaria son propiedade de cada Concello.

En canto á cuberta do polideportivo, non é unha prioridade xa que no centro teñen outras alternativas.

Referíndonos ao CEIP “Alfonso R. Castelao”, en xaneiro de 2012 presentárase unha nova zonificación de Vigo e saberase así a nova área de influencia de cada centro. Posteriormente farase un estudo analizando a situación para comprobar se é ou non precisa a ampliación do centro ou se cobre a demanda con prazas noutros centros.

A cobertura da pista deportiva foi un compromiso do alcalde de Vigo na campaña das eleccións locais.

De todas maneiras tendo que dar prioridade nestes momentos a actuacións máis precisas, vaise chegar a un acordo coa ANPA e coa Dirección do centro para renovar a instalación da fontanería do centro no 2012.

SR. ALONSO PÉREZ: Non se pode ter tanta cara dura como ten o Partido Popular. Non se pode estar continuamente no Pleno da Corporación tirando balóns fóra, facendo que non se decatan dos problemas, dicindo que non é competencia de quen o é e así continuamente. Nesta Corporación temos un cabalo de Troia. A Xunta de Galicia ten aquí corporativos que veñen falar sempre de desculpas cando o seu Partido ten as competencias claras. Non pode ser porque as ANPAs e as direccións dos dous centros teñen moi claras as súas peticións e a Xunta de Galicia coñéceas, o que pasa é que non quere actuar.

No tema do muro do CEIP "Javier Sensat" primeiro había que se poñer de acordo en se o Concello ou a Xunta. O BNG presentou aquí unha moción para que goberno local e a Xunta de Galicia se puxeran de acordo. Unha vez derrubado o muro e que non haxa o problema da seguridade, a Xunta o que ten é que pechar o colexio, a competencia é clara. A Delegación xa se reuniu coa Dirección do centro pero o que pasa é que non están actuando.

O Partido Popular non pode vir aquí dicir outra vez que non sabe. A petición é moi clara. As comunidades escolares están fartas de que a Xunta de Galicia non atenda ás peticións dos colexios públicos.

Acaba de dicir o representante do Partido Popular que como o alcalde prometeu facer a cobertura en Navia, eles xa non a fan. Eu non sei o que prometeu o alcalde, tráeme sen coidado, é unha competencia da Xunta e se o alcalde non cumpre as súas promesas alá el, que as cumpra, pero a competencia é claramente da Xunta de Galicia que ten que saber que en Galicia chove. Ou aínda non o sabe? Parece que non o sabe, non se decata de que en Galicia chove.

O goberno bipartito cubriu a maioría dos polideportivos dos colexios. Temos exemplos nesta cidade como o do "Seis do Nadal", un club deportivo que nace nun colexio público, que tivo o premio ao mellor club deportivo de Galicia porque a través da cobertura dese colexio naceu o Club "Seis do Nadal" de baloncesto e de balonmán.

O Partido Popular tense que decatar de que hai que actuar. Agardo que aquí e agora vote a favor desta moción que é moi clara e moi ben explicada, que a coñece a Corporación . Non sigan facendo de cabalo de Troia, non sigan mirando cara outro lado porque os colexios públicos merecen a atención desta Corporación e se o Partido Popular non o fai, que non veña aquí máis tempo a

desculpase e a dar largas.

Solicitamos que quen ten competencias, que é a Xunta, actúe nos colexios públicos.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, instando á Xunta de Galicia a acometer a ampliación do colexio A.R. Castelao e o peche exterior do colexio Javier Sensat, así como a cubrición das pistas deportivas dos dous colexios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (307) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO DECÁLOGO DE MEDIDAS Á XUNTA DE GALICIA PARA FREAR O DETERIORO DO SISTEMA EDUCATIVO. EXPTE. 325/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de outubro, número 325/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Díaz Vázquez, formula a seguinte moción:

“Dende que Feijóo chegou á Xunta de Galicia o goberno galego, ano tras ano, está realizando importantes recortes na Área de Educación. Só no ano 2011 o recorte foi de 183 millóns de euros. Un recorte que implica unha importante redución de persoal nos centros educativos públicos vigueses, o incumprimento dos investimentos pactados en 2010 para a ampliación dos comedores nos

colexios públicos vigueses ou a eliminación de bolsas e axudas aos nenos e nenas da cidade de Vigo que o precisan. Un recorte que se suma ademais a outras medidas adoptadas pola Xunta como a subida nos prezos das garderías xestionadas pola Xunta, que fan que o acceso á educación sexa cada vez máis difícil para os veciños e veciñas de Vigo.

O Grupo Municipal Socialista está en contra destes recortes realizados pola Xunta de Galicia no ensino vigués, e por iso insta á Xunta de Galicia a que poña freo a estes recortes e que, dunha vez por todas, defenda a educación na nosa cidade.

É por isto, polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia, a que de forma inmediata, poña en marcha o seguinte decálogo de medidas urxentes para frear o deterioro que está a impoñer a propia Xunta no sistema educativo en Vigo e, en especial, na educación viguesa:

1.- Suprimir a instrución 1/2011 da Consellería de Educación que di literalmente "...todas as persoas usuarias do comedor ... que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa, deberán ser excluídas do servizo ... non terán dereito a usar o comedor".

2.- Atender a través das bolsas ou axudas aqueles estudantes que por mor da crise non poidan continuar cos seus estudos ou facer fronte ao pagamento do servizo de comedor.

3.- Asumir a xestión dos comedores escolares dos centros educativos que neste momento están sendo xestionados grazas ao voluntarismo das asociacións de pais e nais.

4.- Realizar de forma urxente as ampliacións de comedores necesarias nos nosos colexios públicos (algunhas delas xa prometidas para o ano 2010) para que ningún centro teña que denegar bolsas de comedor a nenos por falta de espazo ou para que non existan ata tres quendas de comida como está a pasar nalgúns colexios vigueses.

5.- Realizar de forma urxente obras nos colexios que precisan cubertas de patios así como renovar instalacións obsoletas.

6.- Repoñer o profesorado suprimido nos centros educativos da nosa cidade e atender e levar a cabo as substitucións necesarias para atender todas as baixas por enfermidade do profesorado.

7.- Atender ao Pacto Local subscrito en xaneiro de 2006 entre o goberno de Touriño e a Federación Galega de Municipios e Provincias a través do cal a Xunta de Galicia comprometéase a asumir os custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria e que a actual Xunta de Galicia de Feijóo está a incumprir.

8.- Establecemento de bolsas e axudas para o reforzo no aprendizaxe nunha lingua estranxeira, preferentemente o inglés, nunha localidade de fala anglófona.

9.- Establecemento de bolsas e axudas para desempregados vigueses que desexen retomar ou iniciar estudos regrados.

10.- Apostar de forma decidida e con orzamentos polo sistema público vigués e poñer fin ás políticas de continuos recortes que está a aplicar o Sr. Feijóo en materia educativa.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sr. Veloso Ríos, por escrito de data 23 de decembro:

Engadir un punto número 8 co seguinte texto:

“Cumprir o Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento Galego e derogar o decreto 79/2010 do plurilingüismo no ensino universitario, actualmente recorrido perante o TSXG, para establecer que polo menos o 50% das materias se impartan en galego, a lingua propia de Galicia (artigo 5.1. do Estatuto de Autonomía) e se garanta así a competencia lingüística en galego do alumnado”.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dende que chegou á Xunta de Galicia o Sr. Núñez Feijóo foron moitos os ataques cara á educación e sobre todo cara á educación pública. Falamos do recorte do profesorado, recorte de orzamentos, de axudas para programas escolares, supresión de bolsas; falamos de incremento nas taxas de garderías, de atrasos nos pagamentos dos cheques, de supresión de investimentos. Todo isto é clara mostra dun ataque á educación pero sobre todo á educación pública.

Hai algo máis dun mes o Consello Escolar Municipal de Vigo aprobou unha moción na que literalmente se reprobaba a actuación da Xunta de Galicia en materia educativa.

Nos meses que levo como concelleira de Educación e como membro do Grupo municipal Socialista, presentei catro mocións defendendo a educación na nosa cidade e polo tanto instando á Xunta a que faga investimentos e accións educativas na nosa cidade: “Instar á Xunta os investimentos necesarios nos

colexios públicos”, “Retirada do decreto de supresión de axudas ás garderías”, este “Decálogo de medidas contra o deterioro do sistema educativo” e “Crear un fondo de cooperación económica para os concellos” polo que se lles dotase de partida para educación.

Todas as mocións que se presentaron resultaron aprobadas cos votos favorables do Partido Socialista e do BNG, pero en absolutamente todas o Partido Popular de Vigo votou en contra de defender a educación pública na nosa cidade.

O Partido Socialista é moi teimudo e eu máis, por iso unha vez máis presentamos unha moción pola que se insta á Xunta a tomar medidas en favor da educación na nosa cidade e polo tanto en favor dos nosos cativos.

Hai uns días Ana Pastor dicía que ela coidaba que as infraestruturas eran investimentos. Todos dixemos que por fin o Partido Popular recoñece que as infraestruturas son investimentos.

O seguinte paso que ten que dar o Partido Popular é recoñecer que a educación tamén é un investimento. Iso é o que lle falta ao Partido Popular porque para el a educación non é un investimento, é un gasto e por iso en todas as partidas que se están a diminuír nos orzamentos por parte da Xunta de Galicia, unha das máis atacadas é precisamente a de educación; suprímense as bolsas de inglés, as axudas para as garderías, para libros de texto, suprímese profesorado e polo tanto é un dos departamentos que máis sofre o ataque da Xunta de Galicia, moi especialmente en Vigo que precisa desas axudas, das subvencións e tamén deses arranxos nos colexios.

Propoñemos polo tanto aquí un decálogo de medidas para defender o ensino público, o ensino xeral, pero sobre todo para defender aos cativos da nosa cidade.

Relato de xeito resumido ese decálogo. O primeiro punto é suprimir esa Instrución da Consellería de Educación que di que se un cativo non pode pagar o comedor queda sen comer. Vágame Deus, que o neno quede sen comer porque non ten cartos para pagar a súa comida! Pedimos que se suprima esa Instrución. Tamén atender con axudas a aqueles que, xa que non poden pagar o comedor, lles dean unha bolsa para o poder facer.

O problema da xestión dos comedores escolares é que están a ser atendidos polos pais; que os atenda a Xunta de Galicia porque é unha competencia de seu.

As reformas nos comedores escolares da nosa cidade. Hai un compromiso xa do ano 2010 e aínda están sen facer eses comedores escolares. Realizar de forma urxente as obras que precisan os colexios tanto en patios como en instalacións obsoletas. Aínda que aquí xa escoitamos o que acaban de dicir: que non o queren facer.

Repoñer o profesorado suprimido nos centros educativos da nosa cidade. Repoñer esas substitucións porque non se están cubrindo esas substitucións por enfermidade do profesorado da escola pública.

Había un pacto entre Touriño e a Federación Galega de Municipios para que a Xunta fose asumindo progresivamente estas competencias en educación e decidiron non atender a ese pacto. Tamén solicitamos establecer bolsas e axudas para que un alumno poida optar a unha bolsa no estranxeiro. Suprimiron esas axudas mentres que dende Vigo estamos atendendo a 450 rapaces a través desas bolsas. Bolsas e axudas tamén para desempregados que queren iniciar os seus estudos.

En definitiva, o que pedimos é apostar de forma decidida en con orzamentos polo sistema público vigués e así por fin facer fronte ás políticas de continuos recortes que está a aplicar o Sr. Núñez Feijóo en materia educativa.

SRA. VELOSO RÍOS: Como xa explicou na súa intervención a concelleira, Sra. Díaz Vázquez, na defensa do ensino público o BNG sempre estivo presente e sempre fai as reivindicacións para poder garantir un ensino público galego e de calidade para toda a cidadanía en todas as institucións nas que está presente.

O BNG cre firmemente que a educación é un investimento e que en tempos de crise non hai maneira de saír da crise se non facemos investimentos claros e firmes en cuestións como a educación ou a cultura. Ademais nós cremos firmemente no ensino público como a única maneira de garantir a igualdade de dereitos de toda a cidadanía.

O ensino público é o único que realmente atende a todos os nenos e nenas para que poidan ter acceso a un dereito fundamental cal é o dereito á educación, sexan as que sexan as súas condicións económicas, sociais, físicas, familiares, etc. Non así, evidentemente, o ensino privado que ten outra serie de criterios relacionados coa rendibilidade, con cuestións ideolóxicas, relixiosas. Por suposto

que calquera pai ou nai ten dereito a decidir que o seu fillo ou filla estude nun centro onde se segregue e se separe a nenos e nenas, onde se dea unha educación claramente con orientación relixiosa. Pero esa non é a función das administracións públicas. Cos cartos de todos e de todas o que temos é que garantir o acceso ao ensino público, laico e de calidade.

Por suposto estamos de acordo coas dez propostas que presenta o Partido Socialista nesta moción, estes dez puntos para mellorar o sistema educativo en Vigo, para garantir realmente un sistema educativo público e de calidade na nosa cidade.

Pero ademais de estar de acordo con estes dez puntos, ao BNG gustaríanos transformar este decálogo nun endecálogo e por iso propoñemos unha emenda de engadido a estes dez puntos para incluír onde está agora mesmo o punto 8º: “Establecemento de bolsas e axudas para o reforzo na aprendizaxe nunha lingua estranxeira, preferentemente o inglés, nunha localidade fala anglófona”. Gustaríanos introducir un punto que faga referencia xa non só ás linguas estranxeiras, que por suposto son necesarias para o desenvolvemento persoal ou profesional, pero tamén nos gustaría que se recolla neste decálogo a lingua propia de Galicia que si que é certo que cae no esquecemento das reivindicacións para o ensino público, en ocasións tamén do Partido Socialista. Para o BNG esta é unha prioridade.

Redactamos unha emenda cun punto número 8 que diría: “Cumprir o Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento Galego e derrogar o Decreto 79/2010, do plurilingüismo no ensino non universitario, actualmente recorrido perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para establecer que polo menos o 50% das materias se impartan en galego, a lingua propia de Galicia -artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía- e se garanta así a competencia lingüística en galego do alumnado.

No noso país, en Galicia temos dúas linguas oficiais, o castelán e o galego. Ademais segundo o Estatuto de Autonomía no seu punto 5.1 dise que “O galego é a lingua propia de Galicia” e non pode ser que actualmente o alumnado do noso país remate o ensino obrigatorio sen competencia nas dúas linguas oficiais do noso país. Con competencias en castelán pero non suficientes en galego que logo poden dar lugar a que no desenvolvemento da nosa profesión sexamos

incapaces de redactar un texto en galego sen numerosas faltas de ortografía. Nós queremos que o noso sistema público garanta a competencia lingüística en galego e ademais recuperando o consenso logrado no Parlamento Galego cando se aprobou por unanimidade o Plan de normalización lingüística que agora mesmo xa non se está respectando.

Propoñemos esta emenda para aprobar en troques do decálogo o endecálogo en defensa do ensino público na nosa cidade.

SR. RELOVA QUINTERO: Escoitando como se define Galicia, Vigo, dentro do ensino público e o que ten que ver co Partido Popular, parece que estamos no país da familia Adams, algo triste, negro, escuro e cheo de tebras, seguramente tamén con carteis de Alcaldía.

Proponse un decálogo e non unha realidade. De verdade que vostedes soñan de forma obsesiva co Partido Popular e desexan converter os Plenos do Concello en sesións parlamentarias. En definitiva, só pensan en facer oposición á oposición. Esquécense de Vigo, dun programa de goberno e prefiren des-gobernar e enfrontar á cidadanía de Vigo.

O Partido Popular ten moi claro o que é un proxecto e un programa para a cidade de Vigo porque aínda que esteamos na oposición sabemos loitar polos intereses da nosa cidade, por Vigo, con Vigo e para Vigo e dende logo que o ensino público é moi importante. Os tres que falamos hoxe somos profesores do ensino público, coido que ninguén pode dicir que esteamos atacando a defensa do ensino público.

O PSOE debería pensar en presentar iniciativas que melloren a calidade do sistema en troques de obstinarse en entorpecer o actual. Fronte á súa propaganda e promesas incumpridas está a seriedade do presidente da Xunta de Galicia. O Partido Popular está cumprindo. Vostedes non son viables.

Os directores dos colexios públicos, tamén dos concertados, plantaron ao alcalde antes de que comezasen as campañas das municipais, só acudiron dezaioito dos sesenta e catro. Isto está recollido na prensa o día 13.04.2011.

Dende o ano 2009 a Xunta de Galicia investiu en Vigo máis de catorce millóns de euros en obras de mellora, reposición e ampliación dos centros, así como en comedores escolares e colexios novos. Máis do dobre do que investira o goberno

bipartito da Xunta cunha conselleira da mesma cor política ca vostedes.

Podemos facer un relatorio dos centros que se beneficiaron do Plan de mellora de bibliotecas escolares de Galicia, o proxecto Abalar, centros plurilingües, etc. Galicia, Sra. Díaz, ten por primeira vez un sistema de gratuidade real para os libros de texto; ao modelo de préstamo do PSOE, insostible, faltábanlle tres millóns de euros para se executar no ano 2009. O modelo que propón o PP xa existía en comunidades gobernadas polo PSOE, tanto en Asturias como en Extremadura. O noso modelo é máis solidario, xusto e pedagóxico e busca acadar o maior número de familias beneficiarias, beneficiando aos que máis o necesitan segundo a renda. O seu modelo universal é inxusto porque ao non considerar os niveis de renda, axúdase a todas as familias por igual. Agora o sistema beneficia aos que teñen menos recursos.

Melloramos o procedemento de tramitación para que sexa máis áxil para as familias e para a comunidade educativa. Sete de cada dez escolares galegos reciben axudas para os libros de texto, cento setenta euros de axuda total e douscentos cincuenta euros a todos os alumnos de EE.

A Consellería de Educación para o verán de 2011 ofrece posibilidades de participar en estadias formativas tanto en vilas inglesas en Galicia como no estranxeiro: Canadá, Reino Unido, Francia, Portugal e Alemaña. Este ano e malia o esforzo que isto supón no actual contexto da crise económica, haberá por vez primeira prazas para estudantes de FP de Grao superior que teñan un módulo profesional de lingua estranxeira para poderen realizar estadias de semanas en Canadá, Reino Unido ou Francia. En total neste ano son 3.730 prazas de estadias formativas dirixidas ao alumnado de sexto de Educación Primaria, ESO, Bacharelato e FP, o que supón un 40% máis de estudantes que ao inicio da lexislatura.

Os recortes que impuxo o goberno central anterior supuxeron un doloroso 0,3 para a Consellería de Educación, axuste que recaeu fundamentalmente en gasto corrente, non en investimento.

Poderíamos lembrar os grandes investimentos que se fixeron en Vigo, dende a Escola Superior de Arte Dramática, o García Barbón, a ampliación de comedores de ANPAs, etc. Se comparamos o Concello de Vigo con outras cidades en tema de investimentos do Plan E de 2011, no Concello de Vigo só se destinou un 0,6%

para o mantemento dos colexios, Ferrol o 2,6% e no resto das cidades galegas a media foi dun 6%.

Quero lembrarilles unha nova de última hora: “As bibliotecas escolares galegas acaparan case a cuarta parte dos premios nacionais, mentres oito comunidades autónomas quedan fóra do certame”. Esta é unha nova publicada o día 25. “Catro centros educativos galegos son galardoados cos premios nacionais de fomento da lectura de prensa”. Por último “A Deputación de Pontevedra adhírese á rede de dinamización lingüística en colaboración coa Consellería de Educación”.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Paréceme que estamos falando de administracións autonómicas diferentes porque os datos que relatou o Sr. Relova realmente en Vigo non aparecen por ningures. Ao mellor si a Xunta de Galicia atendeu Galicia pero non a Vigo, igual atendeu a Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Ferrol, pero dende logo que a Vigo non o atendeu.

Falou dos carteis. É certo que nos colexios non figura o cartel de Alcaldía, figura o de Xunta de Galicia. Pero iso é o único que hai: o cartel da Xunta de Galicia porque quen se encarga por dentro dos centros realmente é este Concello. Asuman esa responsabilidade. Gastaron os cartos no cartel do colexio que pon Xunta de Galicia CEIP.. o que sexa, pero non atenden ao centro.

Falou o Sr. Relova de investimentos. A miña pregunta é, onde están? Comezou falando do Centro de Arte Dramática, da escola de teatro que foi obra de Touriño. Ese foi precisamente un investimento do Sr. Touriño, foi o seu compromiso e estivo nos seus orzamentos e polo tanto aí está o investimento da Xunta de Galicia en Vigo: dos orzamentos do Sr. Touriño.

Falou tamén da gratuidade dos libros de texto. Foi esta a peor política educativa que se puido facer nun sistema educativo. Tiñamos un sistema no que todos os nenos podían acceder aos libros, era un sistema de préstamo, os libros pasaban dun neno ao outro no colexio. Agora teñen un sistema de cheques para un determinado número de nenos e nestes momentos os cheques que van só á cuarta parte dos nenos custan o mesmo que o sistema que tiñamos antes de gratuidade de libros de texto. Están gastando o mesmo ou máis en atender moitos menos nenos ca os que atendiamos antes.

Pero aquela era unha política de Touriño e había que anular as súas políticas,

entón inventaron o préstamo solidario que sae máis caro porque cada ano hai que comprar un libro cando antes tiñamos un libro que, se lembramos cando eramos pequenos, pasabámolo dun irmán ao outro. Agora en troques diso pásase dun compañeiro ao outro. A maior mostra de solidariedade.

Como dicía antes a Sra. Veloso, na educación é onde se lles mostra aos nenos a solidariedade, aprendéndolles a compartir eses valores. A diferenza está en que para o Partido Socialista a educación son valores, para o Partido Popular non, para el son cartos, significa suspender a política do Sr. Touriño.

Todo o que teño aquí é un *dossier* de prensa de todos os recortes que fixo a Xunta de Galicia en materia educativa dende que estou como concelleira de Educación. Leo algúns: “Educación debe tres millóns de euros polos textos escolares”, “Desmantelamento do IES Manuel Antonio”, “Traballo subirá un 27% os prezos das garderías”, “A Xunta leva sen pagar tres meses os cheques das garderías”, “Para os orzamentos do ano 2011...”

Aceptamos a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda formulada pola concelleira do BNG, Sra. Veloso Ríos, e xa que logo incluír un novo punto á moción presentada co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Instar á Xunta de Galicia, a que de forma inmediata, poña en marcha o seguinte endecálogo de medidas urxentes para frear o deterioro que está a impoñer a propia Xunta no sistema educativo en Vigo e, en especial, na educación viguesa:

- 1.- Suprimir a instrución 1/2011 da Consellería de Educación que di literalmente "...todas as persoas usuarias do comedor ... que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa, deberán ser excluídas do servizo ... non terán dereito a usar o comedor".
- 2.- Atender a través das bolsas ou axudas aqueles estudantes que por mor da crise non poidan continuar cos seus estudos ou facer fronte ao pagamento do servizo de comedor.
- 3.- Asumir a xestión dos comedores escolares dos centros educativos que neste momento están sendo xestionados grazas ao voluntarismo das asociacións de pais e nais.
- 4.- Realizar de forma urxente as ampliacións de comedores necesarias nos nosos colexios públicos (algunhas delas xa prometidas para o ano 2010) para que ningún centro teña que denegar bolsas de comedor a nenos por falta de espazo ou para que non existan ata tres quendas de comida como está a pasar nalgúns colexios vigueses.
- 5.- Realizar de forma urxente obras nos colexios que precisan cubertas de patios así como renovar instalacións obsoletas.
- 6.- Repoñer o profesorado suprimido nos centros educativos da nosa cidade e atender e levar a cabo as substitucións necesarias para atender todas as baixas por enfermidade do profesorado.
- 7.- Atender ao Pacto Local subscrito en xaneiro de 2006 entre o goberno de Touriño e a Federación Galega de Municipios e Provincias a través do cal a Xunta de Galicia comprometéase a asumir os custos de mantemento dos centros de ensinanza primaria e que a actual Xunta de Galicia de Feijóo está a incumprir.
- 8.- Cumprir o Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento Galego e derrogar o decreto 79/2010 do plurilingüismo no ensino universitario, actualmente recorrido perante o TSXG, para establecer que polo

menos o 50% das materias se impartan en galego, a lingua propia de Galicia (artigo 5.1. do Estatuto de Autonomía) e se garanta así a competencia lingüística en galego do alumnado.

9.- Establecemento de bolsas e axudas para o reforzo no aprendizaxe nunha lingua estranxeira, preferentemente o inglés, nunha localidade de fala anglófona.

10.- Establecemento de bolsas e axudas para desempregados vigueses que desexen retomar ou iniciar estudos regrados.

11.- Apostar de forma decidida e con orzamentos polo sistema público vigués e poñer fin ás políticas de continuos recortes que está a aplicar o Sr. Feijóo en materia educativa.

5.3.- (308) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DIVERSAS ACCIÓNS EN RELACIÓN DOA DÉBEDA PENDENTE DO MARCO. EXPTE. 372/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de decembro, número 372/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal Socialista presentou unha moción no Pleno ordinario realizado o pasado 28 de novembro de 2011, referida á débeda contraída pola Deputación de Pontevedra co Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) de 150.000 € dos anos 2009, 2010 e 2011, cun total 450.000 €.

O Pleno acordou: “Demandar da Deputación de Pontevedra que aboe os 450.000 € correspondentes ás anualidades de 2009, 2010 e 2011, que endebeda ao Museo de Arte Contemporánea MARCO de forma inmediata”.

A data de hoxe non se aboou a débeda co prexuízo que para o seu funcionamento lle ocasiona á Fundación MARCO.

Ademais en dito Pleno, o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, e á súa vez vicepresidente da Deputación de Pontevedra, exhibiu talóns bancarios orixinais das cotas de 2009 e 2010, así como a reserva de crédito do 2011 e manifestou que se negan a pagalo.

É un feito moi grave andar con cartos públicos no peto e ir mostrándoos publicamente, son cartos de todos os vigueses e non do Sr. Figueroa nin do Sr. Louzán.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Demandar á Deputación de Pontevedra que aboe de forma inmediata os 450.000 € correspondentes ás anualidades de 2009, 2010 e 2011, que endebeda á Fundación Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO).

Instar ao Pleno da Deputación de Pontevedra a creación dunha comisión de investigación para esclarecer estes feitos.

Instar ao presidente da Deputación de Pontevedra a apertura dun expediente informativo para indagar de onde saíron os talóns amosados polo Sr. Figueroa e quen os custodiaba.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada por escrito de data 23 de decembro polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez:

- 1.- Que se supriman os parágrafos segundo e terceiro.
- 2.- Que se engada un novo parágrafo co seguinte texto:

“Instar á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que se manteñan as achegas ao Museo MARCO de Vigo, xa que son imprescindibles para que continúe o labor cultural que desenvolve.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: No último Pleno o Grupo municipal Socialista presentou unha moción para que a Deputación de Pontevedra, gobernada polo Partido Popular, abóase a débeda dos anos 2009, 2010 e 2011, cun total de 450.000 euros, á Fundación do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A día de hoxe esa débeda non se aboou. Ademais no devandito Pleno deuse unha circunstancia que aos socialistas nos parece un feito moi grave; o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular e á vez vicepresidente da Deputación de Pontevedra exhibiu talóns bancarios orixinais das cotas de 2009 e 2010, así como a reserva de crédito de 2011, manifestando ademais que se negaban a pagar, de feito votaron en contra da moción. Para o Grupo municipal Socialista o feito de andar cos cartos públicos no peto e ir mostrándoos publicamente é un feito moi grave. Son cartos de todos os vigueses e viguesas e non do Sr. Figueroa nin do presidente da Deputación, Sr. Louzán.

Ao longo deste mes o Grupo municipal Socialista reclamou o aboamento destes cartos con denuncias públicas, a través dunha carta ao presidente da Deputación e tamén mediante unha moción presentada para o Pleno da Deputación que se vai realizar o día 30 deste mes.

A moción que presentamos neste Pleno está ben clara: di que paguen esta débeda de tres anos e tamén que se poña fin ás prácticas caciquís de iren cos cartos no peto.

Reiteramos que a Deputación nunca tentou pagar a débeda co MARCO, polo tanto é falso que se tentara pagar. Non pagan porque non queren e dende logo, que un cargo institucional leve no seu peto diñeiro público como se fose de seu, non é o máis edificante.

Con esta moción nós defendemos a Vigo, defendemos un museo como é de Arte Contemporánea que é para os cidadáns desta cidade e tamén defendemos o bo uso e a transparencia dos fondos públicos.

Deseguido o Sr. Rodríguez Díaz procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente esta moción é pertinente. No BNG estamos moi preocupados polo futuro do MARCO, pero o que non temos tan claro é que na Corporación o centro do debate deba ser problemas que afectan á Deputación ou por que trae os talóns aquí o seu vicepresidente. Coidamos que o fundamental, o que máis lle debe preocupar a esta Corporación e á cidade de Vigo é o futuro do MARCO que realmente está en perigo porque as distintas institucións, Xunta, Ministerio de Cultura, Deputación, non están facendo as achegas. Hai un perigo de futuro, non hai unha garantía de futuro para o MARCO. Se a isto lle engadimos que na última reunión da Fundación MARCO o representante de Novacaixagalicia levantouse dicindo que non poderán seguir facendo achegas no futuro, a situación agrávase.

O BNG xa dicía isto nas súas argumentacións cando foi a votación pola bancarización de Novacaixagalicia. Cando o Partido Popular e o Partido Socialista bendicían esta bancarización, unha das argumentacións que utilizou o BNG para se opoñer foi textualmente: "Ponse en perigo a obra social que dependerá en

exclusiva dos beneficios que xere o banco e dos dividendos que se repartan e quen decida como se reparte e que dividendos se reparten non está na obra social, nin lles interesa a mesma". Isto xa o anticipou o BNG cando o Partido Socialista e o Partido Popular apoiaron a bancarización das caixas.

Hoxe padecemos esa situación e polo tanto ao BNG o que lle preocupa é que unha institución como é a do MARCO, un referente cultural en Vigo, en Galicia e no exterior, que no ano 2011 foi visitada por 110.000 persoas estea en perigo pola falla de compromiso. Isto é o que realmente nos preocupa.

Hai que lle dicir ao Sr. Núñez Feijóo que non só existe a Cidade da Cultura en Santiago, que en Vigo tamén hai referentes culturais que hai que apoiar decididamente.

O BNG presenta unha emenda a esta moción que di que se manteña o primeiro parágrafo; que se supriman os parágrafos segundo e terceiro que fan referencia ao debate coa Deputación. Por información da miña compañeira, Sra. Veloso, que é deputada provincial, eu son consciente de que xa o Partido Socialista presentou este tema na Deputación, polo tanto é alí onde a Deputación ten que dar resposta á situación do talón, que a dea e do consideraren oportuno que creen a comisión de investigación.

A emenda do BNG é que se supriman os parágrafos segundo e terceiro e que se lle engada á moción un terceiro que para nós é fundamental: "Instar á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ao goberno do Estado -Ministerio de Cultura, a que manteñan as achegas ao Museo MARCO de Vigo xa que son imprescindibles para que continúe o labor cultural que desenvolve".

Como dicía, para o BNG é fundamental manter o MARCO, é fundamental que Novacaixagalicia siga na fundación apostando por este referente cultural e é importante que todas as institucións das que aparecen as súas achegas no orzamento 2012, achegas que agora están no ar, se comprometan.

SR. FIGUEROA VILA: De entrada falar do regulamento. Gustaríanos que o Sr. Secretario ao igual que defende ao goberno defenda á oposición tamén. No Boletín oficial publicado o venres 17 de setembro de 2010, no regulamento dise: "Cando unha moción sexa tratada polo Pleno non se poderá presentar nova moción sobre o mesmo asunto no prazo dun ano". En calquera caso danos igual

pero, Sr. Secretario, dende a oposición tamén lle pedimos que salvagarde os nosos dereitos.

En canto ao fondo do tema, en primeiro lugar o Sr. Alcalde leva bastante tempo atacando a todas as institucións que non están gobernadas polo Partido Socialista, dálle igual que sexa o Partido Popular, asociacións de veciños, colectivos sociais..., fai un ataque permanente a todo aquilo que el coida que non está dentro da súa órbita política e aí está a hemeroteca e os cidadáns que o poden confirmar.

Cando unha institución está axudando a outra, colaborando, o lóxico é que exista boa relación. Pero aquí non, aquí dáse un ataque permanente. Dende a Deputación nas últimas semanas conseguíuse que polo menos todos os veciños de Vigo saiban que destinou en catro anos 600.000 euros ao MARCO de Vigo. Iso é importante. Dígoo ben para que todos os veciños e veciñas de Vigo o saiban porque estes días me pararon algúns pola rúa e dixéronme que a cantidade anual de 150.000 de achega da Deputación é importante, que non o sabían. Eu quero dicirlle á cidadanía de Vigo que a Deputación destina 150.000 euros anuais ao MARCO de Vigo. Vostedes cando gobernaron no bipartito o primeiro que fixeron foi recortar a subvención ao MARCO, subvención que tivo que recuperar o actual goberno do Partido Popular.

Sr. Rodríguez Díaz, non se pode estar mentindo permanentemente porque o que eu mostrei aquí foron copias dun expediente, como non as vou traer? Teño que argumentar politicamente as mentiras do Sr. Alcalde. Eran fotocopias, copia dun expediente.

Quérolles lembrar que eu son vicepresidente da Deputación e responsable do departamento económico, polo tanto claro que solicitei as copias do expediente para argumentar politicamente. Como non o vou facer? Vou permitir que vostedes sigan enganando permanentemente aos cidadáns? Non.

A Deputación destina 600.000 euros ao MARCO de Vigo, pero non só iso senón que no último mandato destinou trinta e dous millóns de euros ao Concello de Vigo, máis de 5.000 millóns das antigas pesetas á cidade de Vigo, aos vigueses e ás vigueses. Moitos colectivos dos que están por aquí sábeno porque está nos seus expedientes, está na nosa xestión.

O que ocorre co MARCO é que hai unha xestión nefasta que o alcalde de Vigo

como presidente desa institución non é quen de coordinar e de acadar que os seus socios cooperen e busquen o mellor. Iso é o que está pasando ao igual que pasa coa Mancomunidade, coa Fundación Provigo, coa Axencia de Enerxía. Todo isto está pasando na cidade de Vigo por mor da nefasta xestión do alcalde.

Señores do Bloque, cando a Sra. Bugallo retiroulle ao MARCO 150.000 euros gobernaban vostedes en Santiago. Vaian ás hemerotecas porque eu teño aquí os recortes de prensa onde se di que de 300.000 euros que lle daba, a Xunta baixou a 150.000 euros, a diferenza recuperouse agora. Iso é o que fixeron vostedes cando gobernaron en Santiago, polo tanto a calar.

Non me argumenten co Museo de Pontevedra porque este é de titularidade da Deputación.

Vostedes non son os defensores do MARCO. A subvención para recuperar e reconstruír o MARCO deuna un goberno do Partido Popular nos anos 95 ao 99. Por se non o lembran dígolles que foi un investimento de doce millóns de euros que daquela fixo nesta cidade un goberno do Partido Popular, unha xestión dun alcalde do Partido Popular. Ao mellor esquecen vostedes iso tamén porque parece que son defensores de todo.

Vostedes o único que están conseguindo é que institucións que estaban funcionando correctamente agora estean medio arruinadas por falta de xestión. Iso é o que están facendo vostedes.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Non aceptamos a emenda de que se eliminen os puntos segundo e terceiro da moción que presenta o Grupo municipal Socialista. Si aceptamos que se inclúa a proposta que fai o BNG porque o que pide a moción é que se investigue o uso dos fondos públicos. No Pleno pasado aquí mostráronse cheques. Por certo, móstrolles unha fotocopia, está ben feita, é en cor pero é unha fotocopia. Os cheques eran orixinais, ou era que estaban moi ben recortados? Eran fondos públicos que se pasearon por aquí. Maxino que o BNG tamén estará preocupado porque os fondos de todos os vigueses e viguesas anden paseando por aí nos petos de cargos públicos.

Falouse aquí de que agora non hai obra social de Novacaixagalicia pero tamén aquí houbo quen defendeu con moito entusiasmo a fusión de Caixanova con Caixagalicia, como tamén houbo un alcalde que se opuxo en todos os foros,

mesmo na rúa e ningún dos que teño enfronte estaban defendendo a Caixanova e á súa obra social. Vostedes dicían que a fusión era boa e agora se demostra que non o era. O Sr. Núñez Feijóo elaborou unha lei *express* para espoliar Caixanova a Vigo. O PP espoliounos Caixanova e agora temos estes problemas.

O voceiro do Partido Popular segue sen dicir se vai ou non pagar. Di: “Que saiban todos os veciños que a Deputación aporta ao MARCO 150.000 euros”. Onde están? Dixo aquí que non pagaban. A que van destinar os cartos dos vigueses e das viguesas? A outra cousa? Onde están eses cartos de tres anos atrás, 450.000 euros? Vostedes non defenden Vigo, o que fan é espoliar a esta cidade do que ten, fixérono e o seguen a facer.

Para o Museo de Pontevedra destinan vostedes 4.000.000 de euros e 20.000.000 de euros para o campo do Pasarón, nunha cidade de 100.000 habitantes. Estupendo. Esta cidade ten 300.000 habitantes e estanlle a negar vostedes 150.000 euros anuais para o funcionamento dunha Fundación tan importante como é o Museo de Arte Contemporánea.

O certo é que aquí hai unha falla de rigor e de compromiso con esta cidade e ademais e tal como di esta moción, permanentemente. O que queremos é que se investigue na Deputación de Pontevedra como se usan os cartos públicos.

SR. ALONSO PÉREZ: Como se acepta a emenda do BNG votaremos a favor da moción.

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación do punto segundo da emenda, non así ao punto primeiro relativo á supresión da investigación.

O relator da moción non acepta o punto primeiro da emenda polo que a Presidencia non o somete a votación.

VOTACIÓN DO PUNTO SEGUNDO DA EMENDA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DO BNG, SR. ALONSO PÉREZ: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos

membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase aprobar o punto 2º da emenda formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG co texto transcrito anteriormente

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Demandar á Deputación de Pontevedra que aboe de forma inmediata os 450.000€ correspondentes ás anualidades de 2009, 2010 e 2011, que endebeda á Fundación Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO).

Segundo.- Instar ao Pleno da Deputación de Pontevedra a creación dunha comisión de investigación para esclarecer estes feitos.

Terceiro.- Instar ao presidente da Deputación de Pontevedra a apertura dun expediente informativo para indagar de onde saíron os talóns amosados polo Sr. Figueroa e quen os custodiaba.

Cuarto.- Instar á Deputación de Pontevedra, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a que se manteñan as achegas ao Museo MARCO de Vigo, xa que son imprescindibles para que continúe o labor cultural que desenvolve.

5.4.- (309) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO Á XUNTA DE GALICIA O CUMPRIMENTO DO COMPROMISO DE CREACIÓN DUN

XULGADO DE 24 HORAS EN VIGO. EXPTE. 373/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de decembro, número 373/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“As demandas que presenta Vigo en materia de administración de Xustiza, tanto en infraestruturas, como en recursos materiais e de persoal, son unha reivindicación histórica, asumida pola cidadanía e polos colectivos de profesionais e traballadores destes servizos públicos.

Así, vense de confirmar, unha vez máis, coa unánime repulsa suscitada pola decisión da Xunta de Galicia, de adiar o establecemento de gardas de 24 horas nos Xulgados de Instrución, ao retiralo das súas prioridades nas demandas que ten presentadas perante o goberno central para 2012.

A renuncia da Xunta vai en contra da necesidade de alixeirar a carga de traballo que soporta o noso partido xudicial. Este problema fora recoñecido no acordo acadado polos gobernos central e autonómico na primavera pasada e, daquela, o Ministerio de Xustiza aprobara unha partida de 212.000 euros para a implantación do Xulgado de 24 horas na nosa cidade, contando co pronunciamento favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Á lentitude e desgana con que a Xunta ten tratado á Cidade da Xustiza, vese agora confirmada coa falla de interese por parte da Consellería de Presidencia de crear esta inaprazable unidade xudicial, castigando novamente a Vigo e aos seus cidadáns á hora de redistribuír os recursos públicos e ao non atender necesidades que cada día son máis urxentes.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Demandar da Xunta de Galicia que cumpra co compromiso adquirido para a creación dun Xulgado de 24 horas en Vigo e o inclúa novamente como asunto prioritario perante o goberno central para o exercicio de 2012.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: O meu compañeiro de grupo, Sr. Rodríguez Díaz, remataba a moción anterior dicindo que o Partido Popular non apoia nin cumpre con Vigo. Esta moción é un exemplo máis e é evidente que cando se adquiren os compromisos son para os cumprir.

A cidade de Vigo ten demandas e reivindicacións históricas en materia de xustiza, tanto no aspecto material como no de recursos humanos que posibilitan que a xustiza sexa máis eficaz para os cidadáns. Lembro moitos debates neste Pleno sobre o Xulgado do Mercantil, o Rexistro do Mercantil; lembro todos os requirimentos do Partido Popular para que fosen posibles. Ao final demóstrase quen está a favor desta cidade e quen non actúa en favor dela.

Estamos diante dun tema consensuado por todos os axentes sociais, tanto polos axentes políticos, como pola administración de xustiza e por todos os actores que interveñen na xustiza. Hai unha petición concreta que é a dun xulgado de instrución de garda as vinte e catro horas. Esta é unha petición para alixear a carga de traballo, para prestar un maior e mellor servizo da xustiza a todos os vigueses dado que o horario do actual Xulgado de Instrución é só de doce horas, polo tanto a diminución na prestación do servizo é importante.

Falar do compromiso ven porque na primavera deste ano 2011 chegouse a un acordo beneficioso para Vigo, dende o Consello Xeral do Poder Xudicial se lle deu un tratamento á cidade de Vigo mesmo preferente, dado que en principio non poderíamos ter este xulgado, pero se recoñece que a carga de traballo e o que compón o Partido Xudicial de Vigo fan aconsellable que isto sexa así. O acordo é entre a Xunta e o goberno central e ten o informe favorable do Consello Xeral do Poder Xudicial. De feito daquela este acordo convertería a Vigo na primeira cidade de Galicia que tivese este xulgado de vinte e catro horas.

É incomprendible o seguinte paso que deu a Xunta de Galicia cando de súpeto dá unha negativa a este acordo que xa se tiña. A Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, dentro da estratexia de menosprezo a Vigo que é permanente en calquera tema, o que fai é retirar este tema das prioridades que lle presenta ao goberno central producíndose un novo castigo á cidade de Vigo. Non se atenden as necesidades de Vigo. É evidente que cos informes xudiciais de Vigo se demostraba que este xulgado de instrución de vinte e catro horas é necesario, pero o único que se demostra é que estamos perante unha vontade política do Partido Popular de menosprezar á cidade de Vigo e de castigala en todo o que é xusto.

É evidente que por mor do consenso que mencionei produciuse unha reacción fulminante, tanto dos maxistrados de Instrución como dos procuradores, letrados

e persoal da Administración de Xustiza, en favor da decisión que hai escasamente oito meses estaba consensuada. Os estudos seguen avalando esta decisión, todos os actores que mencionei anteriormente están en contra da paralización que realiza a Xunta de Galicia e atopámonos diante da nova situación de que será no mes de xaneiro cando o Consello Xeral do Poder Xudicial volva estudar os informes sobre esta petición.

É necesario que o Pleno desta Corporación manifeste o seu apoio a favor desta decisión. É importante que os concelleiros do Partido Popular estean a favor desta decisión para Vigo porque senón as consecuencias de que non se cre este xulgado de vinte e catro horas repercutirían en todos os cidadáns.

A demanda concreta é que a Xunta de Galicia cumpra co compromiso adquirido para a creación dun xulgado de vinte e catro horas en Vigo e o inclúa novamente como asunto prioritario perante o goberno central para o exercicio de 2012.

Agardamos contar co apoio favorable de todos os grupos a esta petición que o é de todos os cidadáns.

SRA. VELOSO RÍOS: O Bloque Nacionalista Galego por suposto que apoia tamén esta demanda ao igual que leva tempo denunciando as dificultades que pasa o sistema xudicial na nosa cidade.

Hai un desleixo cando menos importante de todo o que son os recursos xudiciais na nosa cidade e especialmente por parte da Xunta de Galicia que ademais demostra unha despreocupación importante por cuestións básicas de atención á cidadanía tamén no caso da xustiza, como pode ser algo tan evidente como os xulgados de Violencia de Xénero. No noso país contamos só con dous Xulgados específicos de violencia, o da Coruña e o de Vigo.

No de Vigo vimos como no verán a Xunta de Galicia tomaba a decisión de recortar os complementos por horas para os funcionarios deste xulgado o que impedía seguir mantendo a tres funcionarios para seguir atendendo polas tardes, cando sabemos que a atención ás mulleres vítimas de violencia require dun horario máis amplo do que pode requirir outro xulgado, como pasa tamén neste caso que se está reclamando este servizo de vinte e catro horas.

Daquela este recorte dos horarios dos funcionarios xustificouse por seren no verán, como se a violencia de xénero collese vacacións. Diante dunha

xustificación tan absurda entendíase que era un recorte que non tiña nada que ver coa estacionalidade, senón que se ía manter como efectivamente se está mantendo agora mesmo porque non se recuperaron os complementos por horas que había antes do verán. Esta é unha historia que ven de longo e que non se soluciona. A proba é o que leva pasando durante todos estes anos coa Cidade da Xustiza en Vigo.

O Bloque Nacionalista no mes de outubro presentou unha proposición non de lei no Parlamento Galego para tentar conseguir un acordo entre o Concello e a Xunta de Galicia para poñer en marcha dunha vez a Cidade da Xustiza. Algo que, como moi ben se explica tamén nesta moción, é un requisito imprescindible para que se vaian solucionando aos poucos os problemas que ten o sistema xudicial na nosa cidade. Daquela o Bloque Nacionalista Galego solicitou do Partido Popular e do Partido Socialista que se chegase á sinatura dun protocolo que por fin eliminase os atrancos para poñer de acordo ás dúas administracións.

Efectivamente, ao final chegouse a un acordo porque na negociación entre os grupos parlamentarios o Bloque Nacionalista Galego solicitou que a solución que se adoptase fose a menos custosa, a máis barata para a cidadanía porque tanto que falamos de austeridade e de recortes necesarios, parece que logo non sabemos onde os hai que aplicar realmente, sempre os aplicamos para prexudicar ás persoas que máis dificultades teñen, a os seres máis febles da sociedade.

Neste caso si se podía aplicar o sentido común, como ao final parece que se vai facer, modificando ese proxecto da Cidade da Xustiza de tal xeito que tanto os terreos como o proxecto van saír máis baratos. Por fin parece que se pode chegar a un acordo para iniciar as obras no primeiro semestre de 2012. Esa foi unha das condicións que puxo o BNG. Por certo, na votación no Parlamento Galego o Partido Socialista abstívose, agardamos que iso non queira dicir nada e que no vindeiro ano se comece a construción da Cidade da Xustiza que, como moi ben se demostra con esta demanda que imos aprobar hoxe a través desta moción, é fundamental e moi necesaria para a cidade de Vigo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Chámanos a atención que agora ao Partido Socialista semella que lle importa falar da xustiza cando leva oito anos no goberno de

España e a xustiza está exactamente igual que estaba; leva catro anos e medio no goberno da cidade de Vigo e todo o mundo sabe que a culpa dos problemas dos xulgados de Vigo tena D. Abel Caballero porque leva case cinco anos para ceder os terreos para que a Xunta poida construír a Cidade da Xustiza e nin sequera se iniciou o alleamento. Primeiro había que modificar o Plan Xeral, agora abonda con modificar o proxecto. Tal e como di o Bloque Nacionalista Galego, agardamos que a principal demanda que ten a cidade en materia de xustiza, que é a Cidade da Xustiza, poida iniciarse no ano 2012.

Con isto nos vai pasar como co AVE. O Sr. Caballero dicía que viría o AVE no ano 2012 e vemos como outras cidades, como Ourense, Pontevedra ou A Coruña, iniciaron os procesos para contar con novas dotacións xudiciais e en Vigo non temos novas dotacións xudiciais nin tampouco AVE. A Coruña, Santiago e Ourense teñen AVE e hoxe Vigo é a cidade máis importante de Galicia é a que está máis lonxe de ter o AVE.

O que teñen que facer, señores do Partido Socialista, é poñerse a traballar, a facer os deberes. Poñan ao dispor da Xunta de Galicia eses terreos. Nos dous anos e medio que leva gobernando, a actual Xunta de Galicia investiu case dous millóns de euros en infraestruturas xudiciais en Vigo: a reforma da Fiscalía, o Xulgado do Mercantil, o novo Xulgado de Primeira Instancia Número Catorce, as obras de climatización dos edificios xudiciais, un novo ascensor para o Xulgado do Mercantil. A isto haille que engadir para o ano que ven 1,5 millóns de euros do edificio do Rexistro Civil que se vai trasladar ao Casco Vello e así quedará novo espazo dispoñible nos edificios dos xulgados da rúa Lalín para poder facer obras mentres vostedes non avancen coa cesión dos terreos. Ademais a Xunta de Galicia segue ano tras ano co seu compromiso de gardar quince millóns de euros no orzamento para construír a Cidade da Xustiza de Vigo.

O que os cidadáns necesitan, o que os profesionais do dereito demandan son máis xulgados de instrución e do social porque unha xustiza que non é rápida, non é xustiza. En Vigo aínda estamos agardando a que o ministro, Sr. Caamaño, que xa marchou, decidira sobre o último xulgado do social, unha demanda da Comisión mixta de Galicia do ano 2010 que quedou non canto do esquecemento. Respecto á moción que nos traen aquí sobre a creación dun xulgado de vinte e catro horas en Vigo; este non é un xulgado máis, senón que é establecer

quendas para que exista actividade as vinte e catro horas do día. Esta dotación de vinte e catro horas só está dispoñible para partidos xudiciais con dez ou máis xulgados. Vostedes saben que Vigo ten oito xulgados de instrución. Foi o propio Consello Xeral do Poder Xudicial quen fixo un informe que di: “Segundo a carga de traballo, comparando Vigo cos outros partidos xudiciais que tamén teñen oito xulgados de instrución (Murcia e Bilbao), Vigo só conta con once actuacións de media ao día, mentres Murcia conta con trinta e unha actuacións de media e Bilbao vinte e cinco actuacións de media.”

Teño que matizar porque ten que quedar ben claro este tema, que non é a Xunta de Galicia quen toma esa decisión, é unha comisión mixta entre o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Xunta de Galicia. Esta comisión mixta xamais adquiriu o compromiso de poñer en marcha a quenda de vinte e catro horas. En ningún dos seus dous informes: nin no do 8 de novembro de 2010, nin no do 1 de decembro de 2011. Neste último di: “Non é prioritario, sen prexuízo de que nunha nova toma de consideración nun momento posterior, vistas as circunstancias obxectivas do momento, puidera poñerse en marcha este xulgado”.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Fidalgo, fala de sorpresas e o sorprendente é vostede. Ten que se estudar un pouco máis os temas porque non pode imputar determinados investimentos que veñen do goberno de España a outras institucións. Os investimentos da Xunta de Galicia en materia de xustiza nesta cidade son cero e todas as actuacións xudiciais foron do goberno central. Está en marcha, está consolidado un plan de modernización da xustiza como xamais houbo na historia deste país e vostede non o pode menosprezar só coa intención de encubrir ao Sr. Núñez Feijóo.

Máis aló desta clase teórica dos dez xulgados e demais que coñecemos porque saíu en prensa, dígolle que a decisión estaba adoptada na comisión mixta, igual que estaban as cantidades, o Ministerio de Xustiza achegaba 212.000 euros para esta quenda de vinte e catro horas e a Xunta 400.000 euros. Vostede só ven aquí encubrir a incapacidade de goberno do Sr. Núñez Feijóo por non atenderen á cidade de Vigo.

As únicas actuacións xudiciais en Vigo realizáronse por socialistas, ben no

gobierno da Xunta, ben no goberno da administración central. Cantas mocións presentaron vostedes sobre o Xulgado e o Rexistro do Mercantil? Esquecéuselle mencionar iso. Era o gran problema xudicial desta cidade que non avanzaba de non teren rexistro e xulgado do Mercantil. Consequiuno este goberno municipal e vostede agora o esquece.

En canto á Cidade da Xustiza vostedes son que teñen que se poñer os deberes e cumprir cos compromisos. Nós estamos agardando polo proxecto básico para que poida ser posible a Cidade da Xustiza. É un compromiso de seu, maximo que non o esqueceu, pero é a maiores. Os culpables de todo o atraso da Cidade da Xustiza son vostedes, vostede o primeiro xunto co anterior concelleiro, Sr. Conde Gil, que votaron a favor dunha moción que falaba da supra-municipalidade deste proxecto para que o pagase a Xunta de Galicia. No mes de xaneiro de 2009, como saben todos os cidadáns, viñeron vostedes aquí para que os terreos os pagase o goberno do Sr. Touriño. Iso é a mostra do que confiaban na vitoria do Sr. Núñez Feijóo. A partir de aí o proxecto atrasouse e cando chegou o Sr. Núñez Feijóo ao goberno dixo que non, que non se ía facer cargo dos terreos.

Polo tanto houbo toda a colaboración deste goberno municipal pola Cidade da Xustiza. O único que fixo algo pola cidade da xustiza foi este goberno. A Xunta de Galicia, como sempre en todo o que ten que ver cando hai que meter a tesoura para recortes, o primeiro sitio onde mira é Vigo. O peor é que coa complicidade de vostedes.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López

Font, demandando da Xunta de Galicia o cumprimento do compromiso de creación dun Xulgado de vinte e catro horas en Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.5.- (310) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO CENTRAL A REALIZAR DIVERSAS ACCIÓNS RELACIONADAS COA COBERTURA SANITARIA. EXPTE. 370/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de decembro, número 370/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“Dende hai algunhas semanas nos chegan informacións e comunicados de diversos sectores sociais que están a xerar grandes dúbidas en torno á cobertura sanitaria aos parados de longa duración. Por este motivo, o grupo municipal do Partido Popular séntese na obriga de tomar posición ao respecto.

A orde do 5 de setembro de 2011, que actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes (PSR) e das persoas que se encontran en situación de desemprego (código 29), naceu para rematar coa suspensión do dereito á asistencia sanitaria que neste colectivo provoca a normativa do INSS.

No ano 2000 separáronse as fontes de financiamento, garantindo o SNS a cobertura da asistencia sanitaria e pasando financiarse a través dos impostos. A día de hoxe, o recoñecemento ao dereito á asistencia sanitaria segue en mans do INSS, o que está a provocar algúns desfases.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno de Corporación que adopte o seguinte acordo :

Instar ao Goberno central a:

- 1.- Unificar os criterios para que o recoñecemento do dereito á prestación sanitaria sexa exercido polos servizos de saúde das CCAA.
- 2.- Que mentres tanto, o INSS comunique aos interesados calquera incidencia relacionada co seu dereito á asistencia sanitaria
- 3.- Que se estableza, no desenvolvemento normativo da tarxeta sanitaria do ISNS, a base de datos común que impida que este dereito estea recoñecido de

forma simultánea por mais dun servizo autonómico.

4.- Que no desenvolvemento da lei 33/2011, do 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, se teñan en conta os criterios anteriores e o financiamento necesario para os servizos autonómicos.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

Emenda presentada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sr. Veloso Ríos, por escrito de data 23 de decembro:

Substituír o texto da parte dispositiva da moción polo seguinte:

“Instar ao Goberno estatal e ao Goberno galego a que garantan un sistema sanitario público, de calidade, gratuíto e universal”.

DEBATE.- SRA. CENDÓN IGLESIAS: Dende hai unhas semanas nos chegan informacións e comunicados de diversos colectivos do ámbito social que transmiten a preocupación dos parados de longa duración con respecto ao que é a súa cobertura sanitaria. Xa no Pleno ordinario do pasado mes de novembro inxustificadamente, ao meu entenderen, fíxose unha crítica ás medidas adoptadas pola Consellería de Sanidade por resolveren precisamente o problema dos parados de longa duración.

Non é fácil entender que sexa o INSS o organismo encargado de recoñecer o dereito á asistencia sanitaria, cando son as propias comunidades autónomas as que prestan a asistencia. Esta é unha rémora histórica do que foi a asistencia sanitaria e a seguridade social no noso país. A Alemaña de Bismarck foi a primeira que deu protección aos traballadores mediante cotizacións para cubrir solidariamente todas as incidencias que podían xurdir porque ata ese momento os traballadores non tiñan ningunha asistencia ao cargo do Estado. A España pre-democrática importou esta medida e creouse o Instituto Nacional da Seguridade Social que, mediante as cotizacións dos traballadores por conta allea, prestaba tanto asistencia sanitaria como pensións de invalidez e xubilación a todos os traballadores, pero só aos traballadores. Posteriormente fóronse incorporando outros colectivos sen que se desvinculara a alta que realizaba o INSS.

No ano 86 a Lei xeral de sanidade definitivamente dálle o dereito de asistencia sanitaria a todos os residentes en España. No ano 2000 desvincúlase o que é a prestación económica, as pensións de xubilación e invalidez, do que é o dereito á asistencia sanitaria, pero non se desvincula administrativamente a alta do INSS.

Eu pregúntome por que a inmensa maioría dos españois seguen pensando que cotizan para ter dereito á asistencia sanitaria cando non é así. Sinxelamente porque por lei é o INSS quen recoñece o dereito. Cando nós accedemos ao noso primeiro posto de traballo o INSS dános unha alta e así é como se nos recoñece a tarxeta. Da mesma maneira que nos dá unha alta no momento de ter o noso primeiro posto de traballo, dános a baixa cando perdemos a prestación de desemprego e hai noventa días de cobertura de asistencia sanitaria e pasados os noventa días esta pérdese, o INSS deixa de recoñecela.

Parece lóxico pois que sexa o INSS o organismo encargado de facer esta comunicación ao traballador porque se a asistencia sanitaria está garantida para todos os residentes, que se lles comunique, que os parados de longa duración non se atopen coa sorpresa ao chegaren ao centro de saúde ou á farmacia, que é o caso de Galicia.

Este é un problema que se produciu en todo o ámbito nacional, podémolo ver nas hemerotecas, pasou en Murcia, Madrid..., en todas as comunidades autónomas. Na súa propia páxina o INSS di que hai unha maneira de resolvelo: incluírse na tarxeta dun familiar ou ben solicitar a tarxeta de persoas sen recursos.

A Comunidade Autónoma de Galicia creou un novo código que é de máis garantía. Ademais destas dúas que se garanten no resto de España, establécese o código 29 que dá cobertura a todos os traballadores que cotizaron un só día no anterior ano, de xeito que non a perdan. Ou sexa, teñen garantía dous anos. Se cotizan por contratos curtos que non lles dan paro, teñen tarxeta sanitaria. Esta paréceme unha medida de bastante garantía que non sei por que se empeñaron en manipular.

Quero deixar moi claro que ninguén queda desprotexido na nosa comunidade, ninguén. A asistencia é universal para todos os residentes. Onde falla o circuíto é na información.

Por todo o dito presentamos esta moción pola que pedimos que se demande ao goberno central que unifique os criterios para o recoñecemento do dereito á

prestación sanitaria.

SRA. VELOSO RÍOS: Evidentemente o problema non é o mesmo para o Partido Popular que para o Bloque Nacionalista Galego. Este non é un problema de información, de que alguén se leve unha sorpresa. Este é un problema de eliminarlle a garantía ao dereito a unha sanidade pública e universal á poboación galega. Esa é a realidade.

A Lei 8/2008, de saúde de Galicia detalla no seu artigo 4 “Titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria”, que o dereito á protección da saúde e á protección sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito de Galicia e de cobertura universal, garáteselles a todas as persoas que residan nos concellos de Galicia. “Ás persoas transeúntes no territorio de Galicia garantiráselles na forma e nas condicións que establece a lexislación vixente, o dereito comunitario europeo e máis os convenios estatais ou internacionais que resulten aplicables, así como a todos os galegos e galegas de orixe ou ascendencia que residindo fóra de Galicia se vexan amparados polos convenios para o efecto, no xeito e nas condicións establecidos neles. Igualmente se lles garante ás mulleres xestantes e aos menores e a todas as persoas a atención sanitaria en situación de urxencia e emerxencia”.

Esta situación sempre foi así, exactamente igual que o que estivo explicando sobre a alta do INSS e resulta que nos mes de outubro se recibe nos centros de saúde un protocolo para aplicar unha Orde do 5 de setembro da Xunta de Galicia, que actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria ás persoas sen recursos ou en situación de desemprego e impón o recoñecemento de seren atendidos nun caso de urxencia baixo o epígrafe de “privados”, facéndolles asinar un recoñecemento de pagamento, é dicir, que se non teñen dereito á asistencia sanitaria segundo o que entende o actual goberno da Xunta, terán que pagar por eses servizos. Iso non é asistencia sanitaria universal que é o que recolle a lei.

O 23 de novembro, fronte á demanda de aclaracións por parte de Carlos Aymerich, voceiro do Grupo parlamentario do BNG, o presidente da Xunta recoñeceu que se estaba dando esta situación e explicou que estaba solucionada porque a desactivación das tarxetas é competencia do SERGAS e se esta

institución recibe unha orde de Madrid se pode negar a facelo, como de feito agora o fixo porque reactivou as tarxetas, tal e como explicou o presidente da Xunta no Parlamento. Outra cousa é que a conselleira despois se empeñase en manter determinadas explicacións un tanto surrealistas como é esta de que depende do INSS ou directamente a de que non era certo.

Si era certo, podíase negar á desactivación e de feito reactivou as tarxetas. Nós ademais solicitamos que se retirase ese protocolo.

Pero isto forma parte dun concepto da asistencia sanitaria universal moi particular que é o que ten o Partido Popular. De feito na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2012, que xa foron aprobados na Xunta de Galicia, hai unha modificación da Lei da saúde pública galega que restrinxe o dereito á protección da saúde a persoas cun tempo de residencia inferior a 183 días. Xa me van explicar tamén se isto é asistencia universal. A escusa: parar o turismo sanitario. Pois miren, non restrinxe as urxencias, ou sexa que non para o turismo sanitario, pero si restrinxe a asistencia sanitaria a moitas persoas, por exemplo a galegas e galegos retornados que non teñan un familiar aquí que os meta na súa tarxeta. Pois ata que non pasen 183 días non van ter dereito á asistencia sanitaria; ou alguén que chegue e non teña recursos para unha asistencia privada e que poida ser ademais unha persoa infecciosa, tampouco vai ter dereito.

A sanidade finánciase cos impostos, incluído o IVE. Cando mercamos patacas estamos pagando sanidade pública. O BNG o que esixe é que se manteña a sanidade pública de calidade e universal en Galicia e en España.

Tamén o Sr. Rajoy anunciou que se ía elaborar un catálogo de servizos públicos básicos, co cal entendemos que haberá outros que non serán básicos para o novo goberno do Estado.

Por iso nós propoñemos substituír a proposta da moción do Partido Popular por un texto que diga: “Instar ao goberno estatal e ao goberno galego a que garantan un sistema sanitario público de calidade, gratuíto e universal”.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: En primeiro lugar quérolle comentar á concelleira do Partido Popular que presenta esta moción, con todo o respecto que sabe que lle teño e ademais o aprecio neste caso, que está fóra de lugar e tempo.

Este grupo que represento está disposto a votar afirmativamente a moción que

vostedes presentan, pero non polas razóns que se relataron. Abondaría sinxelamente a exposición de motivos da moción, pero non polo que vostede relatou porque penso que comete inconscientemente erros fundamentais para a comprensión do problema.

Vostede sabe, Sra. Cendón, que efectivamente como vostede di, o recoñecemento do dereito á asistencia dos traballadores é unha prestación da Seguridade Social, neste caso a través do INSS, pero lles corresponde ás comunidades autónomas, de acordo co Decreto 1088/1989, o proceso de xestión para o recoñecemento do dereito á asistencia nos casos de desempregados de longa duración, persoal sen recursos e estranxeiros.

O problema veu porque, froito do fundamentalismo instalado na Consellería de Sanidade, intentaron rizar o rizo para restar dereitos. Explícollo. Ata o de agora, como dicía a concelleira do Bloque Nacionalista Galego, todo funcionaba ben, independente de que houbera que introducir medidas que eu podo compartir, como as que vostede relatou na moción de que realmente o dereito á asistencia sanitaria non veña condicionado en principio ou maioritariamente pola situación laboral dun cidadán, senón que ten que estar recoñecido máis aló da Seguridade Social, ten que estar recoñecido como un dereito universal. Polo tanto o que habería que reformar é a Lei xeral de seguridade social e pasalo a un recoñecemento *de facto* polo feito de seren cidadán e establecer os mecanismos xerais para que ningunha comunidade puidese facer restricións dos dereitos fundamentais neste caso.

Como dicía antes a concelleira do Bloque, todo funcionaba correctamente, cando un desempregado adquiría a condición de longa duración, é dicir, pasaba dos tres meses, cando ía ao centro de saúde a reclamar asistencia sanitaria, se lle informaba que perdera a prestación do dereito por non estaren traballando, pero naquel mesmo momento de feito se lle arranxaba a situación, nese momento non había discontinuidade na asistencia. Foi precisamente o problema que crearon vostedes a raíz da Orde da Xunta de Galicia do 5 de setembro, que agocha a pretensión precisamente de alongar o tempo do recoñecemento para deixar nun limbo a cidadáns en desemprego de longa duración e non prestar esa asistencia co ánimo de recortar dereitos e facer aforros que son realmente espurios.

Imos dar ás cousas o seu nome. Foi precisamente a alarma social, que non é un

invento de políticos concretos ou de oposicións, son alarmas de cidadáns que ven como van ao centro de saúde, se lles di que non teñen dereito e se lles mete nun proceso administrativo que pode durar dous ou tres meses máis, polo tanto dous ou tres meses máis sen dereito á asistencia sanitaria.

Foi tal a alarma que o propio presidente tivo que corrixir á Consellería de Sanidade e de aí que se modificase o protocolo. É verdade que a partir dese momento no que interveu o presidente corrixíuse e cando un desempregado de longa duración perde o dereito á asistencia, nestes momentos se lle recoñece.

Polo tanto nese sentido apoiamos a moción pero non polo que di vostede, senón porque crearon vostedes un problema que non había e agora veñen para que nós instemos ao goberno. Imos instar ao goberno e apoiamos instar ao goberno central pero noutra orde de cousas, precisamente que o recoñecemento do dereito á asistencia non veña condicionado pola situación laboral, senón como un dereito de todos os cidadáns sen que a orixe sexa a pertenza a un ou outro réxime laboral.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Sr. Rodríguez Escudero, non fomos nós quen creamos o problema. Nós fomos quen adoptamos medidas para o resolver. O que ocorre é que afortunadamente Galicia está por diante doutras comunidades en sistemas de información. Nós temos a tarxeta e a receita electrónica e entón os usuarios cando ían a farmacia, decatábanse de que estaba bloqueada, non tiñan que ir o centro de saúde para se decatar. Noutras comunidades claro que van ao centro de saúde e é onde se decatan, nesta fano antes.

Pero hai tres meses para resolver este problema e se nese tempo o INSS lle pasara comunicación ao usuario, este tería a oportunidade de renovar a súa tarxeta tal e como fai co carné de identidade ou co pasaporte.

Esta comunidade o único que fixo foi crear o código 29 para que as persoas que teñen contratos interrompidos, contratos dunha semana, que deixan de traballar, que volven traballar a semana seguinte ou tres meses no verán, que estas persoas non estean cursando continuamente alta-baixa, que teñan continuidade de dous anos cun só día de cotización. Esta é unha medida de garantía e novidosa que estableceu a nosa comunidade autónoma por riba das outras.

Pero eu lle lembro que aínda que o SERGAS garanta en Galicia a asistencia

sanitaria, nós viaxamos e por iso nola ten que garantir o Estado. Eu coa miña tarxeta podo ir a Zamora ou Madrid e que me presten asistencia. Se o INSS me borra das súas bases de datos, eu coa miña tarxeta galega chego a Madrid e non me atenden. Por iso nós presentamos esta moción.

Vostede sabe tan ben coma min que no mes de outubro lexislouse en Madrid unha nova lei que garante a asistencia sanitaria a todos os residentes, pero esa lei está sen desenvolver. Vostede sabe tan ben coma min que esta lei non lle garante a asistencia sanitaria nin a arquitectos, nin a avogados, nin a outros colectivos porque se desenvolverá como moi pronto no mes de xuño. Imos deixar estes colectivos sen cobertura? Non, temos que lles garantir a todos a cobertura. Esta é a oportunidade de ouro nestes momentos, cunha lei estatal a piques de desenvolver, de que se nos escoite ás comunidades autónomas porque somos as que imos prestar a asistencia sanitaria e temos que ter a mesma asistencia aquí que en Cataluña. Por iso presentamos esta moción que me parece bastante razoable.

Non imos aceptar a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

VOTACIÓN E ACORDO: Con vintecatro votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, e tres votos en contra dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acórdase:
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando ao Goberno Central a realizar diversas accións relacionadas coa cobertura sanitaria, co texto que se transcribe nos

antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (311) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de novembro e 22 de decembro de 2011.

1.2.- (312) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 24 de novembro e 22 de decembro de 2011.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se solicitaron.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (313) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A POSTA EN MARCHA DUNHA ESCOLA INFANTIL NA URBANIZACIÓN CAMBESES. EXPTE. 368/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de decembro, número 368/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“No ano 2007 o Alcalde comprometéase a poñer en marcha na nosa cidade 47 escolas infantís e crear un servizo público de custodia nos colexios. A día de hoxe nin unha escola infantil, nin tampouco ese necesario servizo.

A situación en Vigo é moi complexa debido en parte a que as medidas de conciliación familiar son insuficientes. O número de persoas desempregadas continúa incrementándose e así hai 31.882 parados dos cales 17.355 son mulleres fronte a 14.527 homes. Desde o goberno local débense tomar medidas urxentes para paliar este déficit que repercute negativamente na inserción laboral e no incremento do paro, especialmente na poboación feminina.

Os veciños de Lavadores están a reivindicar a creación dunha escola infantil municipal ante a gran necesidade que padecen debido ao número de habitantes e ás carencias de atención aos menores desa zona.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno Local para que á maior brevidade posible poña en marcha a creación dunha escola infantil municipal na Urbanización Cambeses.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: No ano 2007 o alcalde comprometeuse a poñer en marcha na nosa cidade corenta e sete escolas infantís. A día de hoxe nin unha. Comprometeuse tamén a crear un servizo público de custodia para menores nos colexios.

A situación en Vigo é moi complexa debido en parte a que as medidas de conciliación familiar e laboral son totalmente insuficientes. O número de persoas desempregadas continua incrementándose e así hai 31.882 parados, dos que 17.355 son mulleres e 14.527 varóns.

Dende o goberno local débense tomar medidas urxentes para paliar este déficit que repercute negativamente na inserción laboral e no incremento do paro, especialmente na poboación feminina.

Os veciños de Lavadores están reivindicando dende hai anos a creación dunha escola infantil na zona, diante da gran necesidade que padecen debido ao número de habitantes e as carencias de atención aos menores en Lavadores.

A Asociación veciñal de Lavadores é patrimonio dos veciños, como ben dicía o Sr. Rodríguez Díaz anteriormente, non é un ben municipal, non é unha propiedade do Concello de Vigo e polo tanto non se pode construír aí a escola infantil municipal como pretende este goberno. Os socios patrimoniais non se reuniron, non se lles informou e por suposto non consentiron o cambio de titularidade nin a cesión.

Dende a Concellería de Fomento fan perder o tempo e sobrecargan de traballo aos técnicos deste Concello coa elaboración o “Informe básico de execución de reforma de local en planta baixa para escola infantil de Lavadores, Ramón Nieto 302”. Este informe elaborado nos meses de setembro e outubro non ten ningún fundamento e non se pode levar á práctica pola sinxela razón de que os veciños non aprobaron a moción nin o cambio de titularidade para que este goberno, para que vostedes poidan construír esta escola infantil neste solar. Fíxose un orzamento, fixeron traballar inutilmente aos técnicos deste Concello elaborando un informe do que non coñecemos moi ben a súa utilidade.

Ademais, como ben dicían hai uns momentos os maiores da asociación “VilaGalicia”, estase incumprindo o artigo 7 dos estatutos desta asociación onde vostedes queren facer esta escola infantil que di: “Os socios patrimoniais terán dereito a decidir sobre o patrimonio da asociación”. Como xa dixemos antes o

patrimonio é dos socios patrimoniais da asociación.

Incúmprese tamén o artigo 27 “Aprobacións de plans e proxectos” porque a Directiva ofrece as instalacións da asociación para a construción de dotacións, gardería infantil municipal, sen a aprobación na Asemblea Xeral. Tamén se propón un orzamento de 350.000 euros para algo que está en contra dos estatutos.

Esta escola infantil, señores do goberno, é o apaño de Lavadores patrocinado por Alcaldía. Isto é un apaño porque a propiedade é privada. Os estatutos deixan claro que os socios, os donos da asociación son os que deciden se poñer ou non aí a escola infantil e de momento non o decidiron. Os propietarios non consenten. A conclusión é moi clara: vostedes queren facer ás costas dos donos do solar a escola infantil. Isto é usurpar aos veciños algo que é de seu. O goberno de Vigo quere quitarlles aos veciños de Lavadores algo que é de seu. Infórmoos xa de que o Partido Popular non o vai consentir, vai apoiar a eses veciños que son os donos desa propiedade porque vostedes non poden levar a cabo este proxecto.

O que está pasando co movemento veciñal na nosa cidade é moi grave e o que se demostra unha vez máis é que o alcalde esquece o que significa o movemento veciñal e a democracia participativa. Non poden campar ás súas anchas realizando calquera tipo de actuación sen consentimento dos veciños e dos propietarios.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A hipocrisía política do Partido Popular non ten límites. Acabamos de asistir a como votan en contra para que a Xunta faga as obras que ten que facer no IES “Javier Sensat” e para a ampliación do colexio público de Navia. Votan en contra de mocións que teñen que ver precisamente cunha competencia básica en materia educativa que é da Xunta de Galicia. Agora ben, aquí nos traen unha moción para que o Concello faga un escola infantil.

Lendo a proposta de acordo da moción do PP e logo de escoitar á súa concelleira, non sei que é o que se propón. Aquí non se falou da construción dunha escola infantil na Urbanización de Cambeses que é o acordo e co que nós estamos conformes. Aquí parece que estaba falando de que non se quere que se poña na asociación veciñal.

Os socios patrimoniais da asociación non precisamos que o Partido Popular nos

diga o que temos que facer. Se nos deixan, e nos teñen que deixar decidir, nalgún momento decidiremos unha ou outra cuestión porque efectivamente somos nós, os socios patrimoniais quen temos que decidir e sempre queremos e apostamos claramente pola independencia. É o que dicía eu antes por mor da comparecencia da asociación de xubilados: independencia do movemento veciñal.

Pero efectivamente é unha hipocrisía política que veña agora o PP reclamar unha escola infantil cando gobernando esta cidade Corina Porro e sendo vicepresidente da Xunta Anxo Quintana, asinouse un convenio porque nós cando gobernamos non entendemos de diferentes cores políticas como fan vostedes. Neste convenio contéplase a construción de cinco escolas municipais e tres centros de día a cargo da Xunta de Galicia. Este convenio asinouse por Anxo Quintana e por Corina Porro. Cando vostedes chegaron gobernar á Xunta de Galicia, na primeira xuntanza que a nosa ex-concelleira, D^a María Méndez, tivo co xerente do Consorcio (xerente posto por vostedes) se lle dixo claramente que non se ía construír nin unha nova escola máis, ningún centro de día máis. Esa é a hipocrisía do Partido Popular.

Nós imos apoiar esta moción porque queremos que Lavadores teña unha escola infantil e que se constrúa no sitio máis axeitado que sen ningunha dúbida é na Urbanización de Cambeses, na que para iso hai unha parcela reservada. Agora ben, o seu voceiro mandábame calar antes, dixo que “nós a calar” porque non sei que reducíramos. Non, os que teñen que calar son os membros do Partido Popular e teñen que falar onde deben que é diante do Sr. Núñez Feijóo para que lle dea a esta cidade o que precisa en materia educativa. Deberían calar aquí vostedes e falar cos seus conselleiros e co Sr. Núñez Feijóo porque esta cidade ten necesidades educativas que a Xunta está deixando absolutamente de lado.

Sen embargo imos apoiar esta moción porque nós non facemos como vostedes que votan en contra cando son competencias da Xunta e logo veñen aquí reclamar o que o Concello ten que facer.

Nós imos reclamarlle ao goberno municipal que faga escolas infantís e por iso non permitimos na modificación orzamentaria que desapareceran as escolas infantís previstas porque somos politicamente coherentes, defendemos o mesmo aquí ca o que defendemos cando tiñamos a competencia de gobernar. Eu mesmo

sendo, voceiro municipal, reclameille a D. Anxo Quintana a construción desas escolas infantís e centros de día. Repito que había un convenio asinado por unha alcaldesa do Partido Popular que vostedes agora non reclaman.

A diferenza é que vostedes cando están na oposición falan dun xeito e cando gobernan esquecen todo o demais.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Estou completamente de acordo co que dixo o Sr. Domínguez Olveira, engádome ás súas palabras. Asímbrome o que dixo a concelleira do Partido Popular. A moción que presentou non se parece en nada ao que acaba de dicir porque a moción do Partido Popular fala da necesidade dunha gardería en Lavadores e polo tanto que se poña en marcha a construción.

Malia todas as mentiras que dixo sobre que non se fixo nada e todas esas cousas, en calquera caso a moción do Partido Popular chega moi tarde porque foi precisamente este goberno quen propuxo que se fixera unha gardería en Lavadores.

Vostede di moi ben que os veciños de Lavadores levan moito tempo reivindicando unha gardería. Exacto. Ninguén os atendeu, nin o anterior goberno do Partido Popular, nin os está atendendo agora a Xunta de Galicia. Como moi ben dicía o Sr. Domínguez Olveira, cando se trata de pedir á Xunta de Galicia vostedes agochan a man.

Din vostedes que hai unha carencia de atención aos menores. Si, a Xunta de Galicia non está a atender aos menores desta zona. Polo tanto asuman a súa responsabilidade.

Dixeron que non se fixo nada e iso é mentira. Cando chegamos había catro escolas infantís máis un compromiso de facer máis por parte da Xunta de Galicia como moi ben dicía o Sr. Domínguez Olveira, pero cambiou o goberno e cando pasou isto e deixou Touriño de estar na Presidencia da Xunta de Galicia, veu o Sr. Núñez Feijóo e entón había que romper con todo. Entraron como un elefante nunha cacharreira, racháronse todos os convenios, todos os acordos e todo. Falábamos antes da Cidade da Xustiza, unha máis das moitas que se racharon. Non se construíu nin unha soa escola por parte da Xunta de Galicia, pero por parte deste goberno se se construíu a de Tomás Alonso, a de Casiano Martínez e está en marcha a construción da de Mestres Goldar. Máis de millón e medio de

euros investidos para construír garderías, para atender aos nenos cando tiña que ser a Xunta quen prestara unha atención precisamente a estes nenos.

Non quero entrar máis niso porque o que pasou ao principio deste Pleno realmente o acaba de demostrar a Sra. García Míguez.

Nós fixemos unha proposta en Lavadores onde nos pedían unha gardería. Falamos coa Asociación veciñal de Lavadores que nos dixo que se fixera na asociación. Para nós perfecto, foi unha proposta da asociación e nós atendemos esa proposta para facer esa gardería. Púxose en marcha todo o mecanismo, incluíuse nos orzamentos, orzamentos que por certo o Partido Popular votou en contra de que se fixera unha gardería en Lavadores. En calquera caso nós metemos nos orzamentos que se fixera unha gardería. Iniciáronse os expedientes, estúdanse as posibilidades do edificio vendo se cumpre ou non coa normativa; púxose todo o mecanismo en marcha.

Pero polo medio xurdiu a polémica de que había veciños da asociación que querían a gardería e había os que non a querían. En calquera caso opinións de cada quen que son lexítimas. Pero aínda así nós seguimos co expediente e atopámonos con que dende o punto de vista urbanístico non se pode construír na Asociación veciñal de Lavadores. Visto iso, este goberno xa adoptou o acordo de que non se vai construír na Asociación veciñal. Xa se acordou que non se vai facer aí.

Por iso digo que esta moción chega tarde, moi tarde porque dende hai tempo este goberno está barallando outras opcións nas propias zonas de Lavadores. Este goberno si asume a responsabilidade e a necesidade de que se constrúa un centro para cativos no barrio de Lavadores. Por suposto que nós ao igual que os veciños queremos iso.

Non imos entrar na polémica de se se constrúe nun ou noutro sitio, se están ou non de acordo; non entramos en polémicas internas. A nós se nos fixo unha proposta dende unha asociación que nós estudamos, valorámola con distintos informes técnicos, uns eran a favor e outros en contra. Como nós non apoiamos nada con informes técnicos en contra, adoptamos a decisión de que non. Que fixo o Partido Popular con Finca do Conde? Tiña informes técnicos en contra e seguiu cara adiante. Nós non, atopámonos cun informe en contra e dixemos que non e xa hai meses que estamos valorando outras opcións.

Chega moi, moi tarde. En primeiro lugar porque o de facer unha gardería en Lavadores foi unha proposta deste goberno, pero tamén o foi buscar localizacións alternativas porque na asociación non se podía construír.

Non entendo a moción, non entendo que vostede falara de cousas completamente distintas ás que di a moción e polo tanto teño as miñas dúbidas de se mesmo o que vostede acaba de presentar aquí é legal, se é legal presentar unha moción e falar doutras cousas que non teñen nada que ver con ela.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sra. Díaz, os que chegan tarde son vostedes porque levan catro anos e medio gobernando esta cidade e non fixeron nin unha escola infantil. Non sei se sabe que dende hai moitos anos xa non se lles chama garderías, pero dende logo ese é o interese que ten por un tema tan importante como este que non deixa de ser transcendental como o é a conciliación laboral e familiar. O goberno local non fixo absolutamente nada en catro anos e medio, por iso non falen vostedes de chegar tarde cando a responsabilidade neste caso si é de seu.

Efectivamente o convenio asinado co Consorcio entre Anxo Quintana e Corina Porro, para que se puidese traballar en Vigo nos temas de asuntos sociais, era unha obriga que tiña Vicepresidencia, unha chantaxe a todos os concellos porque aqueles que non firmaban o convenio co Consorcio non tiñan acceso nin a escolas infantís, nin a centros de maiores, nin a centros de día, nin a residencias no seu concello. Iso dóelles porque esa é a realidade.

A realidade é que esa chantaxe que facía Vicepresidencia aos concellos foi o que limitou que Vigo non tivese albergue durante estes catro anos e medio e que tivesen que vir as “Misioneiras do Silencio” solucionarlle o tema ao goberno local porque en catro anos que estivo o bipartito non o solucionaron. Agora ven unha institución relixiosa desas que tanto critican vostedes solucionarlles o problema do albergue de Vigo despois de catro anos e medio gobernando.

A que ven iso de que non falei da moción? O máis importante é que a hai que facer na Urbanización Cambeses e eu pódolles pasar o plano onde queren os veciños de Lavadores, que non vostedes, facer a escola infantil. Neste plano está indicado. Quen de Lavadores quere a escola infantil que pasou hai un mes pola Xunta de Goberno Local? Vostedes non a ían facer na asociación? Cando o

decidiron? Onte? Porque hai un mes o proxecto estaba na Xunta de Goberno e os veciños non pararon de protestar porque vostedes a querían situar alí.

Nós propoñémoslles o mesmo que aos veciños de Lavadores: situala na Urbanización Cambeses. Teñen o uso, teñen todo aprobado e poden facela perfectamente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, quero pedir un minuto de intervención por alusións que neste tema estaban fóra de lugar e a Sra. García abriu un debate.

A PRESIDENCIA: Si estaban fóra de lugar pero prefiro que non interveña. Coido que ten toda a razón, a Sra. García Míguez reabriu un debate sobre a Xunta de Galicia, o albergue... Pero se empezamos agora a contestar non rematamos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A miña solicitude é un minuto para cada grupo.

A PRESIDENCIA: Se os grupos está de acordo, procedemos cun minuto folgado para cada grupo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Só é para dicir que a señora concelleira do PP acaba de deixar en bastante mal lugar á Sra. Porro. Cando a Sra. Porro escoite o que ven de dicir a súa concelleira realmente non lle vai gustar nada. Estalle vostede a dicir que unha alcaldesa desta cidade representante do Partido Popular deixouse chantaxear. Non houbo ningún tipo de chantaxe, o que houbo foi un ofrecemento da vicepresidencia para construír nesta cidade cinco escolas e tres centros de día. Evidentemente a Sra. Porro puido dicir que non pero dixo que si. Nada de chantaxe.

En segundo lugar se esta cidade non tivo un albergue ata agora foi porque un albergue que o BNG deixou construído na Gota de Leite, á Xunta do PP non lle deu a gana de abrílo nunca.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A verdade é que é unha auténtica vergoña que se digan cousas coma as que se acaban de escoitar. Decía moi ben o Sr. Domínguez Olveira que se está a acusar a unha persoa de acceder a unha chantaxe. En

calquera caso o que si está claro é que todo foron mentiras, falacias, a única forma que ten o Partido Popular de saír adiante. É o que está facendo e o que ven de facer.

Non estamos en absoluto de acordo coas palabras que dixo, o único que quere facer o Partido Popular é eludir as súas responsabilidades. Eles teñen responsabilidades en educación, chegaron á Xunta e racharon con todo e agora non saben por onde saír e todo é unha fuxida cara diante. Espero que retire as palabras que dixo e en calquera caso que se poñan traballar.

O do albergue tamén é unha auténtica vergoña que agora digan iso sobre ese tema cando foron moitos anos de traballo e un labor impresionante a que fixo esta concelleira para acadar o acordo dese albergue municipal porque vostedes nunca atenderon aos indixentes desta cidade.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Coido que a Sra. Porro o que fixo foi demostrar que non hai cores políticas na defensa dun ben xeral e de interese público e por iso aceptou asinar o convenio co Consorcio nesas circunstancias. Aceptouno polo ben de Vigo, para que a cidade tivese escolas infantís, centros de día e residencias de maiores. Fíxoo e demostrouno, asinou pactos e acordos con diferentes organismos onde gobernaban outras institucións.

O que nos parece moi importante é que se leve a cabo a escola infantil na urbanización Cambeses porque xa está o solo adaptado para iso.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, instando ao Goberno municipal a posta en marcha dunha escola infantil na urbanización Cambeses, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.- (314) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A MANTER O CONVENIO ASINADO COA ASOCIACIÓN DE

VECIÑOS DE TEIS PARA USO DO CENTRO CÍVICO. EXPTE. 369/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de decembro, número 369/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“A retirada da xestión do Centro Cívico de Teis á asociación de veciños é o segundo ataque que recibe o movemento veciñal de Vigo en pouco máis dun mes por parte do goberno, en minoría, que preside Abel Caballero.

Primeiro foi a Federación Eduardo Chao, cuxo convenio anual foi “salvado” pola proposta conxunta do PP e do BNG no Pleno, e agora son os representantes veciñais de Teis as novas vítimas do goberno de Abel Caballero.

A decisión suporá, segundo os veciños, unha diminución importante de actividades e mesmo de emprego no centro.

A política de relación coas asociacións veciñais parece centrada só na consecución de apoios para o propio Caballero. Ou comigo ou contra min. Non hai termos medios.

Dende que comezou a funcionar o Centro Cívico de Teis, hai nove anos, ningún goberno municipal puxo en dúbida o custo da axuda municipal para a súa xestión a cargo da Asociación de Veciños.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno Local a manter o convenio asinado coa Asociación de Veciños de Teis para o uso e realización de actividades no centro cívico de Teis.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 19 de decembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A PRESIDENCIA: Propoño que se debatan conxuntamente os puntos 4.2. e máis o 4.a.1. de mocións urxentes. Iniciaría o Grupo Popular con cinco minutos, a seguir o Grupo do BNG e Grupo Socialista con cinco minutos cada un, Grupo do BNG con tres minutos e rematar o Grupo Popular con tres, se lles parece ben.

Iniciamos pois o debate conxunto de ambas mocións, logo votaremos a urxencia da 4.a.1., coa intervención do Grupo Popular.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Unha vez máis é o Partido Popular quen trae a este Pleno os problemas de Teis. Fixémolo coas reivindicacións dos afectados do AVE, aínda sen resolver porque vemos que Silvia, unha das afectadas, aínda está desafiuzada, no paro e á que o Partido Socialista arruinou absolutamente a vida. Ten a súa casa chea de *okupas* e súa outra casa teraa que abandonar proximamente.

Tamén trouxemos ao Pleno o problema das instalacións deportivas da ETEA aínda sen resolveren; as demandas veciñais de Teis sobre os parques da Rioux e da Guía e agora imos falar da xestión do centro cívico.

A retirada da xestión deste centro de Teis á Asociación de Veciños é o segundo ataque que recibe o movemento veciñal de Vigo e pouco máis dun mes. Vímolo coa Federación de Asociacións de Veciños e criamos que ese convenio estaba salvado por unha proposta conxunta do PP e do BNG no anterior Pleno, pero agora a quen lles toca sufrir as represalias do Alcalde é aos veciños de Teis.

Esta sorprendente decisión que se lle comunicou este mesmo mes á directiva baséase en privatizar un servizo público e, segundo as contas do Sr. Rodríguez Díaz que ademais adoita facer gala de seren veciño do barrio, aforrar 40.000 euros.

É estraño. Por que o día 2 de setembro, que é cando asina o convenio deste ano, o Sr. Alcalde dicía que as actividades do centro cívico non só eran boas para Teis senón que para toda a cidade e dous meses máis tarde nin sequera quere sentarse falar do convenio de 2012? Dende que comezou a funcionar o centro cívico de Teis hai xa nove anos ningún goberno municipal cuestionou o custe da axuda para a súa xestión. É máis, vostedes no ano 2008 aumentaron o presuposto dese convenio nun 35%.

Este convenio de 55.000 euros e que dá emprego a tres persoas, serve case sinxelamente para pagar o custe deses tres empregados, 48.000€ de custe de salarios.

Atopámonos diante dun retroceso máis na participación cidadá ao pretenderen eliminar o único exemplo da cidade onde un local municipal se xestiona pola asociación de veciños. Que hai de malo en que os veciños xestionen un local que é para eles? Todos os centros cívicos deberían xestionarse así, todos deberían seguir este modelo de xestión.

Cada semana en Teis hai máis de cincocentas persoas nalgún dos trinta e cinco cursos que realizan: cocina, ioga, pilates, corte e confección, adestramento de memoria... Moitos destes cursos son gratis, Sr. Alcalde. Esta xestión, que ademais mantén o centro aberto vinte e cinco horas máis á semana, supón unha experiencia innovadora na nosa cidade que afonda no que vostedes, como goberno municipal, deberían promover e non enterrar: a participación cidadá.

Queren que o centro cívico de Teis acabe coma outros que non teñen ningunha actividade nin programación e que o único que ofrezan son uns ordenadores para uso público? Os veciños están dispostos a sentarse e axustar as cantidades pero vostede, Sr. Alcalde, non quere diálogo, gústanlle os monólogos.

Trátase só dun recorte de gastos con vistas a que cadre o presuposto do ano 2012 do, segundo vostedes “ o Concello menos endebedado de España” ou hai algo máis profundo nesta decisión? Que mal lle fixeron os veciños de Teis? Por que non lles escoita? O autoritarismo non está de moda, non leva a ningures, Sr. Alcalde, aos cidadáns hai que os escoitar.

Por iso o Grupo do Partido Popular pide nesta moción que se manteña o convenio asinado coa Asociación de Veciños para o uso e realización de actividades no centro cívico de Teis.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde e Sr. Concelleiro de Participación Cidadá, as cousas están moi claras e podemos darlles as voltas que queiramos. Ao principio deste Pleno, cando nós lle pediamos que medie nun conflito veciñal, vostede facía argumentacións de que iso era unha cuestión interna, que non nos podíamos meter, etc. Pois resulta que vostedes están a facer algo moi curioso: alí onde hai conflito non nos metemos, miramos cara outro lado; e alí onde non hai conflito e as cousas funcionan ben, imos nós e creamos o conflito.

Sr. Alcalde ou Sr. Concelleiro, vostedes teñen que explicar aquí que queren facer con centro cívico. O primeiro que teñen que facer é explicar cal vai ser a xestión, digan que vostedes queren darllo a unha empresa que xestiona xa os outros centros cívicos. A argumentación dos aforros dos custes non vale, case o 90% do que lle pagaba o Concello nese convenio é precisamente para pagar as nóminas e a seguridade social, os contratos de tres traballadores.

A non ser que vostedes cando falan de austeridade falen igual que da famosa

austeridade do Sr. Feijóo. Agás que vostedes estean pensando en suprimir ese convenio, dar o servizo a unha empresa e que desaparezan eses tres postos de traballo, senón non sabemos de onde se van aforrar eses cartos. Será a custa de que desaparezan eses postos de traballos e a custa de que o centro cívico de Teis non poida estar aberto como está agora mesmo de luns a sábado, en horario de mañá e de tarde. Seguramente vostedes poderán contratar a unha ou dúas persoas que vaian rotando polos distintos centros cívicos.

Explique que quere facer, cal vai ser ou cal pensan vostedes que vai ser a xestión.

Nós imos aprobar a nosa moción e tamén a do Partido Popular que vai na mesma liña. Na nosa moción pedimos que se asine un novo convenio coa asociación veciñal de Teis e imos pedir tamén que, mentres non sexa asinado este novo convenio, o goberno municipal manteña a xestión tal e como está e non tome ningunha medida que supoña algún tipo de cambio.

Facemos este segundo punto, Sr. Alcalde, porque nos estamos acostumando negativamente a que as mocións que aquí se aproban non se cumpran. Logo non reclame vostede da oposición colaboración e negociación para ningún tema cando vostede despreza os acordos desta Corporación Municipal. Logo non veña reclamar que hai forzas políticas que non queren negociar. Nós queremos e temos a disposición de negociar con este goberno municipal todo aquilo que sexa bo para esta cidade, pero o primeiro que ten que facer o goberno municipal e vostede que preside esta Corporación, é facer cumprir os acordos que emanan maioritariamente do órgano máis importante que ten a democracia nesta cidade que é o seu Pleno.

Por que tocar algo que está funcionando perfectamente ben, Sr. Rodríguez? Un centro cívico coma o de Teis que é un espello da vertebración do barrio, de xestión directa por parte dos veciños. En outubro vostedes asinaron o convenio do ano 2011 e nesa sinatura non din absolutamente nada e agora en decembro din que o queren suprimir e que queren facer outra nova xestión. Por que? Iso o que ten vostede que explicar aquí.

Polo que ten manifestado o Partido Popular vaise aprobar esta moción e que saiban os veciños e veciñas de Teis que a maioría da Corporación Municipal, representada no BNG e no Partido Popular, a maioría das formacións políticas que

entre as dúas levamos o voto maioritario desta cidade, saiban que imos votar a favor de que se siga mantendo a xestión do centro cívico. Será responsabilidade dun presidente non cumprir con esa maioría.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Vou empezar polas manifestacións que fixo o Sr. Fidalgo cando di que o Partido Popular unha vez máis está a traer aquí os problemas de Teis. A ver cando trae os investimentos en Teis como fixo este Alcalde, don Abel Caballero, con Sanjurjo Badía, abrindo a ETEA ou con todos os investimentos que se levan feito alí. Cando o Partido Popular traia aquí algo de investimentos terá autoridade para reclamar. Mentres en Teis non fan nada.

Aquí non hai nin ataques nin represalias, vostedes apúntanse a un bombardeo. Á Asociación de veciños de Teis, que ten un convenio anual que remata o 31 de decembro, expúxoselles que por austeridade, por presupostos, non iamos continuar con ese convenio. A Asociación terá toda a súa lexitimidade para facer todas as accións que queira, mesmo a través de vostedes traer aquí a petición de que se manteña, pero tamén hai moitas outras asociacións que nos piden o mesmo.

Sres. do Partido Popular e do BNG, hai máis de trinta e seis asociacións, que non todas están federadas na FAVEC, que desenvolven as súas actividades nos seus locais, cedidos ou en propiedade, pagan a luz, pagan a auga, o mantemento, a vixilancia, os equipos, pagan absolutamente todo, non teñen 55.000 euros a máis e fan actividades, tantas ou máis que a Asociación de Veciños de Teis no centro cívico. Ademais en moitos dos casos non cobran, as actividades son gratuítas. Porque a Asociación de Veciños de Teis, con esta achega de 55.000 euros, cobran os cursos que fan, nalgúns casos máis caros que noutras asociacións onde non teñen este diñeiro. Iso é certo. Polo menos que dean os cursos gratis. Os únicos cursos gratis que hai no centro cívico de Teis son os que fai este Concello.

O centro cívico vai regresar ao público, vai ser unha xestión pública onde vai haber máis actividades das que hai para todos e ademais vai ser un cacho do Concello en Teis, onde os veciños e veciñas van poder facer as súas xestións sen ter que vir ao Concello.

Ímonos abster nesta moción porque xa escoitamos aquí, dalgún dos que hoxe

falaron noutros momentos, que as decisións sobre os presupostos non se toman a través de mocións, tómanse doutro xeito. Imos seguir con este trámite de comunicación á Asociación de Veciños de Teis. Hai centos de veciños e veciñas de Teis que nos piden que regrese o centro cívico ás nosas mans. Será xestionado exactamente igual que os outros tres centros cívicos que, Sr. Fidalgo, déase unha volta por eles e verá toda a actividade que hai neles e tamén nas asociacións de veciños.

A Asociación de Veciños de Teis ten local propio, pode desenvolver nel as súas actividades e tamén poderá seguir facendo actividades no centro cívico de Teis, exactamente igual que fan outras asociacións nos distintos centros cívicos.

Non se pecha o centro cívico de Teis, iso é unha mentira, non se privatiza, alí xa hai unha persoa traballando dende hai nove anos igual que nos outros centros cívicos, polo tanto nada de privatización e non se esquezan que quen máis atende ao barrio de Teis e aos seus veciños e veciñas foi este alcalde, don Abel Caballero, con investimentos millonarios que nunca se tiñan feito por ningún outro goberno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de continuar con este debate e logo de escoitar a don Santos Héctor, que evidentemente acaba de facer un exercicio de falta de respecto total ao que é o Pleno da Corporación que o BNG non lle vai permitir, quero dicir que hai unha moción presentada onde temos anunciado o voto afirmativo do BNG e do Partido Popular e vostede acaba de dicir textualmente "...imos seguir co expediente tal e como o presentamos".

Sr. Alcalde, quero facerlle a vostede unha pregunta diante dos veciños e das veciñas: vai vostede cumprir o acordo que emane desta moción, si ou non?

A PRESIDENCIA: Continúe coa súa intervención, Sr. Domínguez.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non me vai contestar?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Rematou coa súa intervención?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Se non me contesta neste punto o BNG érguese da

sesión e non vai debater ata que sexa o momento de votar.

A PRESIDENCIA: É libre de facer o que queira. Pouco serio o BNG rompendo o regulamento desta cámara e tratando de que funcione de acordo coa súa vontade exclusiva.

Neste intre os tres membros do Grupo municipal do BNG érguense e abandonan o salón de Plenos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Non deixa de nos sorprender o que está a pasar neste Pleno, xa o vimos no Pleno do mes de novembro. Isto é moi grave pero á vez moi serio.

Xa non só polo convenio en si senón polo que hai detrás desta decisión que é tentar dismantelar aqueles colectivos que poidan criticar a xestión do goberno municipal. Ou me aplaudes ou te calas, ou comigo ou contra min. Cando lle criticaba a antiga directiva da Federación de Veciños, vostedes dicían que eran do PP. Agora eu pregúntolle, Sr. Alcalde, tamén son do PP a actual directiva da Federación de Veciños? Tamén é do PP a directiva da Asociación de Veciños de Teis?

Todo o mundo sabe que non pero non por iso van deixar de dar a batalla. Os veciños non se van dar por vencidos, non se van calar, esta cidade caracterizouse sempre pola súa participación e os colectivos alzan a voz cando teñen algo que reclamar. Iso vai ser así sempre, gústelle ou non.

Vostede emprendeu unha campaña de acoso e derruba ao movemento veciñal que non lle fai a onda, ao que si lla fai non, e o Partido popular non llo vai permitir. Primeiro foi a FAVEC e agora os veciños de Teis. Avisámoslles que o Grupo municipal do Partido Popular chegará ao fondo do problema. Esta cidade tivo sempre un movemento veciñal activo e potente pola participación e a pluralidade.

O Alcalde non vai conseguir amordazar nin calar ao movemento veciñal. Imos defenderlles para que teñan voz e se lles escoite naqueles temas importantes para a cidade. A confrontación permanente pola que aposta o Sr. Alcalde e o Partido Socialista levounos deteriorar un tecido social que entre todos tardáramos

anos en consolidar e no que cumprían un papel excepcional as relacións cidadás. O Alcalde está para resolver os problemas, non para crealos e teñen vostedes moitos fronts abertos. Vigo está a atravesar unha situación crítica que non fai falla que expliquemos. Vostede ten a obriga de buscar o diálogo e a cooperación e evitar a situación de crispación e illamento que vive esta cidade coa súa política. Así non imos a ningures.

Sr. Alcalde, xa llo dixo o Sr. Domínguez Olveira, cando rectifica vostede acerta. Non perda o norte, Teis é o norte de Vigo.

A PRESIDENCIA: En todo caso cando as organizacións veciñais non están de acordo con este Alcalde eu non as levo aos tribunais, outros si.

Neste intre e antes da votación, incorpóranse aos seus escanos os tres membros do Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Fidalgo Iglesias, instando ao Goberno municipal a manter o convenio asinado coa Asociación de Veciños de Teis para uso do centro cívico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.a. MOCIÓNS URXENTES

4.a.1. (315) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL Á SINATURA DUN NOVO CONVENIO DOA AVV DE TEIS PARA A XESTIÓN DO CENTRO CÍVICO. EXPTE. 376/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de decembro, número 376/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción urxente:

“Desde hai nove anos, ven funcionando o Centro Cívico de Teis coa xestión a cargo da Asociación Veciñal de Teis. O Centro Cívico de Teis ten constituído un elemento moi importante de dinamización dun barrio como Teis, precisado de actividades e respostas ás demandas veciñais. Este centro está sendo un pilar fundamental para a vertebración do barrio e a coordinación dos colectivos sociais e culturais, xa que nel dánse cita un importante número de usuarios e usuarias, así como para poñer a disposición destes locais para as súas xuntanzas e demais actividades que precisamente o propio barrio demanda.

En todos estes anos, non existiu nin unha soa queixa por parte de ninguén en canto á utilización plural ou á xestión transparente e democrática desta instalación municipal.

O BNG non entende por tanto que o goberno municipal queira agora variar este sistema de xestión argumentando no aforro económico, xa que o convenio que ten asinado o Concello é dun total de 55.000 euros, dos que a meirande parte están dedicados ao pago dos tres traballadores/as que atenden de xeito continuado e en horario de luns a sábado, este centro.

O Grupo Municipal do BNG considera que unha vez máis este goberno municipal, coas súas decisións, está dando pasos atrás na participación democrática e na descentralización administrativa que caracterizou a este concello nos últimos anos. Estamos asistindo ademais a unha certa utilización dos instrumentos que ten o goberno municipal para “castigar” a aqueles colectivos ou entidades que non están de acordo globalmente coas súas realizacións.

O goberno municipal terá que explicar cal é o tipo de xestión que quere levar a cabo neste centro cívico e que moito nos tememos vaia na liña de privatizalo e separar a súa xestión dunha entidade como a asociación veciñal, que representa hoxe en día aos distintos colectivos que configuran o tecido social e cultural do barrio

ACORDO:

1.- O goberno municipal asinará un novo convenio coa Asociación Veciñal de Teis para a xestión do Centro Cívico de Teis.

2.- Mentres non sexa asinado este novo convenio, o goberno municipal manterá a xestión do centro cívico de Teis como se ven realizando até o momento e non tomará ningunha medida que supoña ningún tipo de cambio.”

A presente moción debateuse xuntamente coa moción formulada polo Grupo municipal do Partido Popular sobre o mesmo tema e que figura co número 4.2. da orde do día, transcribíndose o texto do debate no punto citado desta acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbbase a declaración da urxencia da moción.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando ao Goberno municipal á sinatura dun novo convenio coa Asociación Veciñal de Teis para a xestión do centro cívico, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

CUESTIÓN DE ORDE

SR. FIGUEROA VILA: Cuestión de orde. Quero que conste en acta que abrimos un

novo criterio de mocións urxentes e nós imos respectar o regulamento mentres non tratemos dunha vez por todas e coa axilidade que merece, o cumprimento do regulamento e da súa normativa. Repito que a partir de agora, se cada grupo presenta unha moción urxente, estamos en disposición de votar sempre a favor a urxencia, se presente na Xunta de Voceiros ou no Pleno.

Que conste en acta que ese vai ser o criterio que imos adoptar de agora en adiante mentres non se tome unha decisión. Repito que todas as mocións urxentes que se presenten, ben na Xunta de Voceiros, ben no Pleno, o Grupo Popular vai votalas a favor sempre en cando sexa unha por grupo que é o que marca o regulamento.

A PRESIDENCIA: Gracias Sr. Figueroa. O que marca o regulamento é que ten que ser con 48 horas de antelación. Di que se poden someter á votación da urxencia no Pleno todas aquelas mocións que entren con 48 horas de antelación. Non podería ser inmediatamente antes do Pleno. Esta foi presentada coas 48 horas de antelación e por tanto a cuestión a decidir é o criterio. O Grupo Socialista entende que isto é unha situación de urxencia e poden votar a favor ou en contra de acordo con isto.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, nós estamos a dicir cal vai ser o noso criterio porque fixemos unha invitación na Xunta de Voceiros de que entre todos se chegue a un acordo para a aplicación do regulamento en base ás dificultades que temos respecto dalgúns temas puntuais.

A PRESIDENCIA: Estamos dispostos a falar sempre que faga falla.

4.a.2.(316) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO Á XUNTA A MANTER O INVESTIMENTO Á FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR DE VIGO. EXPTE. 381/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de decembro, número 381/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra.

Abelairas Rodríguez, formula a seguinte moción urxente:

“A Fundación Juan Soñador de Vigo, que traballa no ámbito da exclusión social de nenos, adolescentes e inmigrantes mediante o “Programa na rúa” de educación integral e que estaba financiada pola Consellería de Traballo e Benestar, recibiu comunicación da Xunta de Galicia de rescisión do convenio por motivos económicos.

Ante esta situación, o Grupo Socialista propón o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que manteña o investimento en programas de apoio a persoas en exclusión social moderada e severa, xa que se trata de investimento no futuro, neste caso de menores de 13 a 18 anos.

Os recortes non poden afectar ás persoas que máis o necesitan.”

Emenda formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, por escrito de data 26 de decembro:

“Instar á Xunta de Galicia a manter o investimento en programas de atención a familias con problemas cos seus fillos, adolescentes e programas de integración familiar”.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Supoño que todos entendemos a palabra urxente e esta moción preséntase porque, a través da prensa do día 23 de decembro cando xa estaba pechada a orde do día, temos noticia da eliminación dun plan para menores en risco de exclusión.

Xustifícase a urxencia porque dezasete rapaces entre 13 e 18 anos van quedar totalmente desatendidos.

Estou segura de que o Partido Popular, tendo en conta a gran sensibilidade que está a demostrar neste Pleno, vai apoiála. Eu recollo as palabras de todos vostedes pero quero fixarme especialmente no Sr. Relova que falaba do que quería o Partido Popular para Vigo, a defensa dos máis desfavorecidos. O Partido Popular ten claro o que quere para Vigo: un Vigo máis xusto, máis solidario, máis pedagóxico, máis equilibrado... Preséntanse neste Pleno coma os defensores dos dereitos dos máis desfavorecidos.

A Fundación Juan Soñador que traballa no ámbito da exclusión social de nenos, adolescente e emigrantes mediante o programa na rúa de educación integral,

que estaba financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, recibiu a comunicación da Xunta de Galicia de rescisión do convenio por motivos económicos. A mentira ten as patas moi cortas. Espero que demostren aquí a súa gran sensibilidade apoiando este acordo.

A Sra. Abelairas Rodríguez procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Seguramente non saiban o que é o seu labor pero esta é unha fundación que traballa con eses rapaces que están excluídos, que nun sistema educativo teñen problemas de integración social que veñen da súa desestruturación familiar e eses rapaces están atendidos fóra do horario lectivo para axudarlles coas súas tarefas. E non só co que teñen agora senón co que lles ven, porque dunha *plumada* xa lles acaban de quitar un ano de secundaria.

Coido que estes recortes non teñen que vir por aí, demostren esa especial sensibilidade que teñen cara a Vigo, cara aos máis desfavorecidos, para ese Vigo máis xusto e máis equilibrado porque estes rapaces e rapazas tamén son de Vigo.

Hai presentada unha emenda por parte do Partido Popular que aceptamos sempre e cando sexa de adición, non de substitución, porque aquí estamos a falar dun programa concreto.

SRA. VELOSO RÍOS: Neste caso o BNG non se pode pronunciar sobre a emenda do Partido Popular porque está a recibila neste intre. Por suposto estamos a favor da moción que se presenta porque, do mesmo xeito que falabamos antes da educación pública, do propio sistema educativo, da educación formal tal e como a denominamos, entendemos que é un investimento de futuro e que é necesaria a atención a menores que están en situación de risco de exclusión social, polo que a nós tamén nos parece fundamental.

Por iso dende as institucións apostamos por este tipo de medidas e de accións, como por exemplo o convenio asinado no pasado mandato por parte das concellerías de Benestar Social, Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística co Plan comunitario de Teis, onde se desenvolve un traballo realmente

excepcional de atención a rapaces e rapazas que están en situacións económicas, familiares e sociais realmente complicadas. Precisamente este tipo de accións o que lles permite é ter unha oportunidade de poder saír adiante e facer a súa vida co apoio das administracións e por tanto cos cartos públicos, cos cartos de todas e todos, que para iso teñen que estar.

Neste caso esperamos que ese convenio continúe adiante para poder seguir traballando cos rapaces e rapazas dun barrio que ten unha situación socio-económica moi complicada e por iso tamén apoiamos a moción na que se solicita que o Programa na rúa de educación integral que estaba financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, que leva dous anos e medio funcionando, que xa estaba en Coruña e que tamén se desenvolvía en Vigo, siga funcionando.

Por desgracia estamos xa máis que afeitos a oír dicir que este tipo de programas non son imprescindibles, que non van deixar de estar atendidos, pero a realidade é que sabemos perfectamente que isto non é así. Cando estamos a falar de problemas tan serios e graves coma estes, non podemos confiar en que os mecanismos habituais ou xeralistas sirvan para atender situacións tan específicas. Unha situación coma esta ten que se atender con accións específicas coma era esta e que ademais ten demostrado que é unha grande oportunidade para moitos nenos e nenas.

Tamén vimos o venres pasado aos pais, nais e moitas persoas que apoiaron esta concentración que tivo lugar diante dos locais do Programa na rúa para seguir reclamando unha oportunidade para nenos e nenas que quedan desatendidos. Esa é a realidade, por moito que se nos diga que non van quedar desatendidos perden un programa específico para eles.

Imos votar a favor da moción do Partido Socialista e, no caso de aceptar a emenda, votaríamos tamén a favor dela.

SRA. CENDÓN ALONSO: O Programa na rúa da fundación Juan Soñador, realizado nas cidades da Coruña e Vigo, como xa dixo a Sra. Veloso, está destinado a menores, preferentemente adolescentes entre 14 e 18 anos que presentan necesidades na área escolar, social e familiar. É dicir, rapaces con problemas coma absentismo escolar, falla de motivación, hábitos de ocio pouco saudables ou problemas de comunicación familiar, pero todos eles atópanse no seo dunha

familia, ningún deles baixo a tutela da administración.

Trátase por tanto dun programa non asistencial, senón de tipo preventivo que dispón de quince prazas e desenvolvido por un equipo de sete educadores e persoas voluntarias. Este programa víñase financiando a través dun contrato coa Consellería de Traballo e Benestar e "...lamentablemente non terá continuidade o próximo ano por razóns presupostarias...", confesou a propia Consellería. D. Santos Hector, a austeridade da que tanto falamos.

De todos os xeitos a Consellería dixo que dará prioridade a proxectos de carácter máis asistencial que preventivo e con ámbito de actuación autonómico máis que local neste exercicio.

Aínda que o número de usuarios é pequeno, os resultados obtidos foron importantes e moi satisfactorios para as familias. Non pretendemos dicir o contrario. Pero a situación extraordinaria que estamos a vivir, cun brutal incremento de familias desestruturadas e mozos tutelados ou baixo protección, obriga a dotacións extraordinarias en programas imprescindibles e da estricta responsabilidade da administración autonómica, como son os de acollemento ou de integración familiar.

Con isto téntase reducir internamentos e manter aos nenos e adolescentes en ambientes máis normalizados, acadar os obxectivos do plan estratéxico galego da infancia e adolescencia que pretende reducir os períodos de internamento de adolescentes en centros de atención residencial mediante actuacións conxuntas de intervención no núcleo familiar. En definitiva evitar a separación dos menores do seu contorno familiar.

Incrementáronse as partidas presupostarias neste apartado ata 380.000€, isto é un 200%, o que permitirá atender a demanda de cen mozos máis no próximo exercicio. Este incremento produciuse a custa doutros programas menos prioritarios aínda que si importantes, porque hai que falar de prioridades neste exercicio.

Sra. Abelairas, por suposto que nós estamos de acordo en que os recortes non poden afectar aos que máis o necesitan pero presentamos a emenda e non podemos apoiar á súa iniciativa pola razón de que coido que é un problema de redacción e, tal como vostede a presenta, resulta que con este incremento do 200% nos programas que vostede describe, quedaría cuberto o programa do que

estamos a falar. Por iso nós fomos máis aló e presentamos esta emenda que é instar á Xunta de Galicia a manter o investimento en programas de atención a familias con problemas cos seus fillos adolescentes e programas de integración familiar.

Di que non hai programas alternativos pero claro que os hai. Hai o programa de intervención ambulatoria con adolescentes en conflito, programa de atención a familias con problemas cos seus fillos e outros moitos, o propio Concello ten os seus programas.

En calquera caso a min o que me preocupa é que non sei se isto vai ir adiante ou non, pero o que teño claro é que todos estes rapaces que estaban sendo atendidos teñen que continuar con esa atención e por iso hai que buscar unha solución axeitada a cada un deles e, se non prospera o que imos aprobar agora, o que hai que acadar é que estes rapaces non queden desatendidos e que se poidan volver situar nestes programas dos que lle estou a falar.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sra. Cendón, está a falarme dunhas cousas tan estrañas que coído que estou retrocedendo séculos atrás. Estou a pensar en cando hai trinta anos estabamos loitando pola integración dos rapaces, cando queríamos acabar con aqueles centros onde se metía aos rapaces que estorbaban porque tiñan algunha dificultade ou porque tiñan outro tipo de carencias.

Eu non quero volver atrás, falamos dun programa moi concreto que traballa con dezasete nenos e nenos na rúa, nun programa que ten dificultades. Claro que está dentro da familia e nós queremos que siga a estar así. O seu discurso esborrállase, iso de querer ir de esquerdas, de solidarios, etc., non lles vai absolutamente nada.

O Concello de Vigo ten tres programas. A cidade de Vigo está dividida en tres partes: Teis, centro-Calvario e Coia, tres programas de atención, entre eles o comunitario de Teis, que superan tres veces a cantidade miserable que adican vostedes a un programa deste tipo e que agora xa non o van facer. Demostren de verdade o que están a dicir.

Falan de austeridade, falaban de austeridade cando era o convenio co centro cívico e agora falan tamén de austeridade quitándolles a uns rapaces a

posibilidade de poder integrarse na sociedade. Coma eu estou na escola e sei do que estou a falar, voulle contar dúas cousas. Hai familias que teñen moitos problemas polas razóns que sexan, que necesitan a solidariedade e o esforzo de todos e cada un de nós e todo é pouco. Un só rapaz, un só euro, mil euros que invistamos en prevención, evitamos que vaian a outro tipo de historias. Coido que aí de verdade se ve o talante dun grupo político, dun partido. Non nos vendan fume, son a dereita. Punto, non hai máis. Pero non nos veñan falando de solidariedade, equilibrio, estamos con Vigo... demóstreno.

É un programa moi concreto. Acéptolle a emenda coma adición, que non como substitución, porque non queremos que desapareza ese programa concreto. 18.000 euros para dezasete rapaces non é nada para a Xunta de Galicia. Dende o Concello nós triplicamos esa cantidade cos tres programas que temos. Demóstreno, non nolo conten porque non lles cre ninguén. Díxenlles ao principio de todo que a mentira ten as patas moi pequenas.

A PRESIDENCIA: Acepta o Grupo Popular que a emenda sexa de adición?

SRA. CENDÓN ALONSO: Si.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbbase a declaración da urxencia da moción.

Coa conformidade da Sra. Cendón Alonso, a Alcaldía-presidencia somete a votación a emenda presentada como de adición.

VOTACIÓN DA EMENDA PRESENTADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbbase a emenda de

adición presentada pola concelleira do Grupo Popular co texto transcrito anteriormente

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que manteña o investimento en programas de apoio a persoas en exclusión social moderada e severa, xa que se trata de investimento no futuro, neste caso de menores de 13 a 18 anos.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a manter o investimento en programas de atención a familias con problemas cos seus fillos, adolescentes e programas de integración familiar.

5.- (317) FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- (318) FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS, REFERENTE Á CESIÓN DUN LOCAL PARA SEDE DA FUNDACIÓN IGUALARTE.

SRA. VELOSO RÍOS: O venres día 1 de abril, o Alcalde visitou a Fundación IgualArte para rubricar a cesión dunha nova sede na rúa Arquitecto Pérez Bellas e daquela enzalzou o excepcional labor do colectivo que agora terá un lugar moi digno no que desenvolver as súas actividades. Compartimos totalmente aquelas declaracións e de feito asinou un decreto de autorización do uso do local o 25 de marzo, a comunicación recibíuse pola Fundación o 16 de abril e as chaves fóronlle entregadas o 19 de abril.

A partir de aí a Fundación comezou todos os pasos para poder utilizalo, encargou un proxecto de reforma, presentouno na Xunta de Galicia e recibiu autorización para poder desenvolver as súas actividades nese espacio coas reformas feitas, solicitou un préstamo ICO coa garantía de país e nais e usuarios da Fundación polas actividades da Fundación e concedéuselles. Logo, cando solicitaron a certificación que lles pedía o banco, a Alcaldía foi cando comezou dar longas e

non chegaron recibir esa certificación senón que hai relativamente pouco tempo, varios meses logo de ter cedido o uso do local, comunícaselles que por problemas xurídicos non van poder utilizalo.

Como Grupo municipal aínda non hai moito tempo de que tivemos comunicación de que esta cesión se mantiña porque na modificación orzamentaria na que estaba previsto eliminar as partidas para as escolas infantís, una que si se eliminou foi a escola infantil que estaba prevista facer nese local da rúa Arquitecto Pérez Bellas porque se nos confirmaba que era o local cedido á Fundación IgualArte para desenvolver alí as súas actividades, pero a realidade é que a día de hoxe comunicóuselle á Fundación que non se lle pode ceder ese local.

Presentamos esta pregunta e ademais solicitamos que de seren posible se responda agora mesmo oralmente, tendo en conta que hai persoas da Fundación presentes e para que o saiban, porque ademais o principal problema é que a 30 de xaneiro teñen que deixar o local onde están actualmente. Estamos a falar dun centro ocupacional de vinte prazas e de cen familias da nosa cidade que quedamos sen un recurso para os nosos fillos e que, como vostede ben recoñeceu, cumpre un labor excepcional.

O que queremos saber é cal é a solución que se lle ofrece á Fundación IgualArte que agora mesmo literalmente queda na rúa.

A PRESIDENCIA: Gracias Sra. Veloso. A Fundación IgualArte non só ten toda a simpatía senón que todo o traballo que este goberno poida facer para resolver un problema do seu local que non se debe a este goberno. Débese a que o local no que esta magnífica e excepcional Fundación está a facer o seu traballo, local que coñezo ben porque o visitei nalgunhas ocasións, non permite a ampliación coas características de calidade que require ese traballo.

Dende este goberno contraeuse con eles un compromiso de resolver esa situación que mantemos en firme e cando dende ningún outro grupo se trataba de resolver esta cuestión, nós si entramos resolvela. Outros non fixeron nada durante anos e nós, tan pronto tivemos coñecemento, entramos resolver esa situación que se vai resolver. O certo é que os diferentes sitios que fomos buscando atoparon dificultades legais para facer unha cesión de uso durante un

tempo longo porque a lexislación non o permite; de non seren así xa estaría feito. O primeiro local que parecía moi razoable e que á Fundación lle gustaba, cando chegou a hora de facer a cesión, polas súas circunstancias xurídicas non se podía facer esa cesión a trinta ou corenta anos, non lembro agora exactamente, tempo que se requiría para que puideran facer o investimento e que fose amortizado. A partir de aí buscamos un segundo local, ese que vostede dicía, que unha vez que se pediron os informes xurídicos oportunos volvía ter exactamente a mesma dificultade. Neste momento estamos á procura de alugar un local que lle poidamos ceder ata que no momento preciso atopemos un local que lle poidamos dar durante corenta anos para que resolvan definitivamente a situación.

* PREGUNTA DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA, RELATIVA ÁS INTENCIÓNS DO GOBERNO SOBRE O FUTURO DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Hai varios meses e neste mesmo Pleno fixemos unha pregunta sobre cal é o futuro ou cales son as intencións do goberno municipal sobre o Centro de Artesanía Tradicional. Logo diso, hoxe seguimos sen saber absolutamente nada sobre este tema.

Tamén lle pediríamos a resposta agora porque xa que a outra vez non tivemos resposta, que se faga aquí porque tamén hai representantes do alumnado e, realmente e de poder ser, queremos unha resposta máis concreta que a que nos acaba de dar sobre IgualArte.

Temos información de que nin sequera no Museo Liste saben absolutamente nada do que vai pasar con este centro. Vostede dixo publicamente que se reabriría no mesmo sitio e que tería moitas máis actividades.

Pois a día de hoxe a pregunta é clara: cales son os plans do goberno para o CAT, onde se vai abrir, cando e se dependerá ou non definitivamente do Museo Liste.

SRA. SILVA REGO: Teña vostede a seguridade de que o Centro de Artesanía Tradicional vai manter as súas actividades, vanse ampliar e ademais vanse realizar no mesmo local.

É certo que vivimos épocas moi complicadas e nas que é obrigado estudar temas de austeridade e de restricións económicas. Nos presupostos estaban previstas partidas de 240.000 euros para facer fronte ás actividades que se desenvolvían no Centro de Artesanía Tradicional. Dende o actual goberno considerabamos que esas actividades había que mantelas pero que se podían prestar cun custe moito menor e así se vai facer.

Vanse aforrar máis de 100.000 euros mantendo as mesmas actividades porque así o require a situación e como co tempo son as realidades, as realizacións, as que poñen a cada quen no seu sitio, a cidadanía de Vigo verá que non se vai restrinxir nin unha soa actividade pero si vaise reducir un enorme custe.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVA AO USO DUN BAMBÁN ADAPTADO A NENOS CON DISCAPACIDADES NA PARROQUIA DE BOUZAS.

SRA. CENDÓN ALONSO: Teño unha pregunta respecto a un bambán adaptado inaugurado na parroquia de Bouzas que permite aos rapaces con discapacidade ou dano cerebral a súa utilización.

Magnífica iniciativa, dende o PP sempre apoiamos este tipo de iniciativas e de feito fomos os primeiros nas promover, tanto dentro como fóra do goberno. Curiosamente este bambán só pode ser utilizado cun arnés, arnés que se entregou a un só usuario. Dúas asociacións de discapacitados presentaron cartas neste Concello solicitando un arnés que podería estar na Asociación de Veciños de Bouzas para que todos os discapacitados da parroquia puidesen utilizar o bambán.

Aínda non recibiron resposta e é por iso que esta concelleira pregunta: ten a concelleira de Benestar intención de atender a petición? A Asociación de Veciños de Bouzas vai dispoñer de arnés para uso público deste bambán? De non seren así, como garantirá a equidade no uso do bambán adaptado por este Concello?

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non se pode maxinar as voltas que leva dado o bambán pero gracias por permitirme contestarlle.

Esta iniciativa comezou no *facebook*, alguén que estaba preocupado e que tiña un problema de mobilidade mandoulle unha notificación ao Alcalde e empezamos buscar unha solución para ese bambán. Algo tan normal como foi integrar dentro un parque infantil un bambán para un neno que non ten ningunha dificultade e ó seu carón un bambán para un neno que si a ten e que efectivamente ten que levar un arnés. Se este arnés deixámolo alí non duraría nada.

Algo tan normal, tan sinxelo e permítame que lle diga que tan bonito, como foi atender unha petición dunhas persoas que tiñan unha especial sensibilidade. Naquel intre puxemos o bambán e eu mesma díxenlle a nai do neno que gardase o arnés porque ía desaparecer. O bambán pódoo utilizar calquera neno que non teña ningunha dificultade e ninguén llo prohíbe ou tamén se lle pode poñer un arnés como os que levan os cintos de seguridade dos coches e tampouco é para tanto.

O que si é para moito e eu aí si que me retirei discretamente e con bastante enfado, é que logo volveuse inaugurar e a máis con presenza de concelleiros deste Concello. Eu fun invitada e non fun porque se estableceu unha polémica de se o neno ía a non sei que colexio, que se non era de Bouzas... Unha cousa tan absurda que vanme permitir que diga que ata me deu noxo porque era e segue a ser algo moi serio. Non se pode facer demagogia coa debilidade das persoas. Non se pode utilizar este tipo de argumentos nun Pleno dunha cidade que se prece.

Si me preocupe e fun preguntar á Asociación de Veciños para saber que era o que pasaba en Bouzas, se era verdade que se ían facer cargo do arnés e ía ir alí a xente buscalo para poder utilizar o bambán e comenteillo á concelleira. Non sabía absolutamente nada. Hai unhas diferencias de criterio entre unhas persoas e eu non entro, non fun a esa re-inauguración, asegúrolle que se hai necesidade do poñer noutro sitio seguirei pelexando para que todos os nenos teñan as mesmas oportunidades pero non entro en ningún tipo de discusión nin de debate aproveitando a debilidade de ninguén.

Neste caso dáme igual a que colexio vai o neno, como se vai a Santiago. Respectemos a liberdade das persoas.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. ARAÚJO PEREIRA, EN

RELACIÓN COA TARXETA DE ACCESIBILIDADE DOS USUARIOS DO TRANSPORTE PÚBLICO DE VIGO.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A miña pregunta está relacionada coa tarxeta de accesibilidade dos usuarios para o transporte público. Dende hai algúns meses estanse a recibir queixas no noso grupo municipal dalgúns cidadáns con minusvalía que solicitan a tarxeta de accesibilidade para os usuarios do transporte público que figura nos impresos deste Concello e non están a recibir resposta ás súas solicitudes.

Por isto preguntamos cal é o motivo polo que as persoas con discapacidade que solicitan esta tarxeta non a están a recibir e se se vai producir algún cambio na tramitación destas solicitudes.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias Sr. Araújo. Informaráselle por escrito.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. RELOVA QUINTERO, EN RELACIÓN COA INAUGURACIÓN DA RÚA “JOSEFA ESTARQUE VILA”.

SR. RELOVA QUINTERO: Sendo Xesús López concelleiro, adicouse unha rúa a dona Josefa Estarque Vila, ex-directora do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Esta señora decatouse de que esta rúa existía por unha amiga á que puxeron unha multa na rúa con ese nome e quería saber se se lle vai informar de que esta rúa existe, onde está e se se vai inaugurar de forma oficial.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVA Á TRAMITACIÓN DOS BONOS-TAXI.

SRA. CENDÓN ALONSO: O meu rogo é relativo ao bono-taxi. A subvención anual destinada a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado ás persoas

con discapacidade no presente exercicio tivo un atraso inxustificado na súa tramitación que levou a que os beneficiarios, no canto de poder utilizalos todo o ano, só os puideran utilizar concretamente cinco meses.

As bases reguladoras e a convocatoria aprobáronse pola Xunta de Goberno no mes de marzo de 2011, cun prazo de presentación de solicitudes ao longo do mes de abril e inexplicablemente non se lles comunicou aos usuarios ata o mes de xuño. Se temos en conta que a validez das tarxetas emitidas caducaba a pasada semana, só cinco meses dos doce en que podían ser utilizadas.

O meu rogo é a axilización dos tempos na tramitación para os beneficiarios do bono-taxi no presente exercicio, que a Xunta de Goberno poida aprobar as bases no mes de xaneiro porque xa están establecidas do ano anterior, e que no mes de febreiro poidan estar gozando do bono-taxi os usuarios.

A PRESIDENCIA: Cando faga a seguinte moción sobre ese tema tomaremos nota.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.